

Número 13 - Ano 2021

ACTA

da sesión Ordinaria, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

25 de novembro de 2021

No Salón de Sesións do Excmo. Concello de Lugo, sendo ás dez horas e cinco minutos do día vinte e cinco de novembro de dous mil vinte e un; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnen os concelleiros e concelleiras DON RAMÓN CARBALLO PÁEZ; DONA MARÍA CARMEN LÓPEZ SILVA; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DONA BEATRIZ ISABEL VÁZQUEZ BELDA; DON MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ; DONA SAGRARIO SÁNCHEZ RAMIL; DON ÓSCAR POY FRANCO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA MARÍA CRISTINA ABADES MARTÍNEZ; DON MANUEL RAFAEL PÉREZ-PRADOS; DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde da Área de Gobernanza, Economía e Recursos Humanos; DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Cohesión Territorial; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cohesión e Dinamización Social; DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBAN, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes; DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores; DONA SILVIA ALONSO PÉREZ, Concelleira Delegada de Muller e Igualdade; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; DON FELIPE RIVAS JORGE, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento; DONA MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ e DON JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

Non asiste DON ÁLVARO SANTOS RAMOS que xustificou a súa ausencia.

Dá fe do acto o Vicesecretario da Corporación, don Justo Díaz Rodríguez, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Manuel Vázquez Fernández.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3655669572924672944.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-11-2021

A presente sesión foi convocada por resolución da Alcaldía de data 22 de novembro de dous mil vinte e un e notificada por secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DÍA:

1/141 APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O DÍA 30 DE SETEMBRO, Á SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA O DÍA 14 DE OUTUBRO E Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 28 DE OUTUBRO DE 2021.

A) PARTE RESOLUTIVA

INTERVENCIÓN

2/142 EXPEDIENTE EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 14-2021. REPARO 57-2021.

3/143 EXPEDIENTE EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 15-2021.

PROTOCOLO

4/144 OUTORGAMENTO DAS MEDALLAS DE OURO DA CIDADE DE LUGO 2021 AOS SERVIZOS MUNICIPAIS DECLARADOS ESENCIAIS E AQUELES SERVIZOS QUE SEN SER DECLARADOS ESENCIAIS DESEMPEÑARON O SEU LABOR PRESENCIALMENTE DURANTE O PRIMEIRO ESTADO DE ALARMA

PROPOSICIÓN

5/145 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 348/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A ADHESIÓN DO CONCELLO DE LUGO Á CAMPAÑA DE ANTENA 3 NOTICIAS E FUNDACIÓN MUTUA MADRILEÑA "MUNICIPIOS CONTRA EL MALTRATO" (Exp. 2021/G004/000931).

6/146 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 349/2021 DE REXISTRO DE PLENO, EN APOIO DO SECTOR LÁCTEO (Exp. 2021/G004/000933).

7/147 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 378/2021 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA AO 'PLAN DE ACTUACIÓN URXENTE PARA O BARRIO DA RESIDENCIA' (Exp. 2021/G004/000952).

8/148 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 379/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA

A INCLUIR NOS PGE 2022 A NOVA COMISARÍA DE POLICÍA NACIONAL (Exp. 2021/G004/000953).

9/149 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 381/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE PROCEDA DE XEITO INMEDIATO A ABRIR AS LISTAS DE EMPREGO DO CONCELLO DE LUGO (Exp. 2021/G004/000954).

10/150 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 382/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A AXILIZACIÓN DA RESOLUCIÓN DE LICENZAS E A ADHESIÓN DO CONCELLO DE LUGO Á REDE 'CONCELLOS EMPRENDEDORES, DOING BUSINESS GALICIA' (Exp. 2021/G004/000955).

SOLICITUDES COMPARENCIA

11/151 SOLICITUDE DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 350/2021 DE REXISTRO DE PLENO, DE COMPARENCIA EN PLENO DO CONCELLEIRO DELEGADO DE XUVENTUDE E DEPORTES, DON MAURICIO VITORIO REPETTO MORBAN, PARA EXPLICAR AS XESTIÓNS REALIZADAS RESPECTO Á HOMOLOGACIÓN DO PAVILLÓN DE O PALOMAR (Exp. 2021/G004/000928).

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

12/152 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 19 DE OUTUBRO DE 2021, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (Exp. 2021/G004/000930).

TESOURERÍA

13/153 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2021.

INTERVENCIÓN.

14/154. DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN ECONÓMICA DO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2021.

C) DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

A) PÉSAME POLO FALECIMENTO DE DON DARÍO XOÁN CABANAS YARES.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3655669572924672944.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-11-2021

- B) DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER.

ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

- A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 383/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA AMPLIACIÓN DO VIAL DE SANTOÍÑO (PIÚGOS).
- B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 384/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE IMPLANTEN PRAZAS DE APARCAMENTO E CARGA E DESCARGA NA RÚA MONTEVIDEO E BOLAÑO RIVADENEIRA.

Aberto o acto, a Presidenta, **DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ** sinala:

Bos días a todos e a todas.

Hoxe o Pleno ordinario de novembro coincide no 25N, polo tanto gustárame empezar recordando unhas cifras. Son 1.118 mulleres asasinadas dende que temos cifras oficiais, 66 delas en Galicia; 44 nenos mortos tamén a man dos verdugos. Segundo di a prensa de hoxe, son 4.000 mulleres en risco alto por violencia machista. Estas cifras son inadmisibles, inaceptables nunha sociedade democrática, porque cando falamos de cifras detrás de cada unha delas hai un nome de muller, unha muller que foi asasinada polo único feito de ser muller.

Polo tanto, antes de dar comezo á sesión ordinaria, máis aló de que hoxe temos a declaración institucional aprobada por unanimidade por todas as forzas políticas, gustárame en recordo e en recoñecemento destas mulleres e das súas familias iniciar o Pleno cun minuto de silencio.

(Rematado o minuto de silencio, os asistentes aplauden)

Pois sempre libres e vivas.

A continuación éntrese no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:

1/141 APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O DÍA 30 DE SETEMBRO, Á SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA O DÍA 14 DE OUTUBRO E Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 28 DE OUTUBRO DE 2021.-

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vista a proposta da Secretaría do seguinte teor literal:

"O día 30 de setembro do presente ano o Excmo. Concello Pleno celebrou a súa sesión ordinaria correspondente ao citado mes, o 14 de outubro celebrou sesión extraordinaria e urxente e o 28 de outubro a súa sesión ordinaria. Das citadas tres sesións levantáronse as correspondentes actas que, unha vez transcritas as intervencións nelas producidas e ultimada a súa redacción, foron asinadas polo Secretario Xeral do Pleno e pola Alcaldesa Presidenta da Corporación.

Por todo o exposto, propónse a adopción dos seguintes acordos:

Aprobar as actas correspondentes ás sesións celebradas polo Excmo. Concello Pleno os días 30 de setembro (ORDINARIA), 14 de outubro (EXTRAORDINARIA E URXENTE) e 28 de outubro (ORDINARIA) do presente ano 2021."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 24 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA APROBAR** as actas correspondentes ás seguintes sesións celebradas pola Corporación Municipal:

- Sesión Ordinaria celebrada o día 30 de setembro de 2021.
- Sesión Extraordinaria e Urxente celebrada o día 14 de outubro de 2021.
- Sesión Ordinaria celebrada o día 28 de outubro.

A) PARTE RESOLUTIVA

INTERVENCIÓN

2/142 EXPEDIENTE EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 14-2021. REPARO 57-2021.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3655669572924672944.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-11-2021

1. PROPOSTA DA ALCALDESA PRESIDENTA do seguinte teor literal:

**“Asunto: Tramitación Aprobación de Facturas
Fase do Gasto: Recoñecemento da obriga Fase O)
Reparo Núm 57-2021: Art 216.2 c) Recoñecemento extraxudicial 14-2021
IMPORTE TOTAL: 1.505,60 €
IMPORTE BASE IMPOÑIBLE FACTURAS: 1.244,30 €
IVE DE CARÁCTER NON DEDUCIBLE: 261,30 €
IVE DE CARÁCTER DEDUCIBLE (non orzamentario): 0 €
IMPORTE TOTAL imputado ao orzamento 2021: 1.505,60 €**

Durante o presente exercicio remitíronse por parte de diversos Servizos municipais ao departamento de contabilidade municipal, facturas devengadas e executadas en exercicios anteriores, que non foron imputadas ao respectivo orzamento, por importe total de **1.505,60€**

No presente exercicio procedeuse á verificación da existencia dos informes de conformidade preceptivos e esixibles para a tramitación do correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, así como da habilitación do crédito polo órgano responsable da contabilidade municipal.

Considerando a conformidade prestada polos responsables técnicos municipais, así como polos titulares das concellerías delegadas de Área ás mencionadas facturas corroborando así a efectiva execución dos servizos e subministracións.

Considerando igualmente a imputación orzamentaria das facturas con cargo ao estado de consignacións orzamentarias incluída no Orzamento corporativo para o exercicio 2021, xuntándose as dilixencias estendidas pola responsable da contabilidade municipal indicativas das referencias dos mandamentos contables RC asinados pola Tesoureira municipal como responsable da contabilidade municipal, acreditativos da existencia de crédito dispoñible, por importe total de **1.505,60 € (contía imputable ao orzamento: 1.505,60 €)** nas respectivas aplicacións presupostarias de imputación relacionadas, sen que tal circunstancia supoña ningún menoscabo na prestación dos servizos de natureza básica e esencial, asumindo como responsable da xestión orzamentaria que a imputación dos gastos relacionados con cargo aos créditos do orzamento vixente non causará ningún perxuízo nen limitación ningunha para a realización das atencións do exercicio corrente, e polo tanto, resulta posible a súa imputación sen minoración da calidade dos servizos e con coherencia respecto dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Considerando finalmente o enriquecemento inxusto da Administración municipal como consecuencia da execución de gastos en beneficio dos intereses xerais, e atendendo á conformidade prestada polos servizos técnicos municipais tanto ás cantidades, como ás calidades e prezos.

Logo de ver o informe emitido pola Intervención xeral municipal Ref 2021/1788, de data 11.11.2021 relativo ao expediente de administrativo extraxudicial de créditos 14-2021 reparo 57-2021, coas consideracións nel contidas, así como o mantemento da discrepancia asinado pola Tenenta de Alcaldesa



delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos o 11.11.2021 e o decreto de levantamento de reparo nº 9912/2021 do 15.11.2021, esta Alcaldía no uso das atribucións conferidas propón ao Pleno a adopción do acordo correspondente á seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, propónse a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **1.505,60 €**:

COD_FACT	PROVEEDOR	NUM_FACT	FFACT	CONCEPTO	PARTIDA	NUM_OPER	IMP_BASE	IVE_DED	IVE_NON_DE D	TOTAL
83676	PROTESE SL_B27151091	202101008	1/1/2021	CUOTA CONEXIÓN CENTRAL RECEPTORA DE ALARMAS --	93301.21200	202100062857	180,30	0,00	37,86	218,16
87630	EL PROGRESO DE LUGO SL_B27000637	424	31/8/2021	CONCELLO DE LUGO C.D. LUGO PER MANENCIA 2020 23072020 C.D. LUGO 27/07/2020---	34100.22601	202100067573	1.064,00	0,00	223,44	1.287,44
TOTAL							1.244,30	0,00	261,30	1.505,60

2. DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE ALCALDÍA E GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, emitido na sesión celebrada o día 19 de novembro de 2021.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refª: ispac3655669572924672944.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-11-2021

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 2 do Grupo Municipal de Ciudadanos Lugo.
- **Abstencións:** 10 do Grupo Municipal do Partido Popular

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría simple,
ACORDA:

APROBAR, de conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **1.505,60 €:**

COD_FACT	PROVEEDOR	NUM_FACT	FFACT	CONCEPTO	PARTIDA	NUM_OPER	IMP_BASE	IVE_DED	IVE_NON_DE D	TOTAL
83676	PROTESE SL_B27151091	202101008	1/1/2021	CUOTA CONEXIÓN CENTRAL RECEPTO RA DE ALARMAS ---	93301.21200	202100062857	180,30	0,00	37,86	218,16
87630	EL PROGRESO DE LUGO SL_B27000637	424	31/8/2021	CONCELLO DE LUGO C.D. LUGO PER MANENCIA 2020 23072020 C.D. LU GO 27/07/2020---	34100.22601	202100067573	1.064,00	0,00	223,44	1.287,44
TOTAL							1.244,30	0,00	261,30	1.505,60

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** ... Seguintes puntos da orde do día, 2 e 3. Imos facer o debate conxunto tal e como se acordou na Xunta de Portavoces e despois

pasaremos a proceder á súa votación individual. Polo tanto, para iniciar o debate ten a concelleira de Gobernanza a quenda de palabra.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Bos días a todos e a todas. Moitas grazas, señora alcaldesa.

Pois hoxe elévanse ao Pleno para ser recoñecidas extraxudicialmente nove facturas: tres correspondentes ao ano 20, unha do ano 19 e cinco do ano 18. A razón fundamental, como xa dixen en numerosas ocasións e cada vez máis, de que estas facturas non foran tramitadas no seu exercicio correspondente é na case totalidade delas, en 7 en concreto, a inactividade do provedor. Así, máis da metade das facturas, como dixen son sete, o acreedor coa súa demora na presentación provoca o retraso na tramitación axeitada destas facturas. Poño como exemplo as cinco facturas do ano 2018 que aparecen, que son de Gas Natural, relativas ao subministro de enerxía eléctrica. Son facturas que se corresponden ao ano 18, cando se prestou o subministro, pero que foron recibidas no Concello case tres anos despois, no ano 2021.

O mesmo podo dicir respecto da factura da Asociación Cultural SalesianiLuciAugusti pola súa participación no Lucus cultural do ano 2020. O servizo prestouse no ano 20, pero a factura recibíuse concretamente o 21 de setembro deste ano, tardándose só tres días en ser conformada polos nosos técnicos.

Estes son simples exemplos do que está pasando neste momento e que demostran que é a inactividade do provedor ou simples erros moitas veces o que provoca o pago fóra do exercicio correspondente.

A segunda razón que temos habitualmente é a dificultade na conformación e o retraso dos nosos técnicos, pero temos que dicir neste momento que cada vez é menor. Sempre falabamos do Servizo de Enxeñaría coas facturas de consumos, pero temos que dicir que están neste momento axilizando moitísimo os trámites nos últimos meses e mellorando.

Polo tanto, unha vez máis temos que resaltar a mellora substancial que xa se vai vendo dende hai meses, tanto no número de facturas que veñen a este Pleno como no tempo da súa tramitación, que, salvo excepcións, nunca supera os 30 días. Polo tanto, se facemos unha comparativa do que ocorreu nos recoñecementos do ano 2020 e o que está ocorrendo agora, vese claramente como se mellorou. Polo tanto, os números non enganan. Son o mellor exemplo. Demóstrase a mellora acadada, pese ao cal, como digo sempre, persisten en traer vostedes aquí, para enganarse a si mesmos supoño, traendo o recoñecemento extraxudicial de crédito ao debate aquí cando evidentemente traemos nove facturas, que sete delas non é por culpa dos nosos funcionarios na conformación, senón pola inactividade do provedor.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para a portavoz de Cidadáns.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Moi bos días a todos e a todas.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refª: ispac3655669572924672944.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-11-2021

Pois é verdade, señora Alvarellos, que sempre algo que dicir neste debate. Vostede sempre inicia a súa primeira intervención acerca dos expedientes extraxudiciais de crédito das facturas con reparo tal e como acaba de facer agora tamén facendo referencia aos tipos de factura que se presentan e tamén ao porqué dese retraso. Dúas razóns dicía: porque os servizos básicos deste Concello en moitos casos son rexistradas xa tarde esas facturas, polo que o período de pago se retrasa, e esta é a letanía habitual coa que comeza cada debate; que en ocasións tamén vén acompañado, como acaba de dicir vostede tamén, da falta de persoal, a dificultade de conformar todas estas facturas.

Estas son as excusas de mal pagador que repite pleno tras pleno, que sempre defende vostede para salvagardar a súa xestión económica que tantas veces está en entredito. Non fai referencia, salvo cando existen contraargumentos, dos contratos caducados, das facturas que se pagan sen soporte contractual, do abuso dos contratos menores que nalgún servizo están a ser moi preocupantes, todo isto porque parece que é moito máis doado ver a palla no ollo alleo que no propio.

Desde o noso grupo recoñecemos que este asunto co que iniciamos case todos os plenos parece ir encamiñado, a pesar do dito anteriormente, xa que, señora Alvarellos, non entendemos como se lle pode seguir atragantando poñer orde en servizos como Cultura, Desenvolvemento Local ou mesmo Xuventude, que lles debe dar pereza iniciar determinados expedientes de contratación e así exercer o seu labor de gobernanta desta Administración, porque logo, é verdade, veñen os desgustos e os informes de Intervención.

E con isto refírome a que ás veces as súas excusas caen polo seu propio pé cando non ten razón ou cando é peor, cando se mente. Hai unhas semanas vostede mesma firmou un decreto no que, ante a reclamación dunha empresa dos xuros de mora polo retraso no pagamento de varias facturas de enerxía, declara a existencia dese retraso e abóanselle a esta empresa 4.166 euros en conceptos de xuros de mora e de indemnización por custos de cobramento, e por que? Non é porque a empresa rexistrara tarde as facturas, senón porque algunha delas o atraso por parte desta Administración foi de 162 días ou de 144. É dicir, que a xestión económica da que vostede presume aquí pois supónlles aos lucenses pagar máis de 4.000 € por incompetencia, e algo non vai ben, señora Alvarellos. E sería conveniente que hoxe explicara aquí se esta reclamación é unha excepción, polo que non deixa de ser grave, ou poden existir outros casos similares.

Para o noso grupo, señora Alvarellos, que recoñecemos publicamente os avances para a resolución deste asunto tan enquistado nesta Administración, isto resúltanos unha decepción, porque pon en evidencia que non sempre nos conta a verdade, e iso non a deixa en moi bo lugar, e o que é peor, faille perder credibilidade.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para a portavoz do Partido Popular.

- **SAGRARIO SÁNCHEZ RAMIL:** Bo día.

Estamos a finais de ano e hoxe tocaría debater algún dos asuntos que máis afectan aos veciños da nosa cidade, como a revisión das ordenanzas ou o orzamento do



próximo ano. Pero o que traen a Pleno son máis recoñecementos. É certo que cada vez traen menos facturas, pero hoxe temos o reparo 57, e iso é síntoma de que algo non están facendo ben. No ano 2020 pagaron 44 millóns de euros con reparos de legalidade, a metade dos pagos deste bigoberno fixéronse á marxe da lei. Esperemos que no 2021 non cheguen a este récord histórico. Continuamos con contratos caducados e iso que a alcaldesa, haiun ano, no debate do estado do Concello, dixo que se comprometía a finalizar no 2021 a renovación de todos os contratos. Falta un mes para terminar o ano e seguen sen regularizar o contrato do lixo, do ciclo da auga ou o de publicidade. A escusa é que son contratos complexos, e saben que lles digo? Que non teñen vontade.

O contrato do lixo caducou no 2017, tardaron tres anos en aprobar o prego de licitación, e por encima o Goberno recoñece, e cito textualmente, “Na situación actual co contrato caducado o Concello non pode sequera cambiar un contedor roto”. Se non poden exixir á empresa que cambie un contedor roto, quérenme explicar como lles van exixir que preste o servizo coas mínimas garantías? Se teñen coñecemento disto dende o 2017, por que non actuaron antes? Recórdolles que o anterior xefe de servizo, cun ano de antelación ao remate do contrato, fixo ducias de advertencias indicando que ía caducar e non facían nada. Catro anos despois seguen sen contrato, incumprindo a lei. Sexan serios, estamos falando da limpeza da cidade, de temas de salubridade e da imaxe de Lugo.

Todo isto demostra unha falta de planificación, falta de xestión e, o que é máis grave, a parálise da cidade. E iso que dende o Grupo Popular tendemos a man para chegar a acordos, levamos dous anos reclamando a Mesa Técnica de Ordenanzas. A súa resposta é que están estudando modificacións das ordenanzas para aplicar de forma progresiva. Estudando, sempre están estudando, menudos estudantes están feitos. E, mentres tanto, os veciños soportando os seus bandazos. Dende o Grupo Popular estivemos todo o ano axudando aos lucenses nas reclamacións polos cobros indebidos da auga pese a que unha concelleira tentou desprestixiar esta axuda cualificando a nosa oficina como un chiringuito. Nós escoitamos aos veciños e a vostedes non lles queda máis remedio que rectificar e aceptar as nosas propostas anulando as taxas cobradas indebidamente e recalculando os consumos.

O ano pasado tamén advertimos que a unificación das categorías fiscais na ordenanza de vaos prexudicaría as zonas máis humildes da cidade, avisamos de que tería consecuencias para as economías familiares e votamos en contra. A alcaldesa hai uns días, admitindo o sablazo, decidiu compensar os afectados corrixindo á súa concelleira de Economía. Están subindo os impostos nun momento difícil para as familias, autónomos e pequenas empresas. Desde o Grupo Popular cremos necesario un pacto de todos os partidos políticos para impulsar unha nova política fiscal rebaixando taxas e impostos para incentivar a creación de emprego. Hai dous xeitos de entender a política: o Partido Popular, que baixa impostos para crear oportunidades de emprego; e o PSOE e o BNG, subindo impostos para soste o Goberno máis caro deste Concello. O problema ademais é que temos dous gobernos que non se entenden, case nin se...

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3655669572924672944.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-11-2021

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Iniciamos a segunda quenda de intervencións. Por centrarme, que eu estou agora un pouco perdida, estabamos no debate dos expedientes extraxudiciais de crédito.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas polo recordatorio, señora alcaldesa, e pola palabra.

Vou recordar novamente: 9 facturas, 7 delas presentadas fóra de prazo. Estamos nun recoñecemento extraxudicial de crédito, tal e como di a alcaldesa, 9 facturas. A morosidade que ten a Administración coas pemes e cos autónomos é certo que moitas veces os estrangula, pero ese non é o caso de Lugo porque, xa llo digo agora, cunha expresión moi vulgar: imos como tiros, imos como tiros, non teñen máis que facer unha comparativa. Gustaralle ou non, pero é así, é así.

Só temos que ver o informe de morosidade do terceiro trimestre, que vén hoxe a Pleno, para que o vexan. Non sei se o leron ou non, pero está claramente que neste terceiro trimestre, simplemente comparar co primeiro trimestre, co primeiro, é increíble, increíble. E o que pagamos aos nosos provedores, no primeiro trimestre pagáronse o 76,47% das facturas e neste trimestre o 82,09%; é dicir, cada trimestre imos mellorando, cada pleno imos mellorando.

Iso si que lle teño que recoñecer á señora Louzao ese recoñecemento, e ademais agradézollo, o recoñecemento que vostede mesmo dixo que se observa o avance, polo tanto teño que recoñecerlo, pero o avance é moi significativo. O que está claro é que todas as instrucións que demos, toda a colaboración, toda a coordinación entre os servizos está dando os seus froitos. Tardará máis ou menos, pero dá os seus froitos. E Lugo non é un Concello moroso por máis que vostedes queiran transmitir iso ao exterior.

E tamén quería dicirlle, señora Abades, que moi ben coas políticas ayusistas, pero...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, quenda agora para a portavoz de Cidadáns.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Bueno, como un tiro non sei, señora Alvarellos, seguro que en bicicleta si, que iso se lles dá moi ben.

Eu creo que ás veces debe medir ben as súas palabras porque pode chegar o momento no que se arrepinta de dicilas e así, como lle acabo de dicir, que non me contestou, vostede mesma firmou un decreto no que recoñece que o Concello pagou con 162 días ou con 144 días de retraso que lle supuxo pagar aos lucenses, non a vostede nin a min, a todos os lucenses, 4.000 €. E non é porque sexan 4.000, coma se fosen 3 €, iso é o reflexo da incompetencia. Así que como un tiro, señora Alvarellos, non é a mellor expresión que ten que traer a este Pleno.

E, mire, a min dáme igual, como se é unha única factura a que vostede trae con reparo de legalidade, reparo de legalidade. Está a incumplir a legalidade, polo tanto xa é algo grave. Ademais, isto segue sendo 44 millóns con reparos de legalidade pagáronse o ano pasado. Este ano veremos como vai. Que se vai mellor? Si, pero é que segue existindo, e sobre todo porque non se lle está a poñer remedio ás



situacións gravosas que adoecen a este Concello. Falamos dos contactos caducados, falamos dos contratos menores, un abuso reiterado ao que vostedes seguen sen poñer orde; hai servizos neste Concello que non inician un único expediente de contratación e seguen contratando con contratos menores, fraccionando contratos, que é gravísimo e roza a ilegalidade.

Para iso está, señora Alvarellos. Como un tiro non o sei, pero para cumprir coa lei seguro que si, e non o está a facer.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, para poder darlle a quenda de palabra tal e como se recolle no regulamento, pois ten a súa segunda quenda de intervención.

- **SAGRARIO SÁNCHEZ RAMIL:** Señora Alvarellos, non sei se o tiro lle sairá pola culata. E recórdolle que ao Pleno lle corresponde o control e fiscalización do Goberno, e nos escasos minutos que temos para defender os intereses dos nosos veciños non nos van silenciar. Poden apagarnos o micro a golpe de clic aos tres minutos, pero non lle permito que me diga o que teño que falar. Á alcaldesa ninguén lle apaga o micro cando fala sen límite de tempo ao final das intervencións corrixindo moitas veces a súa concelleira de Economía.

E todo indica que comecemos o Pleno co orzamento prorrogado. A día de hoxe ninguén contactou co grupo maioritario da Corporación, o Partido Popular, para facer aportacións aos orzamentos. Supoñemos que están niso e por iso lles pedimos que destinen o diñeiro dos lucenses a proxectos de cidade. Estuden ben as necesidades e non tiren o diñeiro público. E poño catro exemplos: caldas de auga quente, un millón de euros; edificio de madeira, un millón e medio de euros; pasarela N-VI, 1.300.000 €; carril bici, un millón de euros. Total: case 5 millóns de euros.

E eu pregúntolles: son conscientes de que os veciños de Lugo levan décadas demandando unha praia fluvial para desfrutar do río e vostedes constrúen unhas bañeiras de auga quente descoñecendo o custo que terá? Analizaron se é prioritario un edificio de madeira sen uso coñecido nun polígono industrial cando son moitas as demandas de locais nos barrios da cidade? Xa saben o que van facer con el? Se van mellorar o paso soterrado da N-VI –por certo unha proposta do Partido Popular– por que gastan outro millón de euros nunha pasarela nesa zona? Analizaron as distintas alternativas do carril bici para coñecer os itinerarios que demanda a cidadanía e non complicar a vida do barrio e dos seus veciños?

Aproveiten a oportunidade histórica dos fondos europeos para facer de Lugo unha cidade mellor para vivir, busquen consensos. O Grupo Popular ten claras as prioridades e, se vostedes non as coñecen ou non se poñen de acordo, pregúntennos, temos proxectos de cidade. Onde están os orzamentos...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moitas grazas. Última quenda para a concelleira de Gobernanza, 30 segundos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Grazas, señora alcaldesa.

Eu creo, señora Abades, que vostede se equivocou de Pleno. Este non é o Pleno do estado da cidade, ese xa virá no mes que vén; aquí estamos falando de recoñecemento extraxudicial de crédito, e vostede é unha funcionaria da Administración municipal, sabe perfectamente. O que me está demostrando é que vostede non quere falar dos recoñecementos extraxudiciais de crédito porque, evidentemente, os números cantan. Poden facer e poden dicir o que queiran, pero os números cantan, e aquí véñse falar de recoñecemento extraxudicial de crédito; o estado da cidade xa se fará no pleno...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Por recordar, porque ás veces creo que temos a memoria moi fráxil: os tempos son os que aprobamos por unanimidade na Xunta de Portavoces ao principio de mandato, como facemos todos os anos, e polo tanto creo que o que cómpre é adecuarnos ao que nós decidimos, neste caso, xa digo, polos distintos portavoces que conformamos esta Corporación.

Segundo, eu falo e interveño o que me permite a lei, e vostede sábeo, que estivo de secretaria noutro Concello; polo tanto podo facelo, como se facía tamén nos concellos onde vostede podía dicir que se estaba facendo un uso indebido e non a escoitei en ningún momento. Polo tanto, isto de predicar unha cousa nun sitio e facer outra noutro sitio creo que non é necesario.

E vostede pode, o Partido Popular pode falar do que queira, por iso traen as distintas propostas, pero moitas veces traen as propostas que non afectan directamente ao noso Concello nalgúns plenos e non traen propostas máis concretas para sacar adiante e levar adiante. En todo caso, os puntos están aí e o que cómpre agora é aprobar os expedientes extraxudiciais de crédito, e imos proceder a iso.

3/143 EXPEDIENTE EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 15-2021.-
Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA ALCALDESA PRESIDENTA do teor literal seguinte:

<p>“IMPORTE FACTURAS: 3.324,81 € IMPORTE BASE IMPOÑIBLE FACTURAS: 3.060,17 € IVE DE CARÁCTER NON DEDUCIBLE: 264,64 € IVE DE CARÁCTER DEDUCIBLE (non orzamentario): 0 € IMPORTE TOTAL imputado ao orzamento 2021: 3.324,81 €</p>
--

Durante o presente exercicio remitíronse por parte de diversos servizos municipais ao departamento de Contabilidade municipal, facturas devengadas e executadas en exercicios anteriores, que non foron imputadas ao respectivo orzamento, por importe total de **3.324,81 €**.

No presente exercicio procedeuse á verificación da existencia dos informes de conformidade preceptivos e esixibles para a tramitación do correspondente

expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, así como da habilitación do crédito polo órgano responsable da Contabilidade municipal.

Considerando a conformidade prestada polos responsables técnicos municipais, así como polos titulares das concellerías delegadas de Área ás mencionadas facturas corroborando así a efectiva execución dos servizos e subministracións.

Considerando igualmente a imputación orzamentaria das facturas con cargo ao estado de consignacións orzamentarias incluída no Orzamento corporativo para o exercicio 2021, xuntándose as dilixencias estendidas pola responsable da Contabilidade municipal indicativas das referencias dos mandamentos contables RC asinados pola Tesoureira municipal como responsable da Contabilidade municipal, acreditativos da existencia de crédito dispoñible, por importe total de **3.324,81 € (contía imputable ao orzamento: 3.324,81 €)** nas respectivas aplicacións presupostarias de imputación relacionadas, sen que tal circunstancia supoña ningún menoscabo na prestación dos servizos de natureza básica e esencial, asumindo como responsable da xestión orzamentaria que a imputación dos gastos relacionados con cargo aos créditos do orzamento vixente non causará ningún prexuízo nen limitación ningunha para a realización das atencións do exercizo corrente, e polo tanto, resulta posible a súa imputación sen minoración da calidade dos servizos e con coherencia respecto dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Considerando finalmente o enriquecemento inxusto da Administración municipal como consecuencia da execución de gastos en beneficio dos intereses xerais, e atendendo á conformidade prestada polos servizos técnicos municipais tanto ás cantidades, como ás calidades e prezos.

Logo de ver o informe emitido pola Intervención xeral municipal Ref 2021/1787, de data 11.11.2021 relativo ao expediente de administrativo extraxudicial de créditos 15-2021, coas consideracións nel contidas, esta Alcaldía no uso das atribucións conferidas propón ao Pleno a adopción do acordo correspondente á seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, proponse a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **3.324,81 €**

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3655669572924672944.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-11-2021

COD_FAC T	PROVEEDOR	NUM_FACT	FFACT	CONCEPTO	PARTIDA	NUM_OPER	IMP_BAS E	IVE_DE D	IVE_NON_DE D	TOTAL
67400	PRELO SL_B27021237	1900001631	31/3/2019	MATERIAL OFICINA	92008.220 00	2021000653 03	88,84	0,00	18,66	107,50
85560	GAS NATURAL COMERCIALIZADOR A S A_A61797536	PR211420000042 78	13/4/2021	TÉRMINO DE POTENCIA PUNTA-TÉRMINO DE POTENCIA LLANO-TÉRMINO DE POTENCIA VALLE-ENERGÍA ACTIVA PUNTA	16520.221 00	2021000766 42	195,95	0,00	41,15	237,10
85561	GAS NATURAL COMERCIALIZADOR A S A_A61797536	PR211420000042 89	13/4/2021	TERMO DE POTENCIA PUNTA- TERMO DE POTENCIA CHAN- TERMO DE POTE NCIA VAL- ENERXÍA ACTIVA PUNTA	16520.221 00	2021000766 42	354,98	0,00	74,55	429,53
85562	GAS NATURAL COMERCIALIZADOR A S A_A61797536	PR211420000042 82	13/4/2021	TÉRMINO DE POTENCIA- ENERGÍA AC TIVA PUNTA- ENERGÍA ACTIVA VALL E- IMPUESTO ELÉCTRICO 11.01.2019 - 11.01.2019	16520.221 00	2021000766 42	240,13	0,00	50,43	290,56
85563	GAS NATURAL COMERCIALIZADOR A S A_A61797536	PR211420000042 95	13/4/2021	TERMO DE POTENCIA PUNTA- TERMO DE POTENCIA CHAN- TERMO DE POTE NCIA VAL- ENERXÍA ACTIVA PUNTA	16520.221 00	2021000766 42	282,82	0,00	59,39	342,21
85564	GAS NATURAL COMERCIALIZADOR A S A_A61797536	PR211420000042 80	13/4/2021	TÉRMINO DE POTENCIA- ENERGÍA AC TIVA PUNTA- ENERGÍA ACTIVA VALL E- IMPUESTO ELÉCTRICO 05.01.2019 - 05.01.2019	16520.221 00	2021000766 42	97,45	0,00	20,46	117,91



COD_FAC T	PROVEEDOR	NUM_FACT	FFACT	CONCEPTO	PARTIDA	NUM_OPER	IMP_BAS E	IVE_DE D	IVE_NON_DE D	TOTAL
87887	SALESIANI LUCI AUGUSTI_G27454255	1	21/9/2021	POLA PARTICIPACION da Asociacion Cultural S.L.A. (Salesiani Luci Augusti), no LUCUS CULTUR AL 2020, polas seguintes activ	33802.22609	202100034944	1.800,00	0,00	0,00	1.800,00
TOTAL							3.060,17	0,00	264,64	3.324,81

2. DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE ALCALDÍA E GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, emitido na sesión celebrada o día 19 de novembro de 2021.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría simple, **ACORDA:**

APROBAR, de conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **3.324,81 €**

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3655669572924672944.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-11-2021

COD_FAC T	PROVEEDOR	NUM_FACT	FFACT	CONCEPTO	PARTIDA	NUM_OPER	IMP_BAS E	IVE_DE D	IVE_NON_DE D	TOTAL
67400	PRELO SL_B27021237	1900001631	31/3/2019	MATERIAL OFICINA	92008.220 00	2021000653 03	88,84	0,00	18,66	107,50
85560	GAS NATURAL COMERCIALIZADOR A S A_A61797536	PR211420000042 78	13/4/2021	TÉRMINO DE POTENCIA PUNTA-TÉRMINO DE POTENCIA LLANO-TÉRMINO DE POTENCIA VALLE-ENERGÍA ACTIVA PUNTA	16520.221 00	2021000766 42	195,95	0,00	41,15	237,10
85561	GAS NATURAL COMERCIALIZADOR A S A_A61797536	PR211420000042 89	13/4/2021	TERMO DE POTENCIA PUNTA- TERMO DE POTENCIA CHAN- TERMO DE POTE NCIA VAL- ENERXÍA ACTIVA PUNTA	16520.221 00	2021000766 42	354,98	0,00	74,55	429,53
85562	GAS NATURAL COMERCIALIZADOR A S A_A61797536	PR211420000042 82	13/4/2021	TÉRMINO DE POTENCIA- ENERGÍA AC TIVA PUNTA- ENERGÍA ACTIVA VALL E- IMPUESTO ELÉCTRICO 11.01.201 9 - 11.01.2019	16520.221 00	2021000766 42	240,13	0,00	50,43	290,56
85563	GAS NATURAL COMERCIALIZADOR A S A_A61797536	PR211420000042 95	13/4/2021	TERMO DE POTENCIA PUNTA- TERMO DE POTENCIA CHAN- TERMO DE POTE NCIA VAL- ENERXÍA ACTIVA PUNTA	16520.221 00	2021000766 42	282,82	0,00	59,39	342,21
85564	GAS NATURAL COMERCIALIZADOR A S A_A61797536	PR211420000042 80	13/4/2021	TÉRMINO DE POTENCIA- ENERGÍA AC TIVA PUNTA- ENERGÍA ACTIVA VALL E- IMPUESTO ELÉCTRICO 05.01.201 9 - 05.01.2019	16520.221 00	2021000766 42	97,45	0,00	20,46	117,91



COD_FAC T	PROVEEDOR	NUM_FACT	FFACT	CONCEPTO	PARTIDA	NUM_OPER	IMP_BAS E	IVE_DE D	IVE_NON_DE D	TOTAL
87887	SALESIANI LUCI AUGUSTI_G27454255	1	21/9/2021	POLA PARTICIPACION da Asociaci on Cultural S.L.A. (Salesiani Luci Augusti), no LUCUS CULTUR AL 2020, polas seguintes activ	33802.226 09	2021000349 44	1.800,00	0,00	0,00	1.800,00
TOTAL							3.060,17	0,00	264,64	3.324,81

DELIBERACIÓN

Asunto debatido conxuntamente co punto número 2/142 da orde do día. As intervencións producidas figuran ao pé do referido acordo.

PROTOCOLO

4/144 OUTORGAMENTO DAS MEDALLAS DE OURO DA CIDADE DE LUGO 2021 AOS SERVIZOS MUNICIPAIS DECLARADOS ESENCIAIS E AQUELES SERVIZOS QUE SEN SER DECLARADOS ESENCIAIS DESEMPEÑARON O SEU LABOR PRESENCIALMENTE DURANTE O PRIMEIRO ESTADO DE ALARMA.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DA ALCALDESA PRESIDENTA do teor literal seguinte:
“Indubidablemente o 2020 será lembrado coma o ano no que a emerxencia sanitaria provocada pola COVID-19 paralizou o mundo. Gobernos de todos os países loitaban para frear o avance dunha ameaza que non distinguía de cores nin fronteiras.

O 26 de novembro de 2020, o Pleno Municipal acordou outorgar as Medallas de Ouro da cidade aos e ás traballadoras que operaron na primeira liña de loita contra a pandemia durante o primeiro Estado de Alarma. No ano 2021, queremos facer extensivo esta distinción aos e ás empregadas do Concello de Lugo pertencentes aos servizos declarados coma esenciais e aos servizos imprescindibles para paliar os efectos das medidas restritivas que se puxeron en marcha.



ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refª: ispac3655669572924672944.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-11-2021

Neste contexto, a Corporación do Concello de Lugo quere tamén recoñecer coas Medallas de Ouro ao persoal municipal que dende o primeiro día exercen as súas funcións para garantir o correcto funcionamento dos servizos básicos e estratéxicos da Administración local e das prestacións públicas, coidando e protexendo ás familias lucenses.

En cumprimento do disposto no artigo 3 do Regulamento Especial para a concesión da Medalla de Ouro do Concello de Lugo e visto o informe do Instrutor do expediente, esta Alcaldía proponlle ao Excmo. Concello Pleno a adopción do acordo de conceder a Medalla de Ouro da Cidade aos Servizos Municipais declarados como Servizos esenciais e aqueles Servizos que aínda que non foron declarados como tal, traballaron presencialmente, exercendo as súas funcións para garantir o correcto funcionamento dos servizos básicos e estratéxicos da Administración local e das prestacións públicas, coidando e protexendo ás familias lucenses. Co fin de agradecerlles o seu labor e compromiso que, en moitos casos, chegou incluso a exceder a súa responsabilidade laboral.”

2. DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE ALCALDÍA E GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, emitido na sesión celebrada o día 19 de novembro de 2021.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 24 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

CONCEDER a Medalla de Ouro da Cidade aos Servizos Municipais declarados como Servizos esenciais e aqueles Servizos que aínda que non foron declarados como tal, traballaron presencialmente, exercendo as súas funcións para garantir o correcto funcionamento dos servizos básicos e estratéxicos da Administración local e das prestacións públicas, coidando e protexendo ás familias lucenses. Co fin de agradecerlles o seu labor e compromiso que, en moitos casos, chegou incluso a exceder a súa responsabilidade laboral.

INTERVENCIÓNS

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Recordar que neste punto fixemos este ano extensivo este outorgamento aos traballadores municipais, a aqueles que estiveron de forma esencial decretados ou presencial, que foron moitos e cada un deles, incluso a aqueles que fixeron o seu traballo dende a casa, aproveito para agradecerlles en nome de toda a Corporación ese labor inxente que se fixo nun momento moi complexo e delicado da sociedade. E recordar tamén que o vindeiro martes día 30 ás 12 celebraremos o acto de entrega das medallas, tanto as outorgadas no ano 20 como as outorgadas no ano 21.

Procedemos entón a votar este outorgamento das medallas que xa estaba falado previamente cos distintos portavoces municipais para acadar ese consenso e ese recoñecemento en nome de toda a Corporación.

PROPOSICIÓNS

5/145 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 348/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A ADHESIÓN DO CONCELLO DE LUGO Á CAMPAÑA DE ANTENA 3 NOTICIAS E FUNDACIÓN MUTUA MADRILEÑA 'MUNICIPIOS CONTRA EL MALTRATO' (Exp. 2021/G004/000931).- Vista a citada proposición do Grupo Municipal do Partido Popular, número 348/2021 de Rexistro de Pleno, que foi ditaminada pola Comisión Permanente Ordinaria de Cohesión e Dinamización Social, do 18 de novembro de 2021, do seguinte teor:

“Antena 3 Noticias e Fundación Mutua Madrileña iniciaron unha campaña dirixida a combater a violencia de xénero a través da súa acción de Responsabilidade Corporativa ‘Contra los malos tratos. Tolerancia cero’. Esta campaña busca a mobilización na loita fronte á violencia de xénero implicando aos municipios de España. Trátase dunha acción que non require investimento económico elevado, simplemente o compromiso de poñer en marcha iniciativas que nalgúns casos xa se están levando a cabo neste Concello.

A igualdade é un valor esencial da sociedade e a súa procura debe ser unha prioridade en si mesma para as administracións en xeral e para os concellos en particular. Son os concellos, dende as súas diferentes concellerías, os responsables directos de desenvolver programas dirixidos a erradicar este tipo de violencia que supón unha lacra importante para a nosa sociedade.

A campaña á que facemos referencia dá repercusión nacional a aquelas iniciativas realizadas ao amparo da mesma. Canta máis repercusión e máis visibilidade sexamos capaces de dar ao problema e ás accións encamiñadas a erradicalo máis efectivas serán.

O Concello de Lugo xa cumpre parte dos requisitos que esixe a campaña para formar parte dos ‘Municipios contra los malos tratos’; polo que o investimento é mínimo. Aprobar a declaración en pleno, instalar sinais de ‘Municipio Contra los

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3655669572924672944.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-11-2021

Malos tratos. Tolerancia Cero' ás entradas da cidade ou nunha zona céntrica, escribir nalgún/s pasos de peóns mensaxes contra a violencia de xénero, decretar loito oficial en caso de producirse algunha vítima mortal, establecer un programa de axuda laboral ás vítimas de matrato, formación aos sanitarios e policía local, instalar cartelería formativa dirixida á mocidade ou unha conferencia ou charla ao ano enfocada a mulleres... son os compromisos (cinco deles) que debe adquirir o Concello ao entrar a formar parte deste programa.

Por todo isto o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, propón unir os esforzos de todos e considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde:

1. Iniciar os trámites precisos para que o Concello de Lugo se sume á Campaña 'Municipios contra el maltrato'.

2. Aprobar a declaración precisa para a adhesión: 'Este es un Municipio que Contra el Maltrato a las Mujeres tiene Tolerancia Cero. Se protegerá a las víctimas y se colaborará a perseguir a los maltratadores con la Justicia y con las Policías. Y se realizarán todos los esfuerzos que pueda que pueda realizar este Ayuntamiento para evitar que en este se produzca ningún maltrato a las mujeres'.

3. Facer unha programación axeitada aos requisitos que establece a campaña para formar parte dela."

Visto, así mesmo, a emenda de substitución presentada polo Grupo Municipal do Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia-PSOE, número 388 de Rexistro de Pleno, que foi rexeitada polo Grupo Municipal do Partido Popular, autor da proposición.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

Efectuada nova votación con idéntico resultado e, en virtude do voto de calidade da Excm. Sra. Alcaldesa-Presidenta, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA REXEITAR** a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Procedemos a debatir este punto; 3 minutos para o Partido Popular, para a súa portavoz.



- **MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ SILVA:** Gracias, alcaldesa.

Con motivo del Día Internacional de la Eliminación de la Violencia contra la Mujer que se conmemora cada 25 de noviembre desde el año 2000, queremos manifestar desde el Grupo Municipal del Partido Popular nuestra más enérgica repulsa contra esta lacra que afecta a todos los sectores de la sociedad y a toda la población, sin importar la edad o cualquier otra condición.

La violencia contra las mujeres es una de las violaciones de derechos humanos más generalizadas, persistentes y devastadoras del mundo, pero también es la forma más extrema de discriminación, con graves consecuencias físicas, psicológicas y económicas sobre las mujeres a corto y a largo plazo, que les impiden participar plenamente y en condición de igualdad en la sociedad. Por eso queremos recordar a todas las víctimas fallecidas por violencia de género, a sus familiares y a todos aquellos que sufren las consecuencias de estos ataques a los derechos fundamentales que por ley tenemos todos. Y en especial queremos recordar a Mónica, mujer gallega asesinada el pasado mes de septiembre a manos de su pareja.

Son más de 1.000 mujeres asesinadas por su pareja o exparejas solo por el hecho de ser mujeres, desde que se comenzaron a contabilizar en las estadísticas estatales de 2003, y a ellas hay que sumarles las hijas e hijos asesinados y los que quedaron huérfanos, así como sus familiares, amigos terriblemente marcados de por vida por esta lacra.

Hoy queremos proponer en este Concello que este Concello inicie los trámites precisos para que el Ayuntamiento de Lugo se sume a la campaña promovida por Antena 3 Noticias y Fundación Mutua Madrileña "Municipios contra el maltrato". Se trata de una campaña dirigida a combatir la violencia de género a través de su acción de responsabilidad corporativa "Contra los malos tratos tolerancia cero", campaña que busca la movilización y la lucha frente a la violencia de género, implicando a todos los municipios de España. Se trata de una acción que no requiere una inversión económica elevada, simplemente el compromiso de poner en marcha iniciativas, que en algunos casos ya se están llevando a cabo en este Concello. Se trata de un conjunto de pequeñas acciones que en su totalidad supone un gran paso adelante. Un ejemplo sería la aprobación de la declaración precisa para la adhesión, que sería:

"Este es un municipio que contra el maltrato a las mujeres tiene tolerancia cero. Se protegerá a las víctimas y se colaborará a perseguir a los maltratadores con la justicia y con las policías, y se realizarán todos los esfuerzos que pueda realizar este Ayuntamiento para evitar que en este se produzca ningún tipo de maltrato a las mujeres".

Les recuerdo que la igualdad es un valor esencial de la sociedad y su búsqueda debe ser una prioridad en sí misma para las administraciones en general. Son los ayuntamientos los responsables directos de desarrollar programas dirigidos a erradicar este tipo de violencia, que supone una lacra importante para nuestra sociedad. La campaña a la que hacemos referencia da repercusión nacional a aquellas iniciativas realizadas al amparo de la misma. Cuanta más repercusión y

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3655669572924672944.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-11-2021

más visibilidade seamos capaces de dar al problema y a las acciones encaminadas a erradicarlo, más efectivas serán.

Finalizo diciendo que el Ayuntamiento de Lugo ya cumple parte de los requisitos que exige la campaña: aprobar la declaración en Pleno, instalar señales de *municipio "Contra el maltrato tolerancia cero"* a las entradas de la ciudad o en una zona céntrica, escribir mensajes en pasos de cebra contra la violencia de género, decretar luto oficial en caso de producirse alguna víctima mortal, establecer un programa de ayuda laboral a las víctimas de maltrato, entre otros, son algunos de los compromisos que debe adquirir el Ayuntamiento al entrar a formar parte de este programa.

Gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moitas grazas e quenda agora da Portavoz do Goberno, a señora Alonso, 3 minutos.

- **SILVIA ALONSO PÉREZ:** Grazas, señora alcaldesa.

No referente á proposición para a adhesión do Concello de Lugo á campaña de Antena 3 Noticias e Fundación Mutua Madrileña "Municipios contra el maltrato", consideramos que, aínda que a vontade que move esta iniciativa parece boa, a súa exposición resulta algo confusa. Por unha banda, o obxectivo da campaña que se menciona, a loita contra a violencia de xénero, non pode ser máis xusto e necesario. Por outra, fálase de –cito– "mobilización na loita fronte á violencia de xénero implicando os municipios de España". E desde logo está fóra de toda dúbida que o Concello de Lugo está implicado nesta causa.

O Concello de Lugo non precisa de adición a ningunha campaña de entidades privadas, como Antena 3 e Mutua Madrileña, para posicionarse ou facerse ver nin na repulsa da violencia machista nin nas accións para freala. Queda patente na mesma estrutura do noso Goberno, cunha concellaría dedicada exclusivamente, como o seu nome indica, a muller e igualdade, no funcionamento da Casa da Muller como centro de atención ás vítimas da violencia de xénero, no feito de que se acabe de aprobar un cuarto Plan de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres para o Concello de Lugo; e, como vostedes mesmos recoñecen na súa proposta, na evidencia de que no Concello de Lugo xa se están levando a cabo moitas das iniciativas que forman parte da campaña para a que piden adhesión.

Desde o seu partido insisten en que o custo económico das accións ás que esta adhesión nos comprometería é moi baixo, e seguramente é certo, xa que se trata de cousas xa feitas ou de manifestacións simbólicas, ás que eu dende logo nunca lles negarei a súa importancia. Os símbolos e as declaracións son importantes, funcionan como revulsivos puntuais, chaman a atención e poden chegar a espertar consciencias, pero non parece coherente reclamar este tipo de actuacións e logo vetar un Plan urxente contra a violencia machista ante o incremento dos casos en Galicia, un plan baseado na prevención e na educación.

En canto á visibilidade e á repercusión a nivel nacional desta campaña, gustaríanos que se atendese primeiro axeitadamente á visibilización e sensibilización contra a violencia machista na nosa comunidade autónoma e desde o ámbito público, xa



que temos medios de comunicación propios que poderían mellorar moito o seu compromiso na igualdade entre mulleres e homes e na realización de campañas de sensibilización contra a violencia machista. Neste sentido, queremos facer unha emenda á súa proposta. O mellor argumento do seu escrito é o argumento cuantitativo, porque é verdade que cantas máis cousas se fagan na loita contra esta lacra, cantas máis forzas e vontades consigamos aunar, máis eficaces seremos na súa desexada erradicación. Consigamos o compromiso da Xunta de Galicia e o dos nosos medios de comunicación autonómicos e logo, sen ter que avergoñarnos de non ter cumprido obxectivos no noso territorio e institucións, adhirámonos a esa campaña e a moitas que seguen a ser necesarias.

Grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Salteime, perdón; desculpa, e ten a quenda agora a portavoz de Cidadáns.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Nada, non hai problema.

Desde Ciudadanos pensamos que calquera iniciativa que sume e que veña significar o compromiso desta Administración contra a violencia machista debe ser benvida sen entrar en ningunha outra polémica. Desde o noso grupo sempre defendemos que esta é unha cuestión na que non debe caber outro tipo de interese que non sexa facer todo o que estea nas nosas mans como políticos, como pais e nais, como cidadáns de a pé para combater e erradicar esta lacra.

A violencia de xénero, ademais de vulnerar os dereitos fundamentais das mulleres, é a cara máis cruel da discriminación e da desigualdade entre homes e mulleres. Hoxe, 25 de novembro, debemos lembrar todas as mulleres vítimas, os seus fillos e as súas familias para non esquecer que aínda queda moitísimo por facer a nivel social, educativo e tamén político no que atinxe a acadar unha igualdade real e efectiva. E este é un traballo de todas as administracións, cada unha dentro das súas competencias. Terminar coa desigualdade e coa violencia contra as mulleres ten que ser unha prioridade absoluta en calquera Administración.

Os concellos levan anos desenvolvendo accións contra a violencia de xénero, e tamén o de Lugo, porque pola súa cercanía e proximidade as medidas de sensibilización, educación e tamén en moitos casos de detección son máis eficaces, pero aínda non son suficientes porque seguen a existir vítimas de maltrato. 37 mulleres foron asasinadas neste 2021 e 24 menores orfos a causa da violencia de xénero; e só nun 20% existían denuncias previas, polo que se debe seguir promovendo todas as actuacións posibles para loitar contra as actitudes e os comportamentos machistas. Só así poderemos avanzar cara a unha sociedade sen violencia, máis xusta e máis igualitaria entre homes e mulleres. Por iso, a adhesión á iniciativa posta en marcha por Atresmedia e a Fundación Mutua Madrileña "Contra el maltrato, tolerancia cero" supón un paso máis, unha actuación máis no compromiso amosado por este Concello contra a violencia de xénero que xa cumpre moitos dos exixidos. A repercusión mediática desta iniciativa, sen dúbida, favorecerá a conciencia activa contra a violencia e as agresións. Polo tanto,

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refª: ispac3655669572924672944.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-11-2021

consideramos que formar parte desta rede pode ser positivo e beneficioso, polo que conta co noso apoio.

E, en relación á emenda presentada polo Partido Socialista, non estamos en desacordo, cremos que nos medios de comunicación ten que existir a responsabilidade necesaria para poñer o foco na violencia machista, pero entendemos que desvirtúa tamén a realidade desta moción e que debería presentarse como unha moción propia, porque non ten ningún sentido que se desvirtúe a proposta presentada polo Partido Popular e non se asuma esa reivindicación xusta e necesaria que é o labor dos medios de comunicación como unha moción propia e que, polo tanto, pola nosa parte contaría co apoio do grupo.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, e quenda agora para o grupo propoñente, minuto e medio.

- **MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ SILVA:** Señora Alonso, me resulta muy curioso que no quiera ver usted la realidad de lo que está ocurriendo en este Concello. Lo que debería demostrar este bigobierno es, como mínimo, la misma sensibilidad y grado de exigencia para ustedes mismos como el que les reclama al resto de las administraciones. Caso es la primera enmienda que, por cierto, si fueran de adición pero son de sustitución, no las vamos a aceptar, y le voy a decir por qué.

Con relación a la primera, es lo que le estoy diciendo, usted no reclama la misma exigencia para el Gobierno central con relación a sus medios de comunicación. Y, con relación a la segunda, nosotros no queremos que estudien, nosotros queremos que se pongan a trabajar. Estamos cansados de escuchar siempre la excusa de ya estamos trabajando en ello, ya se está estudiando, ya se está haciendo... Eso sí, luego se les llena la boca acusándonos a nosotros de no tener propuestas positivas. ¿Qué miedo tienen de adherirse a este programa que sin duda nos va a ayudar? Hablamos de sumar, nunca de restar.

Le repito, cuantos más medios tengamos, cuanto más se visibilice, ya sea a través de las distintas administraciones y a través de medios privados, sí, a través de medios privados. No sé por qué usted desecha los medios privados, tienen su cometido y tienen su función, igual que el resto de ONG, igual que el resto de asociaciones. No solo es el Concello de Lugo, no solo es el Gobierno central, no solo es la Xunta. Hay un movimiento social detrás de todo este grave problema que usted está desechando y tirando a la papelera. Bueno a la papelera ya sabemos que Ana Abelleira es muy dada a poner las pegatinas de violencia de género en ellas. Así les va.

Y les recuerdo que decir que sí es ponerse a trabajar; no hace falta que digan que sí, como pasó con el VioGén y seguimos esperando; no hace falta que digan que sí y sigamos como lo que estamos pasando contra la violencia de género, que también seguimos esperando. ¿Hasta cuándo tenemos que esperar?

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Agora si, minuto e medio para a portavoz de... Non, pedín perdón, foi un fallo meu, pero a orde establecida é a orde establecida. En todo caso, volvo reiterar as desculpas, porque foi fallo meu que me equivoquei.



- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Bueno, a verdade é que resulta moi incómodo estar nun debate no que estamos a falar da violencia machista, da violencia de xénero, no que os dous partidos que teñen responsabilidades de goberno, un na Xunta de Galicia e o outro no Goberno central, se estean a botar pedras ou amosando unha actitude cando menos coa que nunca será posible chegar a ningún tipo de acordo. Creo que estamos dando un exemplo moi nefasto cara á sociedade cando non somos nin capaces de poñernos de acordo nun asunto. Aquí non se trata, creo que cada un ten que saber cales son as súas responsabilidades e creo que desde este Concello sempre se amosou o compromiso na loita contra a violencia machista, creo que é recoñecido por todos e quen non o faga así, se hai outra Administración que non amosa ese compromiso, terá que render contas onde ten que facelo.

Pero aquí estamos noutro momento, e creo que sería hoxe un exemplo para toda a sociedade lucense que todos os grupos políticos somos capaces de facer un debate en positivo amosando unha actitude de consenso e de apoio, sobre todo ás vítimas de maltrato e sobre todo unha actitude de concienciación e de traballo para poder seguir loitando contra esta lacra que é a violencia de xénero.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moitas grazas. Segunda quenda para a portavoz do Goberno a concelleira de igualdade.

- **SILVIA ALONSO PÉREZ:** Señora López, non hai ningunha vontade de exclusión do sector privado; todo suma, como vostede di e como eu lles recoñezo, e cada esforzo que se poida aunar para erradicar esta lacra benvido sexa, pero insistimos en que hai institucións que teñen que comprometerse e facelo mellor do que o fan.

A nosa emenda non desbota a súa proposta. A min paréceme positiva a adhesión, pero vou darlle lectura no tempo que me queda para que se decaten de que é simplemente un compromiso que cremos que temos que acadar da Xunta de Galicia, dos medios de comunicación en Galicia antes, ou simultaneamente se vostedes queren, pero en consonancia con esta proposta que nos parece moi puntual.

A emenda di así, no seu punto 1: "Reclamar á Xunta de Galicia que inste a Dirección da compañía pública galega da CRTVG a que poña en marcha campañas de concienciación a prol da igualdade e en contra das violencias machistas durante todo o ano". Como o de Antena 3, pero pública e nosa. Así mesmo, pedimos que a inste igualmente a aplicar os códigos deontolóxicos de tratamento informativo ás novas sobre violencia de xénero e a que se comprometa e vixíe que as fontes informativas que aborden as distintas novas, reportaxes e programas sexan mulleres nun 50% dos casos e que aplique a paridade na conformación...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Finalizou o seu tempo. Moitas grazas. Última quenda para a portavoz do Partido Popular.

- **MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ SILVA:** Repito, hablamos de sumar y nunca de restar. Si ustedes cambian y en vez de enmiendas de sustitución las hacen de

adición, estamos dispuestos a aceptarlo, como he dicho anteriormente. Espero chegar a un consenso y que voten a favor facendo isto.

Gracias.

- LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Moi ben, moitas grazas.

Pois como xa se trasladou, é dicir, aquí fala dunha serie de requisitos que establece a campaña e hai que estudala, ver que requisitos para ver se se pode un comprometer ou non, porque tampouco quedan expostos e polo tanto a emenda ía con intención de sumar. Este Concello xa ten manifestado en moitísimas ocasións a súa tolerancia cero contra o maltrato, seguirao a facer, seguirá a sumarse en todas aquelas iniciativas que sumen e que sexan boas, pero antes de facer un cheque en branco haberá que estudar para saber os compromisos reais, e por iso ía esa emenda en positivo, que entendo rexeitada e, polo tanto, procédese a votar a proposta tal como a presentou o grupo propoñente.

6/146 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 349/2021 DE REXISTRO DE PLENO, EN APOIO DO SECTOR LÁCTEO (Exp. 2021/G004/000933).- Vista a citada proposición do Grupo Municipal do Partido Popular, número 349/2021 de Rexistro de Pleno, que foi ditaminada na Comisión Especial de Contas e Ordinaria de Alcaldía e Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, do 19 de novembro de 2021, do seguinte teor:

“En Galicia, o sector lácteo posúe unha importancia transcendental que se estende ao longo do territorio español, xa que destacamos como líderes nacionais tanto en número de gandeiros como en produción de leite.

Poñendo de relevo os datos, na nosa comunidade prodúcese o 40% do leite de toda España e localízanse máis da metade das explotacións lácteas do total nacional. Deste xeito, Galicia produce tanto leite como a suma das seguintes catro comunidades españolas con maior produción -Castela e León, Cataluña, Andalucía e Asturias-. Por outra banda, non debemos esquecer que nos atopamos entre as dez primeiras comunidades en produción de leite de Europa.

Perante a relevancia deste sector, cómpre sinalar que o incremento dos custos de produción das explotacións agrarias -que supón o encarecemento dos cereais e dos legumes destinados á alimentación animal, os combustibles ou a enerxía- dificulta a sustentabilidade económica das ganderías, especialmente as dedicadas á produción de leite.

Neste sentido, o compromiso da Xunta de Galicia a prol deste eido produtivo amósase no óptimo desenvolvemento da Estratexia de dinamización do sector lácteo de Galicia, cunha aposta firme por consolidar unha relación equilibrada entre gandeiros, industria e distribución, para que o valor xerado se reparta de xeito harmónico ao longo da cadea láctea. Esta estratexia ten como obxectivo principal consolidar Galicia como unha das principais rexións lácteas de Europa, cun alto nivel de competitividade, sustentabilidade e capacidade de resiliencia.

É máis, é preciso referirse á necesidade contemplada na medida 1.2.1 da



Estratexia, de abordar unha reforma lexislativa ambiciosa que permita aumentar a base territorial das explotacións gandeiras como instrumento redutor dos custos de alimentación. Cumprindo esta medida aprobouse o pasado mes de maio a Lei de recuperación da terra agraria, que entre outros obxectivos promove coa ferramenta dos polígonos agrogandeiros os procesos de reestruturación parcelaria e a ordenación de usos nas zonas de produción leiteira.

Precisamente, en relación con este tema, a Consellería do Medio Rural deu a coñecer un informe sobre a Manifestación de Interese de proxectos autonómicos, que constata a gran demanda de base territorial que teñen os nosos gandeiros. De feito, das máis de 13.200 hectáreas xeolocalizadas para orientación produtiva gandeira, o 94% correspóndese co sector bovino, o que demostra o peso que ten o vacún na nosa comunidade e especialmente o lácteo.

Nesta liña, cómpre salientar a importancia que posúen as axudas destinadas aos investimentos en explotacións agrarias, coñecidas como 'plans de mellora', así como para a incorporación de mozos ou para a instalación de pequenas explotacións, liñas que superan nos orzamentos para o vindeiro ano 2022 os 76 millóns de euros.

A estas liñas de actuación, súmanse as accións formativas especializadas en xestión empresarial para os gandeiros (Gandeiros 20-30), e a posta en marcha dunha aplicación para que os gandeiros poidan calcular os seus custos de produción.

Esta aplicación web gratuíta, denominada 'Conta Láctea', foi oficialmente presentada o pasado mes de agosto co obxecto de promover unha contabilidade rigorosa nas explotacións lácteas galegas. De carácter certamente intuitivo, esta aplicación respecta escrupulosamente a normativa contable española, e permite obter a conta da explotación e o custe de produción por cada litro de leite, entre outras funcionalidades.

Esta iniciativa, como as enmarcadas na citada Estratexia, responden á necesidade de fortalecer a profesionalización do sector, mellorar a súa rendibilidade e defender a calidade dos nosos produtos lácteos por medio de ferramentas prácticas e verdadeiramente efectivas na práctica, sobre todo nun contexto como o actual, de reestruturación do modelo produtivo cara explotacións máis eficientes e rendibles.

Neste respecto, é preciso dar un paso máis na consolidación desta ferramenta e capacitala de validez desde o propio Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), acreditando os custes de produción dos gandeiros ante os primeiros compradores do leite e facilitando, canto sexa posible, o desenvolvemento da súa actividade nas mellores condicións.

En consideración de todo o exposto ata o momento, a posta en funcionamento do Observatorio do Sector Lácteo de Galicia é outra proba de que a Estratexia sectorial deste importantísimo eido produtivo está a dar os seus froitos. Este atópase seguindo os trámite previos ao decreto que o regulará, co obxecto de darlle un pulo á produción e á transformación do leite en Galicia.

Porén, a clave final é que o consumidor final perciba todo o traballo que leva consigo a produción láctea galega e a garantía de que o noso leite responde aos

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3655669572924672944.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-11-2021

maiores estándares internacionais de calidade, benestar animal e seguridade alimentaria. Neste senso a estratexia do sector lácteo aposta pola diversificación da produción dos nosos gandeiros coa marca de 'Leite de Pastoreo de Galicia'. Así mesmo, o recoñecemento pola estratexia da calidade do noso lácteo ten acollemento baixo a marca de garantía 'Galega 100%' que será a panca de promoción de todo o noso sector lácteo.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de Lugo, presenta a seguinte PROPOSTA DE ACORDOS:

1.- O concello de Lugo insta ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a adopción das medidas oportunas para:

a) Habilitar mecanismos que garantan o cumprimento da disposición contida no artigo 12 ter da Lei da Cadea alimentaria, actualmente en tramitación, para acadar o obxectivo de que todos os elos da cadea de valor láctea cobren polo seu produto un prezo que cubra, alo menos, os seus custos de produción. E que esta exigencia se contemple de xeito particular no caso dos gandeiros, por ser o elo máis feble da cadea.

b) O cumprimento da solicitude realizada pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia para que no texto final da Lei da cadea alimentaria se recollan as medidas ou modificacións que sexan necesarias para o recoñecemento dos resultados económicos da 'Conta láctea' ou outras aplicacións oficiais, como forma de acreditación do custo efectivo de produción.

c) Levar a cabo as modificacións na lexislación estatal demandadas pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia para facilitar a constitución de organizacións de produtores lácteos axeitadas ao tamaño das explotacións galegas como mecanismo para o fortalecemento da capacidade de negociación dos nosos gandeiros.

2.- O concello de Lugo insta á Xunta de Galicia a impulsar, coa cooperación de todas as administracións públicas, unha campaña de concienciación dirixida ao consumidor final sobre o papel esencial do sector primario no aprovisionamento de alimentos de calidade, en particular, o papel dos gandeiros e dos produtos lácteos.

3.- O concello de Lugo insta á Xunta de Galicia a reforzar a promoción dos produtos lácteos galegos incidindo en aspectos como a seguridade alimentaria, o benestar animal das nosas explotacións e a diversificación da súa produción, coa implantación de marcas de garantía como Galega 100% e Leite de pastoreo de Galicia.

4.- O concello de Lugo insta á Xunta de Galicia a apoiar a demanda de base territorial dos nosos gandeiros como mecanismo de redución dos custos de alimentación dándolle prioridade na licitación de polígonos agrogandeiros de carácter público.

5.- O concello de Lugo insta á Xunta de Galicia a axilizar a tramitación para a constitución do Observatorio Lácteo Galego previsto na Estratexia do sector lácteo, como instrumento que permita acadar unha mellor estrutura sectorial para analizar e avanzar nas cuestións que afectan a este eido produtivo, de xeito particular a mellora da interlocución e a transparencia entre os diferentes elos da cadea."

Visto, así mesmo, as emendas presentadas polo Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia-PSOE, número 386 de Rexistro de Pleno, e a presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, número 389 de Rexistro de Pleno, que foron rexeitadas polo Grupo Municipal do Partido Popular, autor da proposición.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría simple,
ACORDA:

PRIMEIRO.- O concello de Lugo insta ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a adopción das medidas oportunas para:

- a) Habilitar mecanismos que garantan o cumprimento da disposición contida no artigo 12 ter da Lei da Cadea alimentaria, actualmente en tramitación, para acadar o obxectivo de que todos os elos da cadea de valor láctea cobren polo seu produto un prezo que cubra, aló menos, os seus custos de produción. E que esta exigencia se contemple de xeito particular no caso dos gandeiros, por ser o elo máis feble da cadea.
- b) O cumprimento da solicitude realizada pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia para que no texto final da Lei da cadea alimentaria se recollan as medidas ou modificacións que sexan necesarias para o recoñecemento dos resultados económicos da 'Conta láctea' ou outras aplicacións oficiais, como forma de acreditación do custo efectivo de produción.
- c) Levar a cabo as modificacións na lexislación estatal demandadas pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia para facilitar a constitución de organizacións de produtores lácteos axeitadas ao tamaño das explotacións galegas como mecanismo para o fortalecemento da capacidade de negociación dos nosos gandeiros.

SEGUNDO.- O concello de Lugo insta á Xunta de Galicia a impulsar, coa cooperación de todas as administracións públicas, unha campaña de

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3655669572924672944.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-11-2021

concienciación dirixida ao consumidor final sobre o papel esencial do sector primario no aprovisionamento de alimentos de calidade, en particular, o papel dos gandeiros e dos produtos lácteos.

TERCEIRO.- O concello de Lugo insta á Xunta de Galicia a reforzar a promoción dos produtos lácteos galegos incidindo en aspectos como a seguridade alimentaria, o benestar animal das nosas explotacións e a diversificación da súa produción, coa implantación de marcas de garantía como Galega 100% e Leite de pastoreo de Galicia.

CUARTO.- O concello de Lugo insta á Xunta de Galicia a apoiar a demanda de base territorial dos nosos gandeiros como mecanismo de redución dos custos de alimentación dándolle prioridade na licitación de polígonos agrogandeiros de carácter público.

QUINTO.- O concello de Lugo insta á Xunta de Galicia a axilizar a tramitación para a constitución do Observatorio Lácteo Galego previsto na Estratexia do sector lácteo, como instrumento que permita acadar unha mellor estrutura sectorial para analizar e avanzar nas cuestións que afectan a este eido produtivo, de xeito particular a mellora da interlocución e a transparencia entre os diferentes elos da cadea.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois iniciamos o debate co grupo propoñente, co Partido Popular, 3 minutos.

- **MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ:** Bos días a todos. Grazas, señora alcaldesa. O sector lácteo en Galicia posúe unha importancia transcendental, xa que destacamos como líderes nacionais tanto en número de gandeiros como en produción de leite, e non debemos esquecer que nos atopamos entre as 10 primeiras comunidades en produción de leite de Europa.

E os nosos gandeiros están a ver como nos últimos meses está a producirse unha preocupante suba do prezo da luz, dos pensos, do gasóleo, diferentes partidas fundamentais nas contas das explotacións e que repercuten de forma moi negativa no incremento dos custos de produción.

Permítame que agora faga un pequeno inciso, xa que á forte subida da luz únese a intención do Goberno central de eliminar as bonificaciónsao gasóleo agrícola, un ataque máis aos nosos gandeiros. Pero tamén hai unha importante suba de prezos nas materias primas que compoñen o alimento do gando, e a noticias que nos están chegando para os próximos meses non son nada alentadoras.

Fortalecer a súa posición negociadora e facilitar que poidan repercutir no prezo dos seus produtos o incremento dos custos de produción é unha exixencia que debe ser



acatada por todos os que teñen capacidade para legislar nesta materia, e esa competencia corresponde en España ao Goberno central, que debe actuar dentro do ámbito que lle permite a normativa comunitaria. É necesario que se axuste a reforma da Lei da cadea alimentaria incrementando de forma sensible os mecanismos de control que impidan que os operadores do sector primario vendan a perdas ou por debaixo do seu custo de produción. Non basta con regulalo na lei, senón que haberá que establecer mecanismos que de forma receptiva consigan que os operadores do sector primario poidan repercutir o prezo dos seus produtos, os incrementos con axilidade cando se producen subidas tan rápidas como acaba de acometer. De forma inmediata requírese asumir de forma preceptiva a venda por un prezo que cubra o custo de produción máis unha marxe de beneficio para os operadores do sector primario, e iso debe levarse a cabo reforzando os mecanismos de control da lexislación estatal.

Non parece suficiente a proposta contida no artigo 12.ter da Lei da cadea alimentaria cando se refire a que cada operador deberá pagar ao operador inmediatamente anterior un prezo igual ou superior ao custo efectivo de produción e isto deberá acreditarse cun medio de proba admitido sen dereitos.

Desde o Partido Popular reclamamos que o prezo que debe pagar ao produtor debe cumprir cando menos o custo de produción e sempre cunha marxe de beneficio como calquera outro empresario.

Para que esta reforma que introduce a prohibición da venda a perdas non quede en papel mollado, demandamos do Goberno central que se habiliten mecanismos de control específico que garantan o cumprimento desta prohibición, especialmente en relacións nas que interveñen os produtores do sector primario. Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, e quenda agora para o portavoz de Cidadáns, 3 minutos.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Buenos días y muchas gracias.

Bueno, entiendo que la necesidad de ayudar a este sector por parte de la Administración seguramente esté fuera de toda duda y todos estemos de acuerdo con ello, y por tanto con esta propuesta, pero sí es cierto que esta propuesta al final, y hay que decirlo, supone un autobombo porque en muchos de sus puntos es instar a la Xunta de Galicia a seguir haciendo lo que ya está haciendo.

También se habla en esta propuesta de la Ley de cadena de valor, que impide vender cualquier producto por debajo de los costes de producción, que por desgracia ahora mismo ya está pasando en muchos sectores, pero es que esto ya existía, ya hay una ley, que es la 12/2013, Ley de medidas para mejorar el funcionamiento de la cadena alimentaria, que efectivamente lo impide.

Y me van a permitir que les lea muy brevemente lo que dice esta ley: "El precio del contrato alimentario se determina en función únicamente de factores objetivos, verificables, no manipulables y expresamente establecidos en el contrato. En todo caso, uno de los factores deberá ser el coste efectivo de producción por debajo del objeto del contrato. En el caso de explotaciones agrarias, se tendrán en cuenta factores tales como semillas, plantas de vivero, fertilizantes, pesticidas,

combustibles, enerxía, maquinaria, reparacións, coste de riego, alimento para os animais, etc.". Y en su letra j) llega a decirse específicamente: "Indicación expresa de que el precio pactado entre el produtor primario agrario ganadero, pesquero o forestal, o una agrupación de estos y su precio comprador cubre el coste efectivo de produción".

Es decir, que la nueva redacción de la ley lo único que hace es validar una prohibición que ya existe. Esto quiere decir que se está utilizando actualmente la redacción de esta nueva ley para no aplicar una ley vigente, que no está aplicando este Goberno pero que tampoco está aplicando o aplicó el Goberno del Partido Popular, porque el último Goberno del Partido Popular, si no recuerdo mal, fue de 2011 a 2012, es decir que la ley se aprobó baixo su mandato y nunca llegó a cumprirse. De hecho, hay muchos exemplos, podemos ver cómo se vendía la leche a menos de 70 céntimos, campañas de *marketing* muy criticadas en las que se hacía el produto reclamo y se vendía la leche también a un precio muy inferior del precio de coste, y sin embargo en ese momento no se hizo nada.

Este grupo está de acordo con que en aquel momento se tenía que haber hecho, está de acordo con que en este momento todavía se puede hacer y por supuesto está de acordo con la redacción de esta ley. Pero entendemos que efectivamente la redacción de esta nueva ley, aun validando esto, todavía no garantiza del todo el coste, la cadena de valor y que en esa cadena de valor el produtor no pierda. No estando esto garantizado en la ley, es el motivo por el que precisamente Ciudadanos se abstuvo de esta ley. Nosotros insistimos en que, si lo que se quiere es preservar el sector, la cadena de valor y al produtor, lo que se tiene que hacer es cumprir la ley. Ahora mismo hay una ley vigente y de poco importa que se redacte otra nueva o 10 leyes más si al final no se van a cumprir las leyes.

Nada más y muchas gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moitas grazas, e quenda agora para a portavoz do BNG, 3 minutos.

- **TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN:** Grazas, alcaldesa. Bo día a todas e a todos.

O sector leiteiro galego leva moitos anos en situación complicada e, se facemos un pouquiño de memoria, veremos que esta situación é froito da falta de interese á hora de deseñar e aplicar políticas axeitadas para que o sector se adapte ás novas necesidades e ás novas normativas. Seguramente todas coincidimos en que poucas foron as veces que o prezo do leite permita que as explotacións leiteiras foran rendibles.

O Partido Popular presenta hoxe esta moción despois dos berros de auxilio do sector e das últimas mobilizacións nas que os vimos na rúa. É certamente curioso que veñan pedir o apoio neste Pleno cando levan anos gobernando na Xunta de Galiza sen facer nin aplicar as políticas que o sector reclama.

Dende que o señor Feixoo chegou á Xunta ata hoxe pecharon a metade das explotacións leiteiras que había naquel momento. Por certo, vaian preparando xa



outra moción para presentar aquí para atender as demandas do sector da carne, porque tamén está nunha situación moi complicada.

No Bloque Nacionalista Galego cremos que contamos con todo o necesario para que o sector gandeiro galego sexa un dos mellores de Europa, un sector punteiro, pero o prezo do litro do leite está moi por debaixo da media europea. A media europea está sobre 38-40 céntimos, mentres que no Estado español está entre 33 e 30,20. Isto, xunto coa falta de base territorial e incremento do custo de alimentos para o gando, a suba dos prezos da luz, fan que os custos de produción sexan cada vez máis elevados e que o actual prezo no que venden o litro de leite non os cubra.

O Bloque Nacionalista Galego pedimos ao Goberno galego que exerza a súa responsabilidade e governe. É necesario que as explotacións aumenten a súa base territorial. Por certo, unha das primeiras medidas que o señor Feixoo, e o PP, tomou cando chegou á Xunta de Galiza foi deixar aparcado o Banco de Terras, que estaba empezando a funcionar axeitadamente ademais utilizando unha táctica dicindo que o PSOE e o BNG lles ían quitar as terras aos gandeiros. Lémbranse daquilo, señores do Partido Popular? Sen embargo agora caeron da burra e estanse dando conta de que é unha medida importante.

E ademais necesitamos políticas axeitadas para que todas esas terras que están sen producir, terras agrarias, se poñan a producir alimento para as explotacións tanto gandeiras como de carne. Necesitamos unha ordenación territorial para que esas explotacións poidan dispoñer desas terras ricas agrícolas para producir e non ter que comprar alimento para o seu gando.

Sigo despois. Grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz do Partido Socialista, 3 minutos.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Grazas, alcaldesa. Bo día a todos.

Pois efectivamente, como se ten dito xa aquí, as granxas de leite levan demasiado tempo nunha situación de crise, nunha situación insostible con custos de produción superiores aos prezos que reciben polos seus produtos e obrigándoas a producir a perdas, a endebedarse e en moitos casos para pechar, situación que efectivamente se agravou nos últimos tempos co incremento do custo dos insumos, desde enerxía, fertilizantes, alimentación, etcétera, etcétera, ocasionando unhas perdas que en Galicia se estiman en 16 millóns de euros mensuais, ou o que é o mesmo, medio millón de euros diarios, facendo inviables a maioría das explotacións e provocando a súa desaparición. Hai que ter en conta que se pasou nos últimos 5 anos de ter 9.600 explotacións ás escasas 6.800 actuais. De maneira que todas as administracións deben implicarse e atopar solucións, e é verdade que cada unha na medida das súas responsabilidades.

E, neste senso, á Administración central correspóndelle as directrices xerais da política agraria. É dicir, que por parte do Goberno central si se produciron avances; por exemplo, coa aprobación da Lei da cadea alimentaria, que todos coincidimos en que foi importante e que foi un paso pero tamén que é insuficiente, e así o entende

tamén o propio Ministerio, que está facendo esa modificación. E pedímoslle e seguímoslle reivindicando que a remate, que a publique, que amplíe as medidas e que sexa eficaz o máis pronto posible. De aí que ningún problema en aceptar o primeiro punto de acordo da proposición que se nos presenta, aínda que hai que dicir que o Ministerio vén de mover ficha e o propio ministro Planas ten convocada unha reunión de todo o sector para o vindeiro luns.

Por outra banda, correspóndenlle á Xunta de Galicia as competencias exclusivas en materia agrícola e gandeira, e neste senso temos que reivindicarlle á Xunta de Galicia que, máis aló deses plans estratéxicos que adoita presentarnos e que en realidade non son ningunha solución, o que fan é alongar o problema e cronificalo, pois que asuma as súas competencias e que actúe de inmediato e con urxencia.

E, mire, de nada nos serven as medidas que propoñen aquí de campañas de concienciación, de promoción de produtos lácteos, de incremento da base territorial, que están moi ben e podemos coincidir, se non se ataca de raíz e de forma urxente o problema. Por exemplo, convocando de forma inmediata a Mesa do Leite, como lle teñen solicitado todos os sindicatos, facendo que se cumpra o acordo lácteo ou toda unha serie de medidas para nós imprescindibles e que se poden aplicar e que lles presentamos na emenda de engádegas; e xa lles digo que, se son aceptadas, votaremos a favor.

Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Empezamos a segunda quenda; minuto e medio para o portavoz do Partido Popular.

- **MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ:** Moi boas.

Señora Ferreiro, vostedes parece que nunca pasaron polo Goberno da Xunta e a sorte que tivemos os galegos é que soamente estiveran catro anos. Vostedes gobernaron na Xunta e gobernaron a Consellería do Medio Rural no seu momento e non lles foi moi ben aos gandeiros galegos, así llelo demostraron que os mandaron para a oposición.

E, don Miguel, eu vendo... (non se entende) ... sorpréndeme a posición que toma hoxe cando vostede, hai uns meses, ante un problema similar dicía e, voulle ler textualmente o que vostede dicía, está colgado na páxina web do Concello de Lugo e dicía: "Nós entendemos que a Xunta de Galicia e o Goberno central teñen a obrigaón de implementar solucións políticas para un problema político, e debe acometer sen demora e con urxencia unha serie de medidas que pasan por garantir a recollida do leite, por establecer uns prezos xustos de orixe que permitan unha vida digna, cuns contratos estables cun mínimo de duración de dous anos e é unha obrigaón da figura do mediador, que terá un papel de arbitraje e tamén poder sancionador". Para isto, como digo, o Grupo Socialista presenta unha moción na que se solicita instar as institucións a modificar o decreto do paquete lácteo e tamén o Ministerio de Agricultura a que elabore un plan coas comunidades autónomas para a recollida e venda en condicións dignas do produto...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Quenda agora para o portavoz de Cidadáns.



- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Muchas gracias.

Simplemente recordar, porque creo que en el debate se confunde, que esto depende de una ley estatal. Es decir, la capacidad que tiene la Xunta, la capacidad de movimientos es importante, pero es una ley estatal y, como decía antes, ya existe una Ley que podría hacer lo que ahora estamos reivindicando. Entonces, yo insisto en que creo que se está perdiendo el tiempo debatiendo sobre la redacción de una nueva ley cuando tenemos un instrumento que ahora mismo nos ayudaría a que esos costes de producción estuvieran garantizados a la hora de vender la leche.

Pero sí es cierto que la Xunta también y hay que decirlo, tiene un papel importante y en nuestra opinión ese papel debería ser un papel de intermediario entre distribuidores, entre productores que efectivamente garantizara que hay unas reglas de juego, que esas reglas de juego son justas y que después de la negociación entre ellos ninguno de los dos sea una parte perjudicada y, sobre todo, que los productores, efectivamente, no pierdan dinero o al menos que no tengan que vender la leche por debajo de los precios de producción. Pero sí es cierto que al final en lo que nos vemos ahora mismo es un poco en lo de siempre, que ya hemos criticado muchas veces de nuestro grupo, que parece que es un "y tú más" o de quién es la culpa o la responsabilidad, pero al final van pasando los años, en este caso concreto el sector ganadero está vendiendo la leche por debajo del precio de los costes de producción, hay una herramienta habilitada para ello, yo creo que hay que exigir se cumpla de inmediato.

Nada más y muchas gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moitas grazas e quenda agora para a portavoz do BNG, a señora Ferreiro.

- **TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN:** Efectivamente, señor Vidal Pardo, leis existen e neste caso moitas outras, a cuestión é cando o poder político non as executa nin as leva a cabo nin exige que se cumpran, ese é o problema. De aí a nosa emenda que presentamos hoxe aquí, que vai precisamente moi clariñamente indicarlles aos dous gobernos que teñen a capacidade de xestionar isto que, por un lado, que a Xunta promova ese foro de encontro no que se poidan xuntar todas as partes afectadas, todas as partes implicadas; e que a Xunta exerza a súa obrigação e os acordos aos que se cheguen os faga cumprir, non como ata o de agora, que as industrias presentan un contrato en branco aos gandeiros que teñen que asinar se queren que lles recolla o leite. E tamén demandar ao Goberno do Estado, efectivamente, que nese desenvolvemento da Lei da cadea alimentaria que se cumpra e que sexa axeitada, utilizada como unha ferramenta para marcar o prezo do leite.

Por outro lado, a Xunta acaba de sacar un plan estratéxico, a Estratexia de dinamización do sector lácteo galego, que seguramente está moi ben, pero fágano, aplíqueno, non o deixen no papel, porque é o que fan, é o que fan. Levan anos e o bipartito hai moitos anos xa que deixou de gobernar. Xa tiveron oportunidade,

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refª: ispac3655669572924672944.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-11-2021

incluso agora están retomando políticas que activou o bipartito e que vostedes daquela desbotaron; como dixen antes, o Banco de Terras, porque caeron da burra, caeron da burra.

E nada máis.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Por favor, garden silencio. Segunda quenda para o portavoz do Partido Socialista.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Grazas.

Señor López, eu ratifícome punto por punto no que dixen; por tanto, ningunha contradición. Daquela exixían unha serie de medidas que agora reitero e amplío.

Mire, en setembro de 2021 o custo estimado de produción de litro de leite era de arredor de 38 céntimos/litro, prezo aboado aos gandeiros en Galicia, 33,3; na media estatal, 34,3; no País Vasco, por exemplo, 36,7. É dicir, que, se con idéntica normativa estatal, se produce ese desfase e esa diferenza negativa con respecto a Galicia, home, algo estaremos facendo mal na nosa comunidade e algunha responsabilidade terá nel a Xunta de Galicia.

Eu tamén falei evidentemente de exirille ao Goberno central a cota de responsabilidade que lle corresponde. Mire, non se pode permitir, e aí teñen moito que dicir, que a distribución poña os prezos, que a industria quede coa parte que considere de beneficios e despois lle impoña o prezo aos produtores sen repercutirles esas subas. Non se pode permitir que se siga utilizando leite como reclamo nos supermercados e que sexa máis caro un litro de auga que un litro de leite. Non se pode permitir que as industrias lácteas nas últimas negociacións ofrezan a ridícula cantidade dun céntimo por litro de suba. Non se pode permitir que non se potencien os produtos de orixe galega en todas as compras públicas; por exemplo, nas residencias, nos hospitais, nos centros educativos, etcétera. En definitiva, non se pode...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Finalizou o seu tempo. Moitas grazas. Última quenda para o Partido Popular, 30 segundos.

- **MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ:** Moi ben, boas outra vez.

Bueno, faltábame por dicirlles que non imos aceptar as emendas, tanto a do Partido Socialista como do Bloque Nacionalista Galego, non as imos aceptar porque non aportan nada á proposición do PP. Eu espero que tanto os señores do PSOE como do BNG faciliten que esta moción saia adiante, non sei se votando a favor ou polo menos coa abstención, como fixeron onte no Parlamento galego. Espero que o PSOE de Santiago sexa o mesmo que o PSOE de Lugo, aínda que ás veces non parece o mesmo.

Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas.

Creo, señor López, que o acaba de traizoar o subconsciente cando finaliza dicindo que isto non aporta nada á solución do PP, non á solución dos gandeiros, que é o

que buscamos a maioría... A moción? Pois entón non o escoitei eu ben. Se dixo moción, non o escoitei eu ben e pido desculpas. Pois reitero, pido desculpas se non escoitei eu ben.

En todo caso, o noso posicionamento está claro. Neste caso eran emendas de engádega por parte dos dous grupos. Antes facíase alusión a que, se foran de engádega non había ningún problema; agora que son de engádega rexéitanse totalmente. E a cuestión é que ás veces non se se se busca ese ansiado consenso que moitas veces demandamos, pero que, na práctica, cando se trata de sumar non a aplicamos.

Pois coas emendas rexeitadas, tanto do Bloque Nacionalista Galego como do Partido Socialista, imos proceder á votación da proposta.

7/147 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 378/2021 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA AO 'PLAN DE ACTUACIÓN URGENTE PARA O BARRIO DA RESIDENCIA' (Exp. 2021/G004/000952).- Vista a citada proposición do Grupo Municipal Ciudadanos Lugo, número 378/2021 de Rexistro de Pleno, que foi ditaminada na Comisión Especial de Contas e Ordinaria de Alcaldía e Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, do 19 de novembro de 2021, do seguinte teor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En los últimos meses los vecinos del barrio de ‘A Residencia’, han convocado movilizaciones que se celebraron todos los jueves de cada semana, con gran respuesta social, y en la que fundamentalmente se reivindican dos cosas. Por un lado, que se dote al barrio de nuevos servicios por el impacto de la implantación del carril bici rechazando de plano su ejecución; y por otro, que no se lleve a término la planta de biomasa que se prevé instalar en el nuevo complejo sanitario anunciado por la Xunta de Galicia, por el riesgo que puede suponer para la salud. Las mismas han sido totalmente desoídas por las distintas administraciones.

Sin duda el carril bici es una de las herramientas hacia las que debe caminar una ciudad del siglo XXI, pero su implantación y desarrollo debe hacerse de forma adecuada, generando alternativas y que suponga un avance en la movilidad urbana, y no todo lo contrario, como está pasando en el barrio de A Residencia. La previsión del impacto de la implantación de este carril bici, ha brillado por su ausencia. Así, con la ejecución de esta obra mal planificada, el barrio está perdiendo cientos de aparcamientos, al tiempo que se están retirando multitud de árboles plantados hace ya muchos años. Existen avenidas, como la Ronda del Carmen y la calle Orquídea que pierden un carril en cada dirección, convirtiendo las mismas, en calles angostas que incluso pueden entrañar un riesgo en caso de que sea necesario el servicio de bomberos o el de ambulancias y reduciendo la velocidad de tránsito en las mismas de 50 km/h a 30 km/h. En el caso de la calle de Marqués de Ombreiro llega a perderse uno de sus sentidos.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3655669572924672944.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-11-2021

Ello supone, que, a día de hoy, ya sea muy difícil encontrar aparcamiento, lo que por sí solo, ya supone un varapalo para el comercio e iniciativa emprendedora de la zona, reduciendo el valor de las viviendas y los locales comerciales de la zona, pero esta situación va a ir a peor, ya que, una vez que esté a pleno rendimiento, el nuevo complejo que se situará en la antigua residencia, el flujo de usuarios y trabajadores del mismo supondrá cientos de personas circulando y buscando aparcamiento cada día. Debemos destacar que la previsión de aparcamiento en el interior de este complejo no cubre, ni de lejos, la demanda que va a crear. A todo esto, debemos sumar, el hecho de que este barrio tiene unas circunstancias muy concretas, ya que la mayor parte de sus edificios, son muy antiguos ya, y apenas tienen plazas de aparcamiento propias. Igualmente, es importante destacar que la media de edad de los vecinos de este barrio es muy elevada, por lo que, este carril bici, lejos de ser una alternativa de transporte urbano, puede llegar a generar problemas de movilidad.

Por todo, podemos afirmar con rotundidad, que transitar y estacionar en Lugo en general y en el barrio de A residencia en particular, es mucho más complicado que hace un año, por ello creemos firmemente que la administración local debe involucrarse y tratar de crear nuevas plazas de aparcamiento en la zona estudiando la posibilidad de instalar aparcamientos en superficie o subterráneos en las parcelas de titularidad municipal de la zona o, incluso, a través del inicio de contactos con propietarios privado con el objetivo de conseguir terrenos para este fin bien a través de compra, permuta o convenio.

Efectivamente, desde las administraciones se deben potenciar el transporte público y el transporte alternativo, lo cual, en Lugo no se ha hecho y por eso, aún a día de hoy no se ha consolidado ninguno de ellos. Ahora se trata de imponer desde el Gobierno Municipal, un carril bici absolutamente invasivo que lejos de ser una alternativa es un escollo para el desarrollo del barrio, y lo que es peor no tiene un recorrido claro ni un uso natural para los desplazamientos desde el barrio a otras zonas de la ciudad. En este sentido debemos recordar que en diciembre de 2019 el pleno de este Ayuntamiento, aprobó por unanimidad, una propuesta de este grupo que incluía un paquete de medidas para fomentar una movilidad alternativa en Lugo con la bici como protagonista. Dos años después de este acuerdo plenario no se ha hecho nada de lo acordado. Esta forma de gobernar trae como consecuencia que este carril bici se está llevando a cabo en contra de la voluntad popular, por el gran impacto sobre la calidad de vida de los vecinos.

Respecto a la planta de biomasa el rechazo popular es exactamente el mismo que para el carril bici. Debemos recordar que este tipo de instalaciones ya ha tenido problemas en muchas otras ciudades por situarse en las inmediaciones de viviendas, y además en este caso concreto hay que destacar que en el ámbito de afección de esta planta se encerrarían varios parques infantiles y centros de estudios tanto públicos como privados (colegio público de Casas (401m.), I.E.S Leiras Pulpeiro (288m.), C.E.I.P Menéndez Pelayo (422m.), Escuela Infantil Municipal (390m.), Colegio Divino Maestro (455m.), Guardería Barrio sésamo (214m.), Escuela Infantil Arca de Noé (185m.), todos ellos situados a menos de 500 metros de la chimenea), y todo ello sin olvidar que los propios promotores de la

planta de biomasa van a implantar en sus alrededores un centro de salud integrado (64m.) y un geriátrico (154m.)

Los resultados de estudios desarrollados por la UE respecto a este tipo de instalaciones indican que pueden entrañar riesgos para la salud, tanto por el propio transporte de biomasa a una zona urbana con la consiguiente liberación de partículas biológicas al ambiente de agentes alérgenos como el polen o esporas fúngicas, como por la quema de la biomasa, con la liberación de productos de la combustión como son el dióxido de carbono y el monóxido de carbono.

Todos estos productos aumentan la incidencia de problemas respiratorios, como EPOC, favoreciendo la aparición de cáncer. De hecho, según un estudio de la Unión Europea dirigido por el doctor Mike Holland se concluye que, tras investigar 27 centrales de biomasa en casco urbano, se estima un incremento de un 30% en casos de EPOC y un 20% en cáncer en estos entornos.

Por todo lo expuesto, el Grupo Municipal Ciudadanos Lugo presenta al Pleno de la Corporación para su debate y, si procede, aprobación, los siguientes,
A C U E R D O S

PRIMERO.- Estudio para la creación de un parking público en las inmediaciones de la antigua Residencia valorando la posibilidad de instalar aparcamientos en superficie o subterráneos en las parcelas de titularidad municipal o, incluso, a través del inicio de contactos con propietarios privado con el objetivo de conseguir terrenos para este fin bien a través de compra, permuta o convenio.

SEGUNDO.- Promocionar el uso de la bicicleta dando cumplimiento a la propuesta de este Grupo Municipal de diciembre de 2019 aprobada por unanimidad que incluía un paquete de medidas para fomentar una movilidad alternativa en Lugo.

TERCERO.- Instar a la Xunta de Galicia para que busque una alternativa de generación de energía a la planta de biomasa que se prevé instalar en el nuevo complejo sanitario situado en la antigua Residencia.

Vista, así mesmo, a emenda presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, número 387 de Rexistro de Pleno, que foi rexeitada polo Grupo Municipal de Ciudadanos Lugo, autor da proposición.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 14 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 10 do Grupo Municipal do Partido Popular.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3655669572924672944.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-11-2021

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta,
ACORDA:

PRIMEIRO.- Estudo para a creación dun parking público nas inmediacións da antiga Residencia valorando a posibilidade de instalar aparcadoiros en superficie ou subterráneos nas parcelas de titularidade municipal ou, incluso, a través do inicio de contactos con propietarios privados co obxectivo de conseguir terreos para este fin ben a través de compra, permuta ou convenio.

SEGUNDO.- Promocionar o uso da bicicleta dando cumprimento á proposta deste Grupo Municipal de decembro de 2019 aprobada por unanimidade que incluía un paquete de medidas para fomentar unha mobilidade alternativa en Lugo.

TERCEIRO.- Instar á Xunta de Galicia para que busque unha alternativa de xeración de enerxía á planta de biomasa que se prevé instalar no novo complexo sanitario situado na antiga Residencia.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois neste caso Cidadáns, 3 minutos, como grupo proponente.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:**

Muchas gracias.

Bueno, como sabemos, todos los vecinos de la Residencia en los últimos tiempos se movilizaban todos los jueves, en movilizaciones con gran respuesta social en las que, fundamentalmente, reivindicaban dos cosas, que eran: opciones de aparcamiento, opciones de movilidad tras la ejecución del nuevo carril bici; y como segunda cuestión se reivindicaba que no se pusiera en ese entorno la planta de biomasa que se va a instalar para dar energía a los nuevos centros que ocuparán el antiguo espacio de la Residencia.

Sin embargo, estas propuestas han sido absolutamente desoídas, no se ha hecho nada al respecto y este grupo quiere estar con estos vecinos del barrio de la Residencia fundamentalmente porque creemos que tienen razón. Los vecinos del barrio de la Residencia y este grupo en particular no están en contra del carril bici. En lo que sí que está en contra es en la forma de hacer este carril bici: una ejecución mal planeada; el barrio está perdiendo cientos de aparcamientos, entre ellos los de minusválidos; al tiempo que se están retirando multitud de árboles plantados ya hace muchos años; existen avenidas como la ronda del Carmen o la calle Orquídea que pierden un carril en cada dirección, convirtiendo las mismas en calles angostas que incluso pueden entrañar algún riesgo en el caso de que fuera necesario el servicio de bomberos y de ambulancias que, previendo que allí va a haber un centro de salud, seguramente sea habitual. Ello supone también un varapalo para el comercio e iniciativa emprendedora de la zona, reduciendo el valor



de las viviendas y los locales comerciales de este barrio. Pero esta situación va a ir a peor porque, una vez que esté a pleno rendimiento este nuevo carril bici y el nuevo complejo, esto significará que los vecinos de la zona van a estar circulando por el barrio en busca de aparcamiento mucho más de lo que están ahora, y esa situación es de todo menos verde.

Por ello creemos que el Gobierno municipal debe involucrarse y tratar de crear nuevas plazas de aparcamiento en la zona estudiando la posibilidad de instalar aparcamientos de superficie o subterráneos ya sea en parcelas de titularidad municipal o a través del inicio de contactos con propietarios privados que nos consta que existen. De hecho, también nos consta que una propuesta en este sentido llegó al antiguo concejal de Urbanismo, el señor Couto, y que al parecer en un primer momento según nos comentan los vecinos había tenido incluso buena acogida.

Respecto a la planta de biomasa, el rechazo popular es exactamente el mismo y en este sentido debemos recordar que este tipo de instalaciones ya ha tenido problemas en muchas otras ciudades por situarse en las cercanías de las viviendas. Y además en este caso concreto hay que destacar que la zona de afección, dentro de esa zona de afección tenemos colegios, tenemos parques infantiles, tendremos el centro de salud, tendremos el geriátrico; y estos resultados de los estudios desarrollados por la Unión Europea, que no por la Xunta de Galicia, al respecto nos indican que este tipo de instalaciones tienen que ser complementarias y que pueden entrañar ciertos riesgos para la salud. Por eso entendemos que desde la Xunta de Galicia se debe buscar una alternativa para...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, continuamos co debate. Neste caso ten a quenda de intervención o portavoz do Goberno, o señor Fernández.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Moitas grazas.

Independentemente dos puntos de acordo, na proposición fálase de biomasa e de carril bici, e a min isto do carril bici recórdame o intenso debate que se produciu con ocasión da peonalización da rúa da Raíña, daquela cunha oposición frontal por parte dun importante número de veciños e de veciñas, seguramente entendido naquel contexto actualmente superado e que ninguén discute que se tratou dunha iniciativa beneficiosa. Pois co carril bici ocorre algo similar, e aínda que, efectivamente, eu percibo que se produciu ademais en moi pouco tempo un cambio substancial na opinión pública e, contrariamente ao que ocorría non hai moito tempo, a día de hoxe son cada vez menos os que se manifestan abertamente en contra, discrepan en todo caso nos itinerarios polos que debe discorrer.

Nada novo, nada sorprendente, ocorre en todas as cidades onde se está implantando, onde aparecen resistencias e dúbidas seguramente lóxicas nun primeiro momento pola novidade, pero que se van disipando na medida en que se demostra a súa utilidade. De maneira que todos deberíamos facer moita pedagogía e explicarlles aos veciños as moitas vantaxes que supón a incorporación da bicicleta como medio de transporte normalizado, integrado e seguro. Todos somos testigos ademais en Lugo de que se utiliza a bicicleta cada vez con maior

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refª: ispac3655669572924672944.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-11-2021

asiduidade. Basta con achegarse a Penarrubia a Orbazai ou ao paseo do Rato, por poñer un exemplo, para comprobalo, e as fins de semana observamos cada vez máis grupos de cidadáns saíndo en bicicleta da cidade nas distintas direccións.

E por que non se traslada todo isto de forma habitual ás rúas da cidade? Pois as razóns, ao meu entender, teñen bastante que ver coa imposibilidade de garantir a seguridade das bicicletas fronte aos vehículos. E niso estamos traballando, en incorporar a bicicleta con normalidade naquelas zonas en que sexa posible e en construír carril bici naquelas onde os técnicos basicamente por seguridade así nolo aconsellan, e por suposto tratando de minimizar sempre os posibles efectos que puideran ter sobre o estacionamento.

Lugo non é diferente ao resto das cidades europeas modernas que están implantando o carril bici, e non se sosteñen argumentos como o da crueza do clima, que ademais vemos que se dulcificou nos últimos anos, nin a orografía; moitas outras cidades teñen maiores desniveis e utilízana, e ademais ultimamente solvéntase coas bicicletas a motor. Trátase máis ben, e sabémolo todos, dun tema cultural e sobre todo de concienciación. E aí, se somos coherentes co que se di na proposición, de que *“es una de las herramientas hacia las que debe caminar una ciudad del siglo XXI”*, todos deberíamos contribuír e facer esa pedagogía tamén desde a oposición. É dicir, reivindicando cantas melloras, cantos cambios sexan necesarios e se consideren...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moitas grazas, finalizou a súa quenda. Quenda agora para o portavoz do Partido Popular.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Grazas, alcaldesa.

Nun principio, señor Vidal Pardo, de verdade que non compartimos o titular da súa iniciativa: Plan de actuación urxente para o barrio da Residencia. Este sería un bo titular hai 4 ou 5 anos, pero a día de hoxe xa existe ese plan e está en marcha por parte da Xunta de Galicia un plan ambicioso para o desenrolo deste barrio, e esta foi a única Administración que de verdade se comprometeu e se involucrou no barrio da Residencia. Recórdanse vostedes todos cando se creara unha comisión entre o Concello, Xunta de Galicia o Goberno central alá polo 2015-2016, e alí nos comprometemos todas as administracións para presentar proxectos para este barrio. E saben cal foi o resultado? Só a Xunta de Galicia e o Goberno central presentaron proxectos. A Xunta presentou o proxecto do Centro Integral, a base do 061, a oficina de emprego, a residencia da terceira idade, a planta de biomasa; e o Goberno central presentou para alí levar a comisaría da Policía, e todos os servizos da comisaría. E o Concello non presentou nin un só proxecto, despois de falar de moitos deles, e agora si apareceu co carril bici, que o único que fai é eliminar prazas de aparcamento alí.

Miren, agora o que procede é non poñer paus nas rodas ao proxecto que a Xunta está a implantar no barrio da Residencia. O que si é necesario é que o Concello, desde logo, deseñe un plan de futuro para que eses novos servizos que se van implantar alí teñan todos os servizos municipais necesarios; xa se debería estar traballando niso e non vexo eu que se estea traballando niso.



Dito isto, o noso grupo apoiaremos esta iniciativa se nela se inclúe unha emenda de engádegas nos puntos 2 e 3 co único fin de mellorar a iniciativa, en ningún caso para desvirtuar esta iniciativa.

Compartimos ao 100% o punto número 1, xa que é necesario adiantarnos aos problemas de aparcamento que xa están xurdindo a día de hoxe polo tema do carril bici e que poden ser moito maiores cando se poñan en funcionamento os servizos alí instalados.

No punto 2 compartimos a necesidade de promover o uso da bicicleta na cidade, estamos a favor, pero engadiríamos un párrafo para centrar a iniciativa no barrio da Residencia. Añadiríamolle: “rechazando así mesmo o deseño e trazado do carril bici neste barrio ao carecer dun estudo previo e sen dar alternativas de aparcamento aos veciños e veciñas do barrio”.

E no punto 3 gustaríame que todos fosemos moi rigorosos e non nos deixásemos levar por correntes negacionistas ou por grupos de presión sen ter en conta os estudos e os datos que nos poidan rebater a dita iniciativa, e por iso engadiríamolle o seguinte párrafo: “sempre que non se cumpran as recomendacións de todos os organismos encargados de velar pola seguridade e a saúde dos veciños e veciñas da zona”.

Polo tanto, se aceptan esta emenda, nosoutros votaremos a favor desta iniciativa.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Iniciamos entón a segunda quenda por parte do señor Vidal-Pardo, minuto e medio.

- **JUAN MANUEL VIDAL PARDO GARCÍA:** Sí, muchas gracias.

Yo lamento decirle que, efectivamente, nos ratificamos en nuestro título de Plan de actuación urgente, porque, si efectivamente hay un plan desde hace tantos años en el barrio de la Residencia, los vecinos no se han enterado. Porque el barrio languidece, el barrio cada vez tiene menos viviendas ocupadas, la media de edad cada vez es más grande y encima ahora lo que parecía que iba a ir, que se debatiría en otra propuesta, pero que era la comisaría, todavía ahora también está, la comisaría Nacional de Policía también está en duda.

Y respecto al carril bici, claro, es que se nos dice “es que tiene que haber concienciación, es que el carril bici es importante”. Si nosotros compartimos que tiene que haber un carril bici, nosotros compartimos que las ciudades del futuro deban tener un carril bici, pero para eso tiene que haber efectivamente concienciación y no la ha habido, tiene que haber promoción y no la ha habido, y las instalaciones que se hagan en este sentido tienen que promoverlo y ahora mismo la actuación que está en este barrio lo que hace es alejar a la gente del carril bici, lo que hace es una contrapublicidad contra el carril bici, porque no le conecta con el centro, porque la media de edad, ya decía antes, es muy elevada y pocos van a ser los usuarios, porque apenas les conecta con barrios sin pasar por cuevas o por traslados que solo haría un ciclista profesional. Es decir, ahora mismo no es útil, el trazado no es útil y está acabando con calles que hasta ahora eran transitables y tenían plazas de aparcamiento. Sí al carril bici, pero no a este



ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3655669572924672944.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-11-2021

trazado, al menos hasta que no se busquen outras alternativas que traten de paliar los defectos, los perjuicios que ha creado...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Segunda quenda para o portavoz do Goberno, minuto e medio.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Moitas grazas.

Pois, en primeiro lugar, discrepamos rotundamente coa emenda do Partido Popular na que di que non hai estudos, porque non é certo que non se planificara e porque, ademais, coa súa postura poñen en risco a percepción dos necesarios fondos EDUSI. Claro que se fixeron estudos, claro que se buscaron e se seguen buscando alternativas. Por que cren vostedes que o proxecto foi validado e recibiu todos os parabéns do Ministerio primeiro e das comunidades europeas despois? Eu non sei se o Partido Popular o que pretende é poñer en risco os fondos europeos e expoñernos a unha penalización, e perder unhas axudas fundamentais para o desenvolvemento e a modernización da cidade. Se é así, díganllelo aos veciños e asuman as consecuencias.

Con respecto aos puntos do acordo, pois por suposto que se actuou creando aparcadoiros alternativos; concretamente na rúa Piñeiro e Beberide, 53 prazas, Alcalde Francisco Lamas López, 16, co repintado de rúas en batería; Mandeo, Pomar, Amizade e rolda do Carmen, cun total de 51; ou tamén, e dada a escaseza de terreos á disposición de titularidade municipal, negociando cos propietarios, algo que non sempre é sinxelo pero que se fixo e se segue facendo nalgúns casos con boas expectativas.

Miren, nos mandatos de Lara Méndez lévanse posto en funcionamento 9 parques alternativos, coa creación de arredor de 1.000 prazas públicas e gratuítas para os veciños.

En relación á promoción, dicir...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, finalizou o seu tempo. Quenda agora para o portavoz do Partido Popular.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Grazas, alcaldesa.

Señor Fernández, nosoutros non estamos en contra dos fondos europeos, estamos a favor de que se invistan en proxectos útiles para esta cidade, e vostedes os fondos europeos estanos utilizando en proxectos que nada están aportando á cidade; polo tanto, esa é a nosa negativa.

E, señor Vidal Pardo, nosoutros, como comprenderá, se non acepta a emenda, porque a emenda vai para mellorar a iniciativa, non vai para desvirtuala; por tanto, nosoutros non podemos ser cómplices de frear un proxecto, que, se vostede pasara por alí, vería que hai un proxecto que se está desenvolvendo na parcela do antigo hospital e no materno. Polo tanto, que diga que non hai un proxecto da Xunta de Galicia parece que non pasou por alí. Desde logo a Xunta ten un proxecto para aí e desde logo dentro dese proxecto hai unha parte que leva unha planta de biomasa. Esa planta de biomasa, o Inega encargou uns informes a un estudo de enxeñeiros



onde di que é perfectamente validable e non produce ningún residuo que non sexa maior que a outra planta de combustión como había alí.

Encima, a día de hoxe, que sepamos, o Concello deulle autorización a esa obra. Polo tanto, tamén mirarían se cumpren os requisitos. Polo tanto, non sabemos esa negativa a que vén en torno á planta de biomasa cando a biomasa nesta provincia, se algunha enerxía ten valor, sería nesta provincia porque somos unha gran produtora de biomasa e é unha enerxía renovable e, segundo consta en todos os informes, é unha combustión neutra en canto á emisión de CO₂. Polo tanto, estamos contribuíndo tamén a reducir ese cambio climático. Polo tanto, non entendemos esa negativa a esa parte do proxecto que a Xunta de Galicia está a desenrolar no barrio da Residencia.

Miren, o estudo ese do Inega que encargou a un estudo de enxeñeiros certifica que a eliminación de partículas desa planta representaría soamente o 16% do que estaría permitido que eliminara esa planta. Polo tanto, non sei, pode haber pero hai que falar con informes técnicos, non polo que me din ou hai un rechazo. Bueno, pode haber un rechazo, pero...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois última quenda para o grupo propoñente, 30 segundos.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Muchas gracias.

No podemos aceptar a enmienda proposta por el Partido Popular simplemente porque desvirtúa la nuestra. Nosotros sí queremos dejar constancia de nuestra oposición, al igual que están los vecinos de la Residencia, a este tipo de plantas de biomasa. Nosotros creemos que las plantas de biomasa tienen que ser una fuente de energía alternativa y no principal. Dense cuenta de que solo con la torva que tiene allí cada 15 días, la menor expectativa en un consumo bajo estaríamos hablando de 10 camiones cada 15 días pasando por el barrio, por un barrio en el que hay residencias y en el que hay un carril bici, y luego... Bueno es que se acaba el tiempo y es imposible.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas.

Creo que ás veces sería bo tirar de hemeroteca e refrescar datas, porque o compromiso do señor Feijóo para actuar no barrio da Residencia xa foi previo ao traslado ao HULA, dicindo que alí se ían facer investimentos. O traslado ao HULA foi no ano 2011, estamos no 21, é certo que agora están iniciadas as obras a desenvolver no barrio da Residencia, pero había un compromiso do señor Feijóo no ano 2011. Que hai que recordar que estaba gobernando o Partido Popular na Xunta de Galicia e estaba gobernando o Partido Popular no Goberno central. Por certo, señor Carballo, vostede era delegado do Goberno, subdelegado do Goberno nese momento. Non é así a historia, a historia non é así, non se pode reinventar.

En todo caso, tamén creo que cómpre recordar que o investimento que se fai alí non é exclusivo da Xunta de Galiza, a Xunta de Galiza vai facer unha inversión para poñer en valor o barrio da Residencia con infraestruturas boas e necesarias; o Goberno central financia tamén parte dalgunhas das actuacións, como poden ser a



ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3655669572924672944.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-11-2021

oficina de emprego, que financia esa obra; e non podemos olvidar tamén a inestimable aportación que está facendo o señor Amancio Ortega no noso concello, que, como digo, foi máis inversor Amancio Ortega que a propia Xunta de Galicia nos últimos anos, que vai financiar esa residencia da terceira idade.

E, con respecto ao carril bici, tamén me gustaría recordar, porque a demagogia está ben, pero ás veces chega a límites que se extralimitan, e gustaríame recordar que no ano 2018 na comisión de seguimento DUSI fíxose a presentación dun estudo de alternativas primeiramente, de varias alternativas, incluso naquela comisión o propio técnico, que é agora o responsable deste contrato, veu explicar *insitu* a todos os membros dos distintos grupos políticos este estudo de alternativa. Propostas feitas, entre outros, polo Partido Popular? Ningunha. Asentían ás explicacións do técnico e despois asentiron tamén ao trazado resultante, e non se dixo absolutamente nada, no ano 2018. E despois dise que non estivo consensuado, que non estivo falado, que se descoñecía, no ano 2018 tratouse nesa comisión DUSI. Vostede non era membro aínda desta Corporación, señor Carballo, pero algún compañeiro seu de banquillo si estaba nesa comisión e, polo tanto, alí puido falar, dicir e opinar e incluso propoñer algunha alternativa distinta que non se fixo. Polo tanto, a demagogia está ben, pero creo que ten que ter uns límites.

Vamos proceder entón á votación da proposta coa emenda rexeitada do Partido Popular.

8/148 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 379/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A INCLUIR NOS PGE 2022 A NOVA COMISARÍA DE POLICÍA NACIONAL (Exp. 2021/G004/000953).- Vista a devandita proposición do Grupo Municipal Ciudadanos Lugo, número 379/2021 de Rexistro de Pleno, que foi ditaminada na Comisión Especial de Conta e Ordinaria de Alcaldía e Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, do 19 de novembro de 2021, expresiva do seguinte:

“Exposición de motivos:

A actual Comisaría da Policía Nacional en Lugo data dos anos 70 do século pasado. Situouse nun edificio do ano 1940 de pouco máis de 2.000 metros, segundo consta no catastro, nunha rúa estreita, cunha gran intensidade de tráfico e sen case espazo para aparcar. Construíuse para unha plantilla de 100 traballadores, que co paso dos anos converteuse nunha instalación obsoleta.

Na actualidade, superan os 200 empregados; non cumpre cos estándares mínimos de accesibilidade contempladas na normativa vixente para instalacións públicas, xa que nin hai un ascensor. Hai soamente dúas duchas, que ás veces non teñen nin auga quente. E tampouco teñen a súa disposición unha galería de tiro, indispensable para as súas prácticas, tendo que desprazarse a outras instalacións situadas a máis de 15 quilómetros, e privadas. Polo que, como se pode comprobar, pola súa antigüidade e polas súas reducidas dimensións, non reúne as condicións

óptimas para o desenvolvemento do traballo dos axentes da Policía Nacional de Lugo.

En relación á necesidade da construción dunha nova Comisaría de Policía existe un amplo consenso. Os sindicatos representativos da Policía Nacional de Lugo levan anos reclamando esta infraestrutura máis que xustificada, do mesmo modo que a nivel político tamén existe o respaldo para que a nova comisaría sexa unha realidade.

Tamén era compartido que a situación idónea estaba nos terreos do Vello Hospital, e así se confirmou en varias e múltiples ocasións polo Partido Popular no ano 2017, sendo naquel momento Juan Ignacio Zoilo Ministro do Interior. En novembro de 2017, en resposta ás preguntas de José Manuel Barreiro, así o confirmou. Pero en ningún momento, aclarou nin os prazos nin os orzamentos necesarios para que esta infraestrutura comezara a definirse nos vindeiros anos.

Os orzamentos xerais do Estado de 2016 incluían unha partida de 100.000 euros para realizar os estudos previos para a construción da nova Comisaría, cuxa consignación repetiuse en anos sucesivos pero nunca se chegaron a executar. Partida orzamentaria que no ano 2019 desapareceu e xa non se volveu a recuperar nos sucesivos orzamentos do partido socialista. E converteuse nos últimos anos nun novo rifirrafe entre o Partido Popular e o Partido Socialista en base as competencias da Xunta de Galicia e do Goberno Central.

En marzo de 2020, a subdelegada do Goberno en Lugo recolleu a reclamación dos secretarios xerais do sindicato SUP en relación á construción da comisaría e en outubro de 2020, a alcaldesa falaba de varios solares municipais nos que se podía albergar esta nova infraestrutura, dado que os terreos do vello hospital xa teñen un novo uso. Comisaría actuals en cidades similares a Lugo contan cun espazo de entre 7000 e 8500 metros cadrados, polo que é preciso ter en conta estes datos.

Para o noso grupo municipal, a situación idónea segue a ser no barrio da Residencia, ao tratarse dunha zona ben comunicada e cun amplo consenso entre a cidadanía para que a zona norte non perda esta infraestrutura ao contar a zona sur xa coas instalacións da policía local. Polo que é preciso coñecer se existen terreos dispoñibles, tanto públicos como privados, para poder axilizar a tramitación de ser necesario.

Para estes orzamentos xerais de 2022 novamente esquecéronse de asignarlle unha partida, polo que quedaría en suspenso un ano máis. De aí que o noso grupo no Congreso presentamos unha emenda para que se dote de consignación, que polo momento aínda non foi rexeitada polo goberno socialista. Pero consideramos imprescindible que esta Corporación tamén reivindique dun xeito unánime a necesidade, por motivos máis que xustificadas, da construción dunha nova comisaría na cidade de Lugo.

Tralo exposto anteriormente, o grupo municipal de Ciudadanos Lugo considera de interese municipal que o pleno da corporación acorde:

1. Instar ao Goberno de España a modificar o proxecto dos PGE de 2022 co obxecto de incluír a partida necesaria e suficiente para iniciar a construción da nova Comisaría de Policía Nacional en Lugo.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3655669572924672944.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-11-2021

2. Instar ao goberno municipal a inventariar os terreos para albergar a nova comisaría, e poñer a disposición do Ministerio as parcelas tanto públicas como privadas, tendo en conta o compromiso amosado en múltiples ocasións para que se sitúe no barrio da Residencia.

3. Dar traslado do presente acordo á Presidencia do Goberno, así como á totalidade dos grupos parlamentarios no Congreso dos Deputados.”

Visto, así mesmo, a emenda “in voce” presentada no transcurso do debate pola voceira do Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia- PSOE, no sentido de incluír no apartado resolutivo segundo certas expresións de xeito que o referido apartado quedaría redactado co seguinte teor: “*Instar ao goberno municipal a inventariar os terreos para albergar a nova comisaría, e poñer a disposición do Ministerio as parcelas **resultantes**, tanto públicas como privadas, tendo en conta o compromiso amosado en múltiples ocasións para que se sitúe no barrio da Residencia, **na medida do posible**.*” Emenda que é aceptada polo Grupo Municipal de Ciudadanos Lugo, autor da proposición.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, coas modificacións introducidas durante o debate, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 24 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

PRIMEIRO.- Instar ao Goberno de España a modificar o proxecto dos PGE de 2022 co obxecto de incluír a partida necesaria e suficiente para iniciar a construción da nova Comisaría de Policía Nacional en Lugo.

SEGUNDO.- Instar ao goberno municipal a inventariar os terreos para albergar a nova comisaría, e poñer a disposición do Ministerio as parcelas resultantes, tanto públicas como privadas, tendo en conta o compromiso amosado en múltiples ocasións para que se sitúe no barrio da Residencia, na medida do posible.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo á Presidencia do Goberno, así como á totalidade dos grupos parlamentarios no Congreso dos Deputados.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, tería 3 minutos o grupo propoñente. Cando queira, 3 minutos.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Como nos gusta tanto a todos os que estamos aquí falar da hemeroteca, pois vamos falar de hemeroteca, porque a construción da nova comisaría de Policía Nacional en Lugo estase a converter nun deses asuntos que conta cunha magnífica hemeroteca de anuncios e de promesas desde hai xa uns cantos anos para sacarse só do caixón cando se espera un rédito electoral ou partidista, porque cando ten que aparecer dun xeito máis real e concreto pois hai un preocupante silencio.

A súa urxente e absoluta necesidade seguro que é compartida por todos os que estamos aquí, unha construción que en pleno século XXI non conta nin coas mínimas medidas de accesibilidade, como é un ascensor, sen espazo suficiente para albergar os máis de 200 traballadores, sen aparcadoiros suficientes e tampouco con servizos que lle permitan realizar o seu traballo nunhas condicións óptimas. Falamos dunha construción de máis de 50 anos que xa non dá resposta ás necesidades para unha cidade de case 100.000 habitantes como é Lugo.

No ano 2017 –comezamos coa hemeroteca– desde o Partido Popular á fronte do Goberno estatal comezou a plantexarse a posibilidade de que se puidera construír nos terreos do vello hospital. Así o comunicou o presidente da Xunta esta posibilidade en febreiro dese mesmo ano, creo que nunha reunión cos veciños da Residencia e anunciándoo así, e os veciños recibiron con agrado esta posibilidade porque sen dúbida sería un incentivo máis para dinamizar este barrio, que, señor Carballo, perdera nos últimos anos, porque a Xunta de Galicia non fixo nada neste barrio durante 10 anos para recuperar a actividade económica e social deixando que un barrio se degradara absolutamente. Pero en ningún momento, verdade?, o Partido Popular co señor Barreiro á cabeza foi quen de comprometer os cartos, máis alá dos 100.000 euros que aparecían repetidos en distintos orzamentos para comezar polo proxecto e moito menos falar de datas ou prazos concretos. Soamente había estas promesas baleiras de contido.

En novembro de 2018 a Xunta de Galicia anunciaba que xa estaban encargados os traballos de demolición nos terreos do vello hospital e aínda nestas datas aparece contemplada a reserva de espazo para a construción da comisaría.

En setembro de 2019 remataron os traballos de demolición para dar paso ao inicio das máis que esperadas obras, pero en febreiro de 2020, cando se anunciou a construción do Centro Integral de Saúde pois xa non se facía referencia a estas instalacións. E de xeito definitivo en setembro de 2020 afirmou que a residencia da terceira idade ocuparía tamén o espazo reservado para a comisaría, pero tampouco se lle deu outra alternativa, a pesar de que por parte agora do Partido Socialista tamén se fixera eco desta necesidade que foi recollida por parte da subdelegada do Goberno en Lugo tras un encontro cos sindicatos policiais, simplemente desapareceu do debate das reivindicacións políticas.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refª: ispac3655669572924672944.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-11-2021

Está moi ben que todos recoñezamos a súa necesidade, pero é preciso que apareza reflectido ese recoñecemento. E ese lugar son os orzamentos xerais do Estado. Para o ano 2022 non existe nin un só euro destinado ao seu inicio e é preciso que se vaian dando pasos para que as intencións e as palabras comecen a converterse en feitos.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz do BNG.

- **ALEXANDRE PENAS ROIBÁS:** Bo día a todos e a todas. Grazas, señora alcaldesa.

En relación a esta proposición do Grupo de Cidadáns de Lugo, é probable que chegue tarde para cumprir o obxectivo de modificar eses orzamentos do Estado; de todas as maneiras, non lle quita un ápice de interese a ese debate político, lexítimo, en relación cos orzamentos do Estado e a nosa cidade.

O BNG considera que os orzamentos de forma xeral son mellorables para a nosa cidade, para a nosa provincia, e pensamos que necesitamos moitos anos seguidos de bos orzamentos do Estado e tamén da Xunta para paliar esa débeda histórica que teñen coa nosa cidade e coa nosa provincia. E falamos de infraestruturas como o tren, creo que é *voxpopulie* que é unha demanda que temos que poñer e non olvidar nunca nesta cidade como de equipamentos como é o caso, como o apoio ao sector industrial ... (non se entende) ... crise, como a baixada do IBI prometido reiteradamente para sectores esenciais e que non se está cumprindo. En definitiva, son uns orzamentos que si que non cumpren coas expectativas da nosa cidade e da nosa provincia.

Tamén, dende logo, para non desviarme do tema, no referente á comisaría demandada, como ben fixo de maneira ampla a portavoz de Cidadáns, por esta Corporación e por diferentes axentes sociais desde hai bastantes anos.

Coidamos que si que nos equivocamos en enfocar este debate dos orzamentos do Estado neste tema cun tema de terreos, en que teña que estar implicado o Concello de Lugo. Coidamos que é desviar a atención, que frustra as expectativas de moitos cidadáns e, como ben dixo a portavoz de Cidadáns, pois é un tema tan recorrente que parece que se está mareando a perdiz e que non se está falando en serio do que se quere. Entón coido que aí si que está equivocada esta moción e si que hai que recalcar o interese da cidade en que o Estado exerza as súas competencias, basicamente é o que ten que facer, e asuma as súas responsabilidades con esta cidade.

Rematei.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas e quenda agora para a portavoz do Partido Socialista, a señora Alvarellos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, alcaldesa.

Evidentemente estamos todos de acordo, como dicíamos, creo que estamos todos de acordo en que o actual edificio da comisaría de policía non reúne as condicións



óptimas para desenvolver o labor que ten encomendado e que é necesaria unha nova infraestrutura adaptada aos novos tempos e, por suposto, tamén á nova realidade da nosa cidade. Estamos absolutamente de acordo.

E, dito isto, como pola portavoz de Ciudadanos se fixo un pequeno recordatorio e refresco da memoria, que me gustou, moi ilustrativo, pero quero matizar un par de cousas, engadir un par de cousas, non matizar o que dixó, engadir un par de cousas: o 19 de xullo do 2019 aquí houbo un desembarco nesta cidade polo señor Feijóo, a ministra Fátima Báñez, anunciando a bombo e platillo unha estratosférica inversión pública de máis de 21 millóns de euros. Mentira, ao final adxudicáronse 11 millóns, porque unha gran parte da inversión era privada; como todos sabemos, Fundación Amancio Ortega. Máis ou case a metade da parcela está ocupada pola inversión privada, pagada privadamente, como todos sabemos. Polo tanto, primeira mentira.

Segunda mentira: por suposto, o señor subdelegado do Goberno naquel momento era o señor Carballo, estaba alí presente, como el mesmo di. Para poder levar a cabo determinadas edificacións, entre elas a da comisaría de policía, era necesario facer un trámite, que era o trámite da reversión, porque era necesario que se puidera dedicar a determinados usos que non foran sanitarios. E aquel mesmo día firmouse un protocolo que despois se desenvolveu en dous acordos, como vostede ben sabe, para que se fixera esa reasignación de usos a parcela de antigo hospital, para que se puidese construír este tipo de que non tivera un destino sanitario. Pero hete aquí que chegamos ao 31 de maio do ano 2018. Que pasaba o 31 de maio do ano 2018? Estábase debatendo no Congreso dos Deputados a moción de censura pola cal o señor Rajoy perdeu o Goberno, e o PP, e aquel mesmo día anuláronse eses dous acordos. É curioso, é curioso. Unha deslealdade á cidade de Lugo sorprendente, que nos sorprende a todos porque non hai explicación e vostede estaba alí, vostede, firmáronse esas anulacións. E, por se non o recordan, foron pedidas explicacións pola nosa alcaldesa cando a nova subdelegada do Goberno inmediatamente puxo en coñecemento o que pasara. É dicir, anuláronse a retrocesión e supuxo anular o trámite imprescindible para que se puidera construír a parcela da comisaría. Non imos ir atrás, pero isto é importante recordalo. Se estamos aquí neste Pleno falando dunha comisaría, que se hai que construíla, que se non hai que construíla, é porque houbo unha deslealdade institucional palmaria, pero sobre todo o máis doloroso é a deslealdade co pobo de Lugo, ese é fundamentalmente o problema que houbo nese momento.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz do Partido Popular.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Grazas, alcaldesa.

Miren, como non pode ser doutra maneira desde logo xa lles adianto que nosoutros imos apoiar esta iniciativa porque, desde logo, é de toda xustiza que o Corpo Nacional de Policía teña unhas novas instalacións nesta cidade. Pero, como se expoñía xa nos motivos da iniciativa e explicou a propia portavoz de Ciudadanos, é necesario que haxa unha partida presupostaria, e iso desapareceu dos

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3655669572924672944.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-11-2021

presupostos. E de feito o Partido Popular no Congreso tamén xa ten presentada unha emenda neste senso aos presupostos deste ano.

Miren, todos compartimos que as instalacións, díxose aquí, que non reúnen condicións nin para os traballadores nin para os usuarios. Polo tanto, é unha necesidade urxente facer esas instalacións. E aquí a verdade é que parecía que había un consenso entre todas as institucións, entre todos os grupos, tanto para a construción como para a súa ubicación, ía ser no vello hospital. Pero chegou o Goberno socialista a Madrid, a través desa moción de censura apoiado, iso si, polo Bloque Nacionalista Galego, e a partir daquela a Xunta de Galicia pediulle en varias ocasións ao Goberno do Estado que dixera se ía seguir o compromiso que había co anterior ministro do Interior. A calada por resposta e a iso non se comprometeron para nada. De feito, nos presupostos do Estado desapareceu a partida que había destinada.

E o de desbloquear o tema desa parcela, señora Alvarellos, tamén lle digo, grazas á reunión do señor Barreiro e o señor Valeriano Martínez, conselleiro de Facenda falecido, que hoxe recordamos aquí, pois grazas a iso desbloqueouse o tema da reversión dos terreos e puido ir adiante ese proxecto. Polo tanto, nosoutros o que de verdade necesitamos é que haxa unha partida presupostaria. Polo tanto, entendemos moi ben esa emenda para que se volva a meter nos presupostos do Estado unha partida para construír, pero tamén é responsabilidade municipal. Como non vai ser responsabilidade deste bigoberno, señor Álex, teñen unha responsabilidade de aportar un sitio para esa..., porque ao final non pode ir na parcela da vella residencia; por que?, porque o Goberno do Estado non se comprometeu a facela aí e hoxe non queda sitio nesa parcela. Polo tanto, comprométanse a iso e busquen unha parcela para iso porque, se non, xa lles digo, tanto o Bloque, que aínda que non está no Goberno si son cómplices deses orzamentos, porque vostedes apoiaron tamén esa moción de censura e son cómplices, agora póñense de lado, pero tanto a foto de Ana e Adriana, cos presupostos do Estado ían arranxar os problemas de Galicia e de Lugo, para nada nos aportaron. Polo tanto, póñanse a traballar, busquen un soar ou unha parcela para poder crear esa comisaría e, se non, será o Partido Popular quen a faga novamente porque lles queda pouco tempo a vostedes en Madrid.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moitas grazas. Iniciamos a segunda quenda de intervencións, minuto e medio por parte de Cidadáns.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Señor Penas, supoño que o seu compañeiro no Congreso, o señor Néstor Rego, non lle comentou que o noso grupo presentou esta emenda xa para os orzamentos 2022 porque aí é o sitio onde hai que facelo. Simplemente queremos que estea sexa o respaldo a esa emenda. E sabe por que? Porque, como lucense, cabréame moitísimo que quen ten a oportunidade de gobernar, quen ten a oportunidade de tomar decisións e de marcarse prioridades nos obxectivos nos siga tomando o pelo unha e outra vez. Este é un exemplo máis, pero sabemos todos dos moitos que existen de como está Lugo e por que nunca e por que sempre se promete en momentos electorais e logo despois gárdase nun



caixón. E tamén porque é necesario plantexar, como dicía o señor Carballo, os espazos para esta ubicación. E nós non queremos que sexa o Estado o que marque esa ubicación, senón que se siga un criterio de oportunidade local, que nós poidamos decidir onde queremos que estea a nova comisaría de policía. Nós entendiamos que a zona da Residencia, esa zona era un bo espazo porque ten boas comunicacións e ademais porque a zona norte non conta con este tipo de infraestruturas, pero sabemos que era complicado, pero pode existir a posibilidade de que existan terreos privados que poidan ubicar este espazo. Polo tanto queremos que sexa este Concello, esta Administración a que marque a idoneidade deste edificio nun espazo determinado e que non veña o político de turno do Goberno central a dicirnos onde ten que estar porque lle apetece ou porque quere que sexa así.

Entón, nós simplemente pedimos un compromiso a nivel nacional e un compromiso desta Administración para poder poñer os terreos á disposición cando por fin apareza dotada esta partida nos orzamentos e poidamos falar de realidades e de feitos concretos e non de ensoñacións ou de promesas do Partido Socialista e do Partido Popular.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz do BNG.

- **ALEXANDRE PENAS ROIBÁS:** Señor Carballo, coído que está equivocado con esa foto; despois, se quere, aclárollo, pero creo que mestura aí recordos. Si que houbo unha foto, non foi esa, pero bueno, creo que a este debate tampouco suma nada, entón ímolo deixar aí.

Olga Louzao, eu creo que acabamos de corroborar o que eu intentaba explicar na miña primeira intervención: aquí tanto o Partido Popular cando está no Goberno e cando está na oposición ten unha actitude completamente diferente; neste caso tiveron a sorte, si, si, e tamén o Partido Socialista. Neste caso tiveron a sorte de que lles saíu o partido filial, neste caso vostedes aquí en Lugo, para facerlles o traballo sucio, e aí está a clave: vostedes expoñen e aquí intenta rematar Carballo, o que a min me dá verdadeiramente vergoña como lucense.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Finalizou, entendo, a súa quenda. Por favor, respecten as opinións dos demais aínda que non se compartan e utilicen as quendas para rebatelas. Quenda agora para a portavoz do Partido Socialista, a señora Alvarellos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Grazas, señora alcaldesa. O primeiro que quero é facer a emenda que ía facer, e respecto ao momento primeiro estamos totalmente de acordo igual que no punto 3; e no punto 2 simplemente matizar unha cousa: "Instar o Goberno Municipal a inventariar os terreos que alberga a nova comisaría e poñer á disposición do Ministerio as parcelas –aí poñer 'resultantes dese inventario'–, tendo en conta o compromiso amosado en múltiples ocasións para que se sitúe na medida do posible no barrio da Residencia". Simplemente unha matización porque hai que facer ese inventario.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refª: ispac3655669572924672944.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-11-2021

Dito isto, o único que quero dicir é que quedan retratados. Vou recordar simplemente: 31 de maio do 2018, anuláronse os dous acordos. E queda claro por que foi e despois di “púidose facer despois”, despois xa estaba como está aquí e así aparece emprendemento aeronáutico, aparecen un montón de cousas, pero xa non había sitio nesta parcela; que, por certo, como digo, máis da metade ou case a metade, perdón, case a metade é de promoción privada.

E, dito todo isto, quero manifestar que a disposición do Concello de Lugo é total para colaborar e contribuír a que se materialice a nova dotación. Polo tanto, imos votar que si a esta proposta se se fai esa matización no punto segundo. E esta colaboración é independentemente da cor do Goberno que estea, é por lealdade institucional, pero fundamentalmente por lealdade aos nosos veciños, como fixemos en moitas ocasións. Por exemplo, só poño un exemplo: o CEI do Sagrado Corazón; podo poñer moitos máis, pero ese é o máis recente. Pero polo tanto lealdade...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, finalizou a súa quenda, e agora minuto e medio para o portavoz do Partido Popular.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Grazas, alcaldesa.

Miren, o que queda moi retratado é que nunca o Partido Socialista gobernando neste Concello tivo intención de destinar a comisaría para o barrio da Residencia, nunca; porque, miren, vostedes no 2005 fixeron, a verdade, varias propostas para esa parcela do antigo hospital. Primeiro propoñían para o Materno e para a Escola de Enfermería, uns apartamentos para a terceira idade, un centro de saúde, un centro sociocultural e para o resto do complexo non descartaban incluso a posibilidade de construír vivendas. A verdade é que despois no 2007, cando perden vostedes esa maioría absoluta, descartaron tamén esa posibilidade, pero seguían solicitando no 2010 que se fixera alí ese psiquiátrico, no Materno, polo tanto vostedes nunca, nunca apostaron pola comisaría para o barrio da Residencia.

E, señor Penas, mire, os orzamentos mellorables? Home, vostedes son responsables, o que pasa é que agora este ano parece ser que xa non son necesarios e xa non os teñen en conta, e a foto de Ana e Adriana era para presupostos para Galicia tamén. Polo tanto, Lugo estaba nesa partida. Se se avergonzan da foto, non é culpa miña, iso é culpa de vostedes.

Mire, nosoutros está claro que imos seguir apostando por que a comisaría vaia para o barrio da Residencia e polo tanto se este bigoberno, estráñame moito que o Bloque se faga da parte de fóra e diga que non vai colaborar en buscar unha ubicación, é unha falta de respecto institucional, porque a Administración onde lle van facer unha infraestrutura debe...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Última quenda para o grupo propoñente, 30 segundos.

- **OLGA LOUZA O ALDARIZ:** Si aceptamos a emenda presentada polo Partido Socialista. E mire, señor Penas, o noso grupo en Lugo só ten un obxectivo, que é traballar por e en beneficio dos lucenses. Filial de ninguén; pero, bueno, seguro que vostedes si que nos poden falar máis do que é ser filial, porque vostedes están alí



na rolda de prensa do Congreso tapando as vergoñas do Partido Socialista, e iso que ademais non asumiron ningunha das emendas que vostedes presentaron. E, por certo, recórdolle que Ciudadanos foi o grupo que maior número de emendas presentou ante o Congreso dos Deputados, a pesar de ter só 10 representantes, pero foi o que máis traballou; outros nin unha.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas.

É certo, non era unha proposición nosa, nós asumímola despois como propia no momento en que hai unha demanda veciñal, que foi quen primeiro empezaron a reivindicar que se implantara alí a comisaría unha vez tida a necesidade de reformar ou de realizar unha comisaría nova.

É certo que noutras ocasións, nos orzamentos ían 100.000 euros para a nova comisaría de Lugo, gobernaba o Partido Popular, incluíase nos orzamentos pero nunca se executaban, cousa á que nos ten tamén acostumados e vivímolo en primeira persoa co Plan Paradai, que leva 13 anos indo nos orzamentos, ano tras ano, unha partida de 450.000 € sen executar nada; ou a ronda Leste, estes últimos anos vemos como reiteradamente volvemos levar unha partida. Polo tanto, a inclusión de partidas nos orzamentos? Si, porque sen iso ao mellor non se pode iniciar; agora, se non se executan e non se materializan, ao final queda todo en declaracións de intencións, pero sen execución ningunha.

Polo tanto, aceptada a emenda que propoñía o portavoz do Partido Socialista, procedemos a votar esa proposta.

9/149 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 381/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE PROCEDA DE XEITO INMEDIATO A ABRIR AS LISTAS DE EMPREGO DO CONCELLO DE LUGO (Exp. 2021/G004/000954).- Vista a antedita proposición do Grupo Municipal do Partido Popular, número 381/2021 de Rexistro de Pleno, que foi ditaminada na Comisión Especial de Contas e Ordinaria de Alcaldía e Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, do 19 de novembro de 2021, cuxo teor é o seguinte:

“No mes de xullo de 2020 o Concello de Lugo anuncia a creación dunha bolsa de emprego que recolle 42 categorías co obxectivo de cubrir as posibles vacantes que se poidan producir nos diferentes servicios municipais para, a continuación, publicar a convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo no mes de agosto. Deste xeito garantízase que en ningún momento queden postos sen cubrir, sobre todo nalgúns departamentos que por distintas circunstancias son máis proclives a atoparse en situación de escasez de persoal e nos que se detecta unha demanda frecuente de traballadores.

Tras unha resposta que rebasou todas as expectativas deuse por sentado que as listas estarían preparadas despois dunhas semanas.

Como toda esta situación se producía nun momento crítico para moitas

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3655669572924672944.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-11-2021

familias parecía unha boa oportunidade de emprego que daría unha saída a persoas en situacións de dificultade para atopar un emprego.

Cando xa transcurriu máis dun ano dende a convocatoria das mesmas, a día de hoxe están publicadas as listas de auxiliar administrativo, arquitecto, analista-programador, ingeniero de caminos, traballador social, oficial de lector de contador e músicos (nesta hai varios instrumentos).

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Lugo, presenta a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- Que o Concello de Lugo publique de xeito inmediato, antes do remate do ano 2021, as listas de emprego que aínda están pendentes, dando oportunidade de emprego a numerosos lucenses que solicitaron a súa inscrición nas mesmas e garantindo que se cobren a totalidade de postos nos diferentes servizos municipais."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

Efectuada nova votación con idéntico resultado e, en virtude do voto de calidade da Excm. Sra. Alcaldesa-Presidenta, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA REXEITAR** a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

- **MANUEL RAFAEL PÉREZ PRADOS:** Moitas grazas, señora alcaldesa.

En el *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo*, con fecha 8 de agosto de 2020, sábado, se publica la convocatoria específica para la creación de bolsas de trabajo en 42 categorías profesionales para el Concello de Lugo. Plazo de presentación de instancias: 10 días hábiles.

A la vista de la avalancha de solicitudes, las fechas estivales, la situación del Covid-19 y los atascos en los registros públicos, especialmente el municipal, totalmente colapsado, la Junta de Gobierno Local aprueba en sesión extraordinaria urgente, el 21 de agosto de 2020, ampliar el plazo de presentación de solicitudes otros 10 días hábiles más, hasta el 4 de septiembre de 2020. Por todo ello, una buena parte de los interesados se vieron en la necesidad de acudir a las oficinas de correos para registrar las solicitudes previo pago. El plazo de presentación de solicitudes se cerró hace 14 meses y 21 días exactamente. Las listas de empleo se dividen en 42



categorías profesionales. A día de hoy, 14 meses y 21 días después, no han sido ustedes capaces de abrir más que 7 de las 42 categorías, un paupérrimo 16,6%.

La tasa de paro global en España es de 14,6%, la mayor de la eurozona. El paro juvenil español de menores de 25 años se dispara hasta un 31%. España es el país de toda la OCDE con mayor tasa de paro juvenil y de toda la eurozona, en este último caso doblando la media. No es menos cierto que el Concello de Lugo no es una empresa ni una agencia de colocación, aunque a veces lo parezca, pero es fácil suponer que una buena parte de las solicitudes para estas bolsas de empleo serían de personas jóvenes, vecinos que podrían encontrar un puesto de trabajo en su ciudad. En concreto 120 empleos que se han perdido hasta hoy, según los datos que hoy ofrecen en *El Progreso*. En este proceso ustedes han incumplido sus propias normas absolutamente. En la convocatoria de las bolsas de trabajo en el *Boletín Oficial de la Provincia* del 8 de agosto dicen en la base cuarta, valoración: "Pechado o prazo de admisión de instancias, procederá a Comisión de Selección no prazo de 15 días hábiles á comprobación dos requisitos dos aspirantes e á baremación das solicitudes; 10 días máis para alegacións dos interesados", incumplido. "A Comisión de Selección en 10 días hábiles efectuará a proposta definitiva de puntuación". Nada. Base quinta: "Aprobación. De conformidade coa proposta efectuada pola Comisión de Selección, a titular da concellería delegada de Recursos Humanos aprobará no prazo de 5 días hábiles a bolsa de traballo coa puntuación, orde de chamamento, a cal se expoñerá no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello". Nada. Base sexta: "Actualización". Incumplida, nada de nada, van máis de 440 días, 63 semanas y hai 35 listas de las 42 sin salir ni tener noticias de ellas.

Les han tomado el pelo a los lucenses, han vendido humo, han jugado con sus ilusiones y expectativas. Por todo lo anteriormente expuesto, les pedimos que voten a favor de esta iniciativa para que antes del 31 de diciembre de este año tengan publicadas todas las listas.

Gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas e quenda agora para a portavoz de Cidadáns.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Esta Administración, señora Alvarellos, seguro que vostede o sabe moi ben, leva anos adoeendo dun problema grave en materia de persoal: retrasos nas ofertas de emprego, existencia de taxas de reposición para poder convocar determinado número de prazas, a necesaria aprobación dunha RPT actualizada, a inexistencia de listas ás que acudir en caso de necesidade e a existencia de servizos colapsados en moitas ocasións pola falta de traballadores, e isto está a ser un lastre. Así comprobamos como servizos sociais están desbordados, o servizo de augas baixo mínimos, o Servizo de Intervención alude en cada informe á necesidade de persoal suficiente, retrasos gravísimos na concesión de licenzas... Unha realidade que fai que a atención ao cidadán sexa máis que mellorable sobre todo en eficiencia e eficacia. Non era entendible que

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3655669572924672944.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-11-2021

ante estas situacións no mandato anterior non se recorrera a todos os instrumentos existentes para tratar de paliar esta sensación compartida por moitos de colapso.

As bolsas de traballo no mes de xullo do ano pasado foron anunciadas por vostede, señora Alvarellos, como unha ferramenta fundamental para corrixir esas determinadas situacións e sobre todo porque tamén significaban unha oportunidade laboral para moitas persoas ao abrirse a 42 categorías nun momento social e económico complicado. E desde o noso grupo, señora Alvarellos, seguro que o recorda, aplaudimos esta decisión porque era máis que necesaria. A resposta foi abrumadora, desbordados, afirmaba vostede ante tantas solicitudes: entre 2.000 e 3.000, pero como en tantas outras ocasións estas boas ideas acaban sendo un *bluf* porque a xestión das mesmas por este bigoberno deixa moito que desexar. Quedan no subidón, na adrenalina que lles dá o anuncio, pero logo perden as forzas cando se trata de desenvolverlas, e isto é incomprendible. Non ten explicación posible, señora Alvarellos, que máis dun ano despois desas 42 categorías non cheguen á decena as listas definitivas aprobadas, tendo en conta ademais que o consideraban algo primordial. 14 meses máis tarde abrumados ten vostede a todos os cidadáns que seguen esperando a ver se a lista aparece publicada. E iso que desexaba vostede que as máis urxentes estiveran no prazo dun mes. As primeiras, se non me erro, creo que foron as de traballador social e publicáronse en xuño deste ano. Todo parece indicar, señora Alvarellos, que os seus desexos non foron ordes. Como vén sendo habitual, as présas éntranlles para ter con que encher a páxina web municipal e os titulares das notas de prensa, todo a modo de competición, pero véñense abaixo en canto hai que poñerse a traballar a outro ritmo que non sexa o do despacito, que é o habitual deste Goberno.

Pola nosa banda imos apoiar esta proposta para que este ano 2021 si que poida rematar coa publicación de todas estas listas pendentes, que xa non é sen tempo, señora Alvarellos, e sobre todo esperamos que nos diga vostede cales foron os inconvenientes que atopou vostede para que esa sensación abrumadora e desbordada e con tantas ansias e sendo un obxectivo primordial quedara aí 14 meses máis tarde gardada nun caixón, outro máis.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora paraa portavoz do Goberno, a concelleira de Persoal.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, alcaldesa.

Cando tomei posesión como concelleira de Persoal encomendoume a alcaldesa varias cousas, fundamentalmente catro: a elaboración dunha RPT, a aprobación e execución das OPE, a convocatoria de concursos e promoción interna para redimensionar de maneira efectiva esta Administración, e a elaboración de bolsas de emprego que nos permitisen prover en todos aqueles casos de necesidades polas baixas que se produciran.

Respecto á primeira, é evidente, aprobouse por unanimidade entrou en vigor en xuño do ano 2020.

Respecto ás OPE, estamos a executar as mesmas; onte mesmo xa tivemos mesa de negociación da OPE do 21 e neste momento temos en marcha en diferentes



fases os procesos, que en quenda libre temos 15 procesos neste momento en marcha, en promoción interna 14 procesos en marcha; en total 29 procesos nestes momentos, desde auxiliares administrativos a arquitectos, enxeñeiros, ordenanzas, etcétera, o nunca visto nesta Administración concretamente.

A terceira foron os concursos. Como xa lles dixen e expliquei naquela comparecencia, nestes momentos levamos máis de 100 concursos, outra cousa nunca vista nesta Administración, máis de 100 concursos. Podo destacar as xefaturas de servizo, as de sección, as de negociado, podo destacar moitísimas máis. Polo tanto, non me fale, señora Louzao, do despacito.

A cuarta era a elaboración das bolsas. O obxectivo das bolsas de emprego era crear listas de substitución naqueles departamentos nos que se vén detectando unha demanda frecuente de funcionarios que collían baixas para permitir garantir a continuidade da actividade que se desenvolve nestas áreas sen que se vexan afectadas por circunstancias, como digo, das baixas laborais, a chegada de períodos vacacionais, o incremento puntual de tarefas que teñen asignadas determinados servizos. Ese é o obxectivo das bolsas. A creación destas bolsas espertou dende o inicio, como ben di vostede, unha gran expectación; 12.000, 12.000 exactamente, bueno 12.000... En torno a 12.000 solicitudes das 42 categorías. A orde de publicación destas listas, que é o que non entenden vostedes, non o entenden, a orde de publicación fixémosla nós por unha razón. A que atende? A criterios de urxencia segundo as necesidades detectadas pola Administración para ocupar aquelas prazas vacantes nos servizos con maior traballo ou con maiores baixas. Vanse abrindo a medida das necesidades, vale? Así a día de hoxe están publicadas a de oficial lector, que foi a primeira; a de traballadores sociais, músicos en distintas categorías, arquitecto, analista, programadores, enxeñeiro de camiños, auxiliar administrativo. Están a punto de entrar técnico especial en TIC, enxeñeiro de montes, industrial, técnico industrial, técnico de obras públicas, administrativos con 1.078 solicitudes, etcétera. Están a punto tal.

Realizáronse no que vai de ano unha vintena de contratacións xa con estas bolsas, porque vós dicides: "publicar as bolsas", estamos abrindo e publicando en función das necesidades porque temos outras cousas...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Finalizou o seu tempo. Iniciamos a segunda quenda co Partido Popular, minuto e medio.

- **MANUEL RAFAEL PÉREZ PRADOS:**

Bueno, por lo menos nos enteramos de que hay 12.000 solicitudes, no está mal. Hasta ahora no sabíamos nada.

Traía aquí unos datos preparados porque, como ustedes siempre usan la muletilla de echarle la culpa a la Xunta de sus males pensando que aquí también nos dirían que la Xunta es la culpable de que aquí no salgan las listas, les voy a explicar un poco cómo hacemos en la Administración autonómica de la que, como saben, tengo el orgullo de formar parte.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3655669572924672944.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-11-2021

Pues bien, la Xunta de Galicia maneja más de 900 listas, aproximadamente, como las que ustedes pretenden activar desde hace más de 14 meses. Si quieren, pueden comprobar en los móviles, en la página web de la Xunta cómo están diseñados los listados, totalmente transparentes regulados con varios decretos de la propia Xunta de Galicia. Tenemos para personal laboral, grupos del 1 al 5, entre 4 y 5 listas para cada uno, una por provincia y otra para servicios centrales; unas 595 listas de personal laboral. En cuanto a personal funcionario interino, existen del orden de 350 listas para 61 categorías. Tenemos 10 grandes grupos para 180 categorías profesionales con más de 900 listados funcionando correctamente desde hace muchos años y sin apenas incidencias reseñables hasta donde yo sé.

Es decir, señora alcaldesa, se puede hacer, se debe hacer aunque solo sea por respeto, por respeto a todos aquellos vecinos que en el mes de agosto de 2020 se metieron en una cola en plena ola de Covid-19 para entregar una solicitud de trabajo de la que nunca más tuvieron noticias.

Muchas gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Iniciamos a segunda quenda para a portavoz de Cidadáns.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Señora Alvarellos, hai algo que non acabo de entender: por que cando defende a súa xestión pon exemplos de cousas que son normais coma se foran cousas extraordinarias? Mire, ter unha RPT aprobada é algo normal; ter bolsas de emprego non é algo extraordinario, é ordinario; e sacar as ofertas de emprego público en tempo e forma non é algo sorprendente, é o normal nunha Administración. A min isto si que me sorprende, esta actitude de falar de cousas normais como se foran logros de chegar á Lúa. Non, mire, é o seu traballo.

E, mire, mentía antes ou mente hoxe, porque tamén vostede ten hemeroteca, é o que pasa ao ser concelleira de Economía, porque dicía vostede que desexaba –xa lle dixen que os seus desexos non foron ordes porque non lle saíu ben– que as máis urxentes estiveran nun mes, case un ano máis tarde. Cal foi o erro? E que fale vostede da publicidade, mire, o normal é que se publiquen as listas e que se recorra a elas cando se necesitan, non que se publiquen a medida que sexan urxentes. A urxencia será cando se necesita recorrer a determinados postos de traballo, que eses van marcarlle a necesidade e a urxencia. O normal é que estean publicadas e que se recorra a elas cando esta Administración o necesite. Mentía antes ou mente hoxe. Isto é o que ten que explicar.

E non defenda a súa xestión coma se estivera facendo grandes logros cando é simplemente o que ten que facer, para o que está aí sentada e cobrando.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para a portavoz do Goberno, a señora Alvarellos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Señor Pérez, o primeiro que lle quería preguntar é cantos funcionarios ten a función pública da Xunta, funcionarios. Vamos facer unha comparativa e se a facemos, que a faremos, o éxito destas listas



é total. Iso xa llo digo eu, só coa comparativa, pero bueno, estou falando eu, señor Pérez. Isto sería máis ben dun rogo, pero nunca dunha proposición. Vostede pode facer un rogo, pero facer unha proposición para isto, pero bueno. Se non sabe que houbo 12.000 solicitudes ou 11.000 e pico é porque non puxo o oído en numerosas comisións, o que pasa é que vostede non vai a esas comisións e non o sabe, claro; e os seus compañeiros non llo trasladan, pero estaba dito en numerosas comisións que houbera... Bueno, vostede non o escoitou, pero bueno, faga propaganda da Xunta, pero se quere facemos comparacións.

Dito todo isto, estas bolsas teñen ademais unha vocación permanente, é dicir con actualización constante. É o único Concello de Galicia que ten iso. Vostede pode falar da Xunta, pero a nivel municipal somos a única, a única que ten iso. Pretendemos ademais nestes próximos presupostos vai ir a adquisición que se contempla nos orzamentos dun programa informático para mantelas constantemente, xa llo anuncio, constantemente actualizadas. Polo tanto, como lle dicía, realizáronse no que vai de ano 21 contratacións xa con estas listas, e iranse abrindo segundo as necesidades que vaian xurdindo na nosa Administración, porque abrílas e ter a xente aí cunhas listas abertas sen saber delas, señor Pérez, ten razón vostede, iso si que xera frustración. E nós imos ao ritmo que podemos, porque á vez estamos executando as OPE e temos todos eses procedementos abertos. Polo tanto consideramos que estas listas son un auténtico éxito. Non o queren escoitar, pero é un auténtico éxito.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois última quenda para o portavoz do Partido Popular.

- **MANUEL RAFAEL PÉREZ PRADOS:** Bueno, eu estou abraiado de toda esta parafernalia, de todas estas mentiras para os cidadáns de Lugo. Mire, si no votan a favor de esta iniciativa, yo no sé cómo van a justificarlo ante los ciudadanos de Lugo, porque yo me sentiría avergonzado de pertenecer a esta Corporación por la nula falta de empatía de este Gobierno, de su Gobierno, con los lucenses.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas.

É certo que hai cuestións que son procedementos normais e que deberíamos ter normalizados, pero pódense normalizar cando hai un traballo feito, que é o que estamos a facer en materia de persoal. É certo que debemos ter unha RPT actualizada, pero non é menos certo que estaba sen actualizar desde o ano 2006; é certo que se debe sacar a oferta de emprego pública todos os anos, pero é certo que no ano 2011, 2012, 2013 e 2014 non se sacaron, a partir do 2015 sacamos todas as ofertas de emprego públicas.

E o tema das bolsas, hai que recordar que o único Concello en toda Galicia que o ten, a Xunta de Galicia teno, é unha comunidade autónoma, pero como concellos somos o primeiro que puxo en marcha este procedemento. E, tal e como se lle explicou, vai en cuestión das prioridades porque hai outras cousas que facer á par de todos estes exemplos que estamos poñendo, como poden ser promocións internas, como pode ser cubrir as cadeas de mandos e como pode ser dotar de persoal, de cubrir as baixas rápidas, e son moitas as cuestións que estamos

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3655669572924672944.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-11-2021

facendo, estase mellorando e estase notando tamén no reforzo dos distintos servizos. Non vou entrar a recordar o señor Montoro, pero daqueles barros estes lodos.

E polo tanto estase a facer un esforzo brutal e tremendo por parte do Concello de Lugo para realizar esta situación e mellorar. En todo caso, hai algún dato tamén controvertido que vostede dixo, señor Pérez. Recordo que a taxa de emprego de Lugo está moi por debaixo da media e foi descendendo nos últimos 15 anos, e máis que vai descender coas medidas e políticas que estamos desenvolvendo e levando encima.

E, para finalizar, unha cousa preocupante: alégrome de que por fin saiba que houbo máis de 12.000 solicitudes nunha das bolsas, alégrome de que o saiba, pero eu estou preocupada porque a acta tena vostede, co cal non se molestan nin en ler o que se recolle nas actas e nas actas das comisións tratouse. É a súa obriga, é a súa obriga; a súa obriga é tamén fiscalizar e controlar o labor do Goberno estea ou non estea presencialmente, porque presencialmente xa está unha representación. Polo tanto, todos temos tamén obrigas, e a verdade é que preocupa ver ás veces o descoñecemento que ten a oposición do funcionamento do Concello ao cal representan.

Imos proceder entón a votar esta proposta.

10/150 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 382/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A AXILIZACIÓN DA RESOLUCIÓN DE LICENZAS E A ADHESIÓN DO CONCELLO DE LUGO Á REDE ‘CONCELLOS EMPREENDEDORES, DOING BUSINESS GALICIA’ (Exp. 2021/G004/000955).- Vista a citada proposición do Grupo Municipal Popular, número 382/2021 de Rexistro de Pleno, que foi ditaminada na Comisión de Sostibilidade Urbana e Cohesión Territorial do 19 de novembro de 2021, que é do seguinte teor:

“No Concello de Lugo a concesión de licenzas retrásase varios anos se estamos a falar de zonas rurais, e non é moito máis corto o prazo se falamos da zona urbana. Un problema que lonxe de mellorar, co paso do tempo parece que se enquista.

Dende o GMPP levamos anos demandando e propoñendo solucións para a axilización da tramitación das licenzas no Concello de Lugo, pasando polo reforzos e reorganización dos servizos municipais, o apoio se é preciso en colexios profesionais, asistencia técnica ou calquera opción que permita mellorar os prazos de tramitación. De feito poñemos sobre a mesa outra opción nese senso, apoiándonos na lexislación vixente, concretamente no artigo 54 da Lei 09/2021 de Simplificación Administrativa e de Apoio á Reactivación Económica de Galicia, que articula a posibilidade de que os proxectos que vaian acompañados dunha certificación emitida por una ECCOM vexan os trámites axilizados, xa que o Concello unicamente tería que validalo, permitiría rebaixar a carga de traballo dos técnicos municipais nunha área que xa de por si é bastante deficitaria en persoal, e

garantir que se poidan dar licenzas no prazo dun mes como indica a citada lei.

Este é un problema que atinxe a todas as licenzas de obra e ten especial relevancia no caso de proxectos para iniciar unha actividade empresarial ou para a súa ampliación, algo tan necesaria nos tempos nos que nos atopamos. Son tempos de fomentar o crecemento económico e de buscar o revulsivo que precisa a nosa cidade para atraer iniciativas que axuden a facer de Lugo unha cidade próspera na que a xente se instale e crear comunidades activas e implicadas na cidade, pero para elo é preciso crear un entorno que engada valor para atraer ás empresas ao noso municipio.

Co obxectivo de facer do Concello de Lugo un destino atractivo para iniciativas empresariais e estimular a economía da nosa cidade, o Grupo Municipal do Partido Popular trae a pleno esta proposta para entrar a formar parte da iniciativa da Xunta de Galicia e a FEGAMP 'Concellos emprendedores Doing business Galicia'.

Unha iniciativa que ten como obxectivo que ningún proxecto viable quede atrás por falta de apoio dende as administracións, e que establece a necesidade de levar a cabo algunhas das propostas xa plantexadas por este grupo no que a ordenanzas se refire, e dicir, bonificacións no IBI, no IAE ou no ICIO..., para facer a cidade de Lugo atractiva a novos proxectos empresariais e que anime ás existentes a ampliar a súa actividade. Unhas medidas que son importantes para animar ás empresas a instalarse nas cidades e nos polígonos, pero non son suficientes, tamén se fai precisa a axilización de trámites administrativos. Os concellos deben comprometerse a conceder as licencias de obra maior ás empresas nos prazos que marca a Lei de simplificación administrativa, que no seu artigo 54 establece un prazo de resolución do procedemento de un mes cando se inclúa a certificación de conformidade.

O obxectivo é facer do Concello de Lugo un municipio atractivo para o asentamento de novas empresas e que o noso concello se inclúa entre as administracións que colaboran cos emprendedores para que non perdan oportunidades de negocio e lograr o efecto multiplicador que ao mesmo tempo que apoia a implantación de tecido empresarial lograr posicionarse de xeito preferente na concesión de xudas destinadas a impulsar a industria, o emprego ou o emprendemento.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de Lugo, presenta a seguinte PROPOSTA DE ACORDOS:

1.- Que en aras á axilización e resolución de licenzas, o Concello de Lugo leve a cabo as modificacións internas precisas e adopte as medidas necesarias para asumir o compromiso recollido no artigo 54 da 'Lei 9/2021, de 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia' de resolución de licenzas no prazo máximo dun mes, sempre que se acompañe voluntariamente dunha certificación de conformidade. Así mesmo darase difusión desta posibilidade aos cidadáns polos medios axeitados.

2.- O Concello de Lugo iniciará os trámites necesarios para adherirse á Rede de Concellos emprendedores 'Doing business Galicia' adoptando as medidas precisas para elo."

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3655669572924672944.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-11-2021

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

Efectuada nova votación con idéntico resultado e, en virtude do voto de calidade da Excm. Sra. Alcaldesa-Presidenta, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** 3 minutos para o señor Ameijide, portavoz do Partido Popular.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Muchas gracias, alcaldesa.

Yo de Paula Alvarellos estaría preocupada después de esta enmienda a la totalidad de su intervención, ya que la alcaldesa parece que quedó absolutamente insatisfecha con los motivos esgrimidos por la señora Alvarellos.

No hace falta recordar, yendo ya a la intervención, no hace falta recordar el grave problema que tenemos en este Ayuntamiento con la lentitud o la burocracia, con la lentitud administrativa, que esto se agrava además especialmente en el caso de licencias. Bueno, en el caso de licencias excepto en cosas que sí que hacen lo nunca visto, como por ejemplo en el Garañón ahí sí que fueron excepcionalmente rápidos convocando una Junta de Gobierno el 31 de diciembre, pero esto no es lo habitual, ahí sí que realmente iban como un tiro, como dice la señora Alvarellos, fueron como un tiro para garantizar la edificabilidad porque al día siguiente el constructor perdía edificabilidad. Y dieron, por cierto, una licencia ilegal, por eso está ese edificio en las cuestas pendiente de que en algún momento decidan demolerlo.

Estos retrasos, como digo, perjudican mucho al sector de la construcción: albañiles, escayolistas, pintores, electricistas...; perjudican a particulares que quieren construir su vivienda o reformarla; perjudican a autónomos que quieren emprender o ampliar su negocio; y perjudican también las oportunidades de los lucenses, ¿por qué? Porque hay empresas que deciden no venir a Lugo porque no están dispuestas a afrontar 2 años de espera, un año de espera, un año y medio de espera por una licencia, está claro, hace que las empresas se vayan de nuestra ciudad o directamente no vengán. En el mejor de los casos se van a municipios limítrofes

donde la licencia en lugar de darla en 2 años, como el Ayuntamiento de Lugo, tarda un mes; pero en el peor de los casos se van a otras ciudades o a otras provincias donde perdemos esas oportunidades para nuestros vecinos.

Por eso yo les pido y les emplazo a un debate sereno para buscar soluciones. Yo creo que ningún lucense nos perdonaría que no votemos a favor o que no debatamos con serenidad las propuestas que hoy traemos a este Pleno desde el Partido Popular. Hoy proponemos desde el Partido Popular que cualquier licencia se pueda dar en el plazo máximo de un mes si cumplen los trámites, si cumplen de forma voluntaria además los requisitos del artículo 54 de la Ley 9/2021. Es decir, venir acompañada de una certificación, una ECCOM que acredita que cumple la legalidad urbanística y que además exime de responsabilidades a los técnicos municipales e incluso exime la necesidad de pedir esos impuestos. Por tanto, le estamos dando una solución para en un mes poder dar licencia a cualquier proyecto que se presente en este año ayuntamiento especialmente vinculado a las iniciativas empresariales o iniciativas de autónomos que emprendan algún tipo de negocio. Demos soluciones en lugar de poner problemas a quien quiere invertir en Lugo.

Y además proponemos apostar por la captación de empleo en nuestra ciudad, captación de inversiones; por eso proponemos que el Ayuntamiento de Lugo se adhiera a los ayuntamientos de Galicia Emprendedores, a los ayuntamientos Doing Business. Como saben, es mejorar y hacer políticas de mejoras fiscales desde el Ayuntamiento de Lugo y sería también agilización administrativa, y estos son los compromisos que debe asumir el Ayuntamiento de Lugo. Votaron a favor en el año 2017, les pedimos que vuelvan a votar a favor de esta iniciativa pero además que lo cumplan, porque hace 4 años que lo cogieron y no sirvió de nada. Por eso les pedimos encarecidamente consenso y ganas de trabajar.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moitas grazas, iniciamos o resto de intervencións. Por parte de Ciudadáns o seu portavoz.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Muchas gracias.

Bueno, pues efectivamente que hace falta agilizar licencias en el Ayuntamiento de Lugo yo creo que estaremos todos de acuerdo y estaremos todos de acuerdo en que además en que la agilización de licencias es un motor de creación de riqueza. Es decir, es una parte muy importante. Por ese motivo, la verdad esta propuesta solo se puede apoyar, porque si se da uno cuenta al final lo que se está proponiendo es simplemente que haya una alternativa más para que las licencias puedan funcionar.

Soy consciente de que desde el propio sector, arquitectos, constructores, existe alguna suspicacia respecto a estas modalidades contratando ECCOM, porque efectivamente, yo entiendo que puede existir en ciertos momentos cierta inseguridad jurídica de quién es el responsable de firmar esos proyectos, el hecho de que lo haga una entidad privada y no un funcionario público, el hecho de que a lo mejor esa ECCOM acabe siendo una UTE o una empresa que simplemente se disuelve y quién asumiría la responsabilidad. Temas de seguros también, qué tipo

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3655669572924672944.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-11-2021

de seguro podría asumir esto. Pero sí que es cierto que no es imposible salvar todo esto. Al final es una herramienta que nos va a facilitar que el Ayuntamiento de Lugo pueda expedir más licencias en menos tiempo. ¿Qué es lo que sucede? Que sí que es cierto que Lugo es muy particular y nosotros apoyamos esto por este momento puntual en que creemos que es necesario descongestionar, pero quizás no sería nuestra postura la misma si el Ayuntamiento de Lugo estuviera con las licencias al día, porque sí que es verdad que esto simplemente tiene que ser una herramienta más y no la forma de funcionar de forma cotidiana. Lo que hay que hacer en realidad es reforzar el servicio, es lo que tiene que hacer la Administración para que funcione debidamente, que se expidan las licencias en tiempo y forma y cumpliendo con la ley, pero quizás esto como una herramienta fundamental. Pero insistimos en que en este momento creemos que el tapón que existe en Lugo hay que descongestionarlo, es un momento además en que salimos de una pandemia en la que es muy importante crear riquezas, crear oportunidades y que en el próximo año, en los próximos años la iniciativa emprendedora tenga un refugio también en el Ayuntamiento de Lugo y pueda ayudar a mucha gente que al final en Lugo y en España en general el mundo del emprendimiento está en precario y creemos que estas apuestas son las necesarias para un futuro a corto y medio plazo. Nada más y muchas gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para a portavoz do Goberno, a señora Alvarelos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, alcaldesa.

Señor Ameijide, fala vostede de atracción de empresas, emprego, rapidez na resposta, na tramitación das licenzas, dinamizar a cidade tamén, e a súa única solución pasa por unirse a un instrumento chamadopropagandisticamenteDoing Business, que impón unicamente obrigas aos concellos sen ter en conta as peculiaridades de cada cidade, sen unha análise sosegada, que parece que a quere facer hoxe, porque no periódico non o vexo, de cada caso concreto e mesmo ignorando fórmulas moito máis avanzadas. En resumo, ou fala por mala intención ou por descoñecemento ou por insensatez. É dicir, fala moito de Business pero pouco de Doing, como nos ten acostumbrados. En fin...

En Lugo este Goberno ten convertido en oportunidades os problemas que se van xerando en moitos territorios, temos un exemplo que foi a pandemia, recibindo neste intre constantes proxectos empresariais que buscan iniciar ou continuar a súa singradura na nosa cidade, para o que a Alcaldía está a traballar nunha estratexia de planificación e implementación de tales proxectos.

As preguntas que se fixo e respondeu a alcaldesa en momentos tan duros como os da pandemia son eficaces políticas illadas de subvencións e incentivos fiscais de carácter temporal para captar novas empresas? Existen outras fórmulas que garantan non só atraer a inversión empresarial senón tamén retela? Esas son as preguntas. Facíase necesaria esta reflexión, aquí si que houbo reflexión, que reafirmou a conveniencia de prescindir deste tipo de medidas simplificadas a curto prazo, curtopracistas, e a necesidade de levar a cabo políticas que favorezan non



só a captación de investimento, senón que o fixen a través de mecanismos que axuden a reter as empresas na nosa cidade garantindo un crecemento económico. As empresas tenden a localizarse en cidades cunha poboación activa e xoven. As empresas están dispostas a trasladarse alí onde os seus potenciais traballadores queren vivir, e era necesario tamén afrontar na idea da marca Lugo para posicionar a nosa cidade como un lugar diferencial. E para esa diferenciación creouse o Lugo Transforma, acollido unanimemente por empresarios, economistas, académicos, como unha das iniciativas máis importantes desta cidade e tamén, por suposto, no ámbito de Galicia, pioneira no ámbito de Galicia e nos termos en que foi plantexada tamén no ámbito nacional.

E, señor Ameijide, neste terreo é onde fraquean as súas forzas adicándose a lanzar críticas abertas a funcionarios municipais cuxa única vocación é servir os cidadáns; criticar veladamente un coordinador do que nin sequera lle ten interesado saber cal ía ser a estratexia que pensaba para mellorar a tramitación na área de Urbanismo, a instrución que saíu o outro día, e en xeral empéñase en sembrar negatividade sobre o presente e tamén sobre o futuro da nosa cidade co único afán de acadar o seu soño laboral futuro de ser delegado de Urbanismo, supoño.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Iniciamos a segunda quenda, minuto e medio para o portavoz do Partido Popular.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Veo que no le comentaron que levamos casi un mes esperando a que nos convoquen a una reunión para tratar temas de urbanismo, que le solicitamos a la alcaldesa hace casi un mes y todavía no se nos respondió, probablemente a usted no la informó su alcaldesa.

Miren, en primer lugar, hablando de los concellos Doing Business Galicia, la verdad es que yo espero que no perdamos este tren, igual que perdieron el AVE, que fueron el otro día a inaugurar a Ourense pero que a Lugo no llega. Miren, de hecho yo creo que aquí fue un poco como un tiro y a lo mejor tiene que preguntarle a su jefe provincial, al señor Tomé, que si está inscrito y adherido a los concellos Doing Business, o incluso al líder de los socialistas gallegos, bueno al nuevo líder de los socialistas gallegos, que As Pontes también está adherida a este protocolo. Tan malo no será cuando sus referentes políticos están adheridos. Santiago también está, por cierto, sí. Bueno, lea los papeles.

Una vez resuelvan en plazo, efectivamente, como decía el señor representante de Ciudadanos, una vez se resuelvan en plazo las licencias, no hará falta este procedimiento que hoy planteamos aquí en este Pleno. Esto es algo voluntario que de forma temporal, ojalá que en breve las licencias se resuelvan en el plazo que marca la ley, que son 3 meses. Ojalá. Si es así, créanme que nadie va a solicitar este tipo de certificaciones, es normal, ojalá que sea así, ojalá que se refuerce el servicio, ojalá que las instrucciones funcionen. Pero la realidad es que las empresas se están yendo de Lugo, y usted usó un verbo que me preocupa, dijo que usted quiere retener a las empresas en Lugo. No, no, tenemos que captar a las empresas para que vengan a Lugo, para que sea atractivo venir a Lugo, no retenerlas, hay que captarlas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Segunda quenda para o portavoz de Cidadáns.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Pues hay cosas que no podemos negar y el hecho de que haya empresas que no están a gusto con cómo funciona el servicio de licencias es verdad; que hay empresas que han querido venir a Lugo y finalmente se han ido es verdad; que ahora mismo casi disuade el venir a Lugo es cierto; que hay incluso empresas que se han ido también es cierto; y que promover que este servicio funcione mejor como un motor de riqueza, hombre, yo creo que estaremos todos de acuerdo.

Luego yo puedo entender las diferencias partidistas y que cada uno vengamos aquí a leer nuestro libro, por supuesto, pero esta propuesta al final es que no se entiende que no se apoye porque al final es propositiva, es decir, es dotar al Ayuntamiento simplemente de un arma más, de un instrumento más para conseguir agilizar esas licencias. ¿Qué problema hay en eso? Supongo que estaremos todos de acuerdo en que esto funcione mejor.

Cierto, como decía antes, que hay ciertas inseguridades y que incluso el Colegio de Arquitectos nos las traslada, todas totalmente salvables, pero que yo creo que ahora es el momento de tomar decisiones y no creo que sea arriesgada, pero si lo fuera, creo que también habría que ser valiente y tomarla, porque, si no tomamos este tipo de decisiones, si no cambiamos la forma de hacer las cosas, las cosas no van a funcionar mejor, y creo que venimos de estar muchos años en esa misma situación y, si no se toman medidas un poco de cierto empaque, no vamos a salir de la situación en la que estamos.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Segunda quenda para a portavoz do Goberno, a concelleira de Persoal.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Grazas, señora alcaldesa.

Mire, señor Ameijide, explique vostede aos cidadáns que o prazo para resolver as licenzas co expediente debidamente conformado non excede do mes. Podo poñerlle moitos exemplos; por exemplo a residencia Amancio Ortega ou outras moitas, incluso algún dos que presenta a Xunta están perfectamente conformados. Entón é un mes. O problema é cando non veñen así e hai que andar requirindo constantemente. Ou é que a entidade certificadora está disposta a avaliar un proxecto sen que estea completo?

Explique tamén aos cidadáns, señor Ameijide, por que quere repercutir aos cidadáns o custo dun servizo das entidades que vostede propón que os técnicos municipais na súa condición de funcionarios públicos fan gratuitamente.

Explique, señor Ameijide, quen asumirá as responsabilidades esas das que falaba o señor Vidal-Pardo e por iso causa tantas retencions, fundamentalmente nos profesionais do Colexio de Arquitectos, estas responsabilidades que se deriven de posibles irregularidades nos proxectos de obra que baixo a súa máxica solución se poidan outorgar.

Explique tamén que tarifas e prezos rexerán neses servizos para evitar que os que máis teñen saian beneficiados fronte ao xeral da nosa poboación.

Explique en definitiva, señor Ameijide, que tan alto concepto de si mesmo ou outra circunstancia lle fai pensar en ser a solución para a axilización de todos estes trámites.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Última quenda para o Partido Popular, 30 segundos.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Para nada alto concepto; todo lo contrario, es una propuesta y un guante que recogimos de la Asociación de Constructores que usted le enviaron además esta iniciativa el 25 de mayo, se lo propusieron y usted todavía no les ha respondido a ello.

Efectivamente, si leyese la ley, diría y vería que las únicas responsables frente al Ayuntamiento del contenido de las certificaciones serán las ECCOM, las entidades certificadoras. Léase la ley, por favor. Solo pedimos de verdad consenso, voluntad de diálogo y de apoyar iniciativas para desbloquear en lugar de poner problemas a los licenses. Demos la opción de que voluntariamente se acojan a este artículo y, en segundo lugar, adhirámonos a los concellos gallegos Doing Business, que es una oportunidad, no algo para discutir, de verdad, vayamos de la mano. En el 2017 votaron a favor, no hicieron nada, vuélvanlo a hacer ahora. Nos tienen con la mano tendida para intentar colaborar. No sigan al choque, que así no nos vale de nada a los licenses.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Bueno, señor Ameijide, os técnicos municipais sempre estiveron e están á disposición dos grupos da oposición, como ben saben. É dicir, entre os meus cometidos non está o feito de pecharlles a vostedes a axenda e cerrar reunións cos funcionarios, poden ir vostedes polos distintos servizos e así falar con eles, como teñen feito noutras ocasións, porque non sei por que nalgún caso van aos despachos con normalidade en outros necesitan audiencia previa e titulares de prensa. Os técnicos están á disposición, tanto no seminario como os que están aquí ubicados, que ademais o teñen por cercanía moi preto, poden ir falar con eles cando queiran. E, cando queiran facer algunha pregunta, teñen as distintas comisións constituídas onde se dá conta das distintas actuacións. Señor Ameijide, por favor, imos proceder... Non, non mentín nada, díxenlle onde están os técnicos e que teñen opción e teñen vostedes opción a... Si, buscando os titulares coma sempre, porque cando queren aclarar algunha cuestión saben onde facela. Pois imos proceder a votar esta proposta.

SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

11/151 SOLICITUDE DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 350/2021 DE REXISTRO DE PLENO, DE COMPARECENCIA EN PLENO DO CONCELLEIRO DELEGADO DE XUVENTUDE E DEPORTES, DON

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3655669572924672944.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-11-2021

MAURICIO VITORIO REPETTO MORBAN, PARA EXPLICAR AS XESTIÓNS REALIZADAS RESPECTO Á HOMOLOGACIÓN DO PAVILLÓN DE O PALOMAR (Exp. 2021/G004/000928).- Vista a devandita solicitude, subscrita polo Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, número 350/2021 de Rexistro de Pleno, do seguinte teor:

“Tras acudir a consultar un expediente o pasado 24 de setembro ao servizo de deportes, e negarse o acceso a un documento do mesmo, o Grupo Municipal do PP solicita a COMPARECENCIA do concelleiro de deportes, D. Mauricio Repetto, para dar conta das xestións realizadas respecto a homologación do pavillón de O Palomar e da negación de acceso a un documento relevante dun expediente, privando á oposición dos medios precisos para levar a cabo a súa función de control e fiscalización do equipo de goberno.”

E, tendo en conta que, o procedemento a seguir é o que se indica de seguido:

A) O artigo 123.1.a) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como primeira competencia ou atribución do Pleno ‘o control e fiscalización dos órganos de Goberno’.

B) O artigo 109 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, dispón:

‘1. Os concelleiros e/ou concelleiras con responsabilidades de goberno - concelleiros delegados e/ou concelleiras delegadas incluídos- e os membros da Xunta de Goberno Local que non teñan a condición de concelleiro/a estarán obrigados a comparecer ante o Pleno, cando así o acorde este, co obxecto de responder ás preguntas concretas que se formulen no escrito de solicitude da comparecencia sobre a súa actuación.

2. Acordada polo Pleno a comparecencia mencionada na alínea anterior, o Presidente ou Presidenta incluírá o asunto na orde do día da próxima sesión ordinaria ou extraordinaria que vaia celebrar a Corporación, e notificaráselle ó interesado ou interesada o acordo adoptado e a data en que se celebrará a sesión en que deberá comparecer. Entre esta notificación e a celebración da sesión deberán transcorrer, polo menos, tres días.

3. Así mesmo, os cargos a que se refire o número 1 deste artigo poderán comparecer a petición propia, sen que sexa preciso, en tal suposto, que o Pleno o acorde previamente, debendo figurar a comparecencia na orde do día da convocatoria da sesión.’

C) Por outra banda o artigo 112 do referido regulamento establece o procedemento para o desenvolvemento destas comparecencias que será o que segue:

‘O desenvolvemento das comparecencias axustarase ós seguintes trámites:

a) Exposición oral do grupo político ou dun dos concelleiros ou concelleiras autores da iniciativa, por un tempo máximo de cinco minutos, co obxecto, exclusivamente, de precisar as razóns que motivan a comparecencia e formular as

preguntas en que se concreta aquela.

Nas comparecencias a petición propia omitirase este trámite.

b) Intervención do/da comparecente polo tempo que fixe o Presidente ou a Presidenta, que non poderá exceder de dez minutos.

c) Intervención dos/das representantes dos grupos políticos, por un tempo máximo de cinco minutos cada un, para fixar posicións, facer observacións ou formular preguntas.

d) Contestación do/da comparecente, por un tempo máximo de dez minutos.'

En conclusión, a comparecencia debe ser acordada polo Pleno, e nese caso, deberá ser incluída na orde do día da próxima sesión da Corporación."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- Votos a favor:	24	dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- Votos en contra:	0	
- Abstencións:	0	

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar a solicitude de comparecencia do Concelleiro Delegado de Deportes, DON MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, debendo incluírse este asunto na orde do día da vindeira sesión que celebre a Corporación Municipal.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao interesado, indicándolle que a data en que se celebrará a sesión en que deberá comparecer e significando que entre esta notificación e a celebración da sesión deberán transcorrer, polo menos, tres días.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

12/152 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 19 DE OUTUBRO DE 2021, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓN S (Exp. 2021/G004/000930).- Vista a

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3655669572924672944.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-11-2021

proposta da Alcaldesa Presidenta, do 9 de novembro de 2021, do teor literal seguinte:

“En conformidade co informe do Vicesecretario Municipal accidental, obrante no expediente, e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno DÁSELLE CONTA das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos seus Delegados e Delegadas, que obran no Servizo de Actas e Goberno dende o día 19 de outubro de 2021, coa numeración 8522/2021 a 9627/2021, na plataforma electrónica TECOL, recollidas no Libro único de resolucións correspondente ao ano 2021.”

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

TESOURERÍA

13/153 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2021.- Ao abeiro do artigo 4.4 da Lei 15/2010, de 05 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, **DÁSELLE CONTA** ao Pleno da Corporación do Informe de morosidade correspondente ao terceiro trimestre de 2021 emitido pola Tesoureira Municipal en data 28 de outubro de 2021 e que literalmente di:

«ASUNTO: INFORME DE MOROSIDADE DO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2021.

LEXISLACIÓN APLICABLE.

- *Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.*

- *Guía do Ministerio de Economía e Facenda de 23/03/2011 para a elaboración dos Informes trimestrais que as entidades locais deben remitir ó citado Ministerio, en cumprimento do artigo cuarto da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.*

- *Real Decreto-Lei 4/2013, de 22 de febreiro de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo de crecemento e da creación de emprego*



- *Real-Decreto Lei 8/2013, de 28 de xuño de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e de apoio a entidades locais con problemas financeiros.*
- *Lei 9/2017, de 08 de novembro, Lei de Contratos do sector público (LCAP).*
- *Lei 11/2013, de 26 de julio, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.*
- *Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da debeda comercial no sector público.*
- *Nota do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas para a aplicación da disposición transitoria décima da Lei 27/2013 de 27 de decembro de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local (LRSAL).*
- *Nota do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas de 15/01/2014 relativa á aplicación da disposición transitoria décima da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL).*
- *Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía do cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiación, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, modificado polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.*
- *Guía do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a cumplimentación da aplicación e o cálculo do período medio de pago das EELL, Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo.*

INFORME.

PRIMEIRO. *A Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira -LOEOESF-, na súa redacción dada pola Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, despois de dispor que as actuacións das Administracións Públicas están suxeitas ao principio de sustentabilidade financeira (art. 4 LOEOESF na súa redacción dada pola LO 6/2015), define esta como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ao establecido na Lei, na normativa sobre morosidade e na normativa europea. Enténdese que existe sustentabilidade da débeda comercial cando o período medio de pago aos provedores non supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade. Para ou cumprimento do principio de sustentabilidade financeira as operacións financeiras someteranse ao principio de prudencia financeira.*

O período medio de pago definido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, mide o retraso no pago da debeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 08 de

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3655669572924672944.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-11-2021

novembro, Lei de Contratos do Sector Público, e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Durante o tempo de vixencia do Real Decreto 634/2014 xurdiron dúbidas sobre a súa compatibilidade coa Directiva 2011/7/UE, de 16 de febreiro de 2011, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como coa Lei 3/2004, de 29 de decembro.

Neste senso, a modificación efectuada polo Real Decreto 1040/2017 de 22 de decembro, aclara a diferenza entre o concepto do período medio de pago a provedores ao que se refire a LO 2/2012, e o prazo máximo de pago a provedores ao que se refire a normativa en materia de morosidade. O primeiro é o intervalo temporal no que cada administración debedora debe facer fronte ás débedas cos seus provedores computado como prazo medio, cuxo incumprimento da lugar á adopción das medidas previstas na LO 2/2012 para o aseguramento de parte do pago. Polo contrario, o segundo constitúe un intervalo de tempo suxeito a precisas regras de cálculo cuxo incumprimento provoca o debeño automático de xuros da débeda impagada.

Coa entrada en vigor do Real Decreto 1040/2017 de 22 de decembro, prodúcese unha modificación na metodoloxía do cálculo do Período Medio de Pago, xa que o cómputo realízase desde a aprobación dos documentos de conformidade das facturas incluídas no mesmo. Elo implica que o PMP xa non pode ser negativo e que non poida ser obxecto de comparación en termos homoxéneos cos calculados ata o mes de abril de 2018, o que sí pode seguir a facerse coas cifras de morosidade, se ben, o límite máximo segue situado en 30 días.

Para o cálculo do período medio de pago a provedores téñense en conta as facturas expedidas desde o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, e as certificacións mensuais de obra aprobadas a partir da mesma data.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagadas con cargo ó Fondo para a Financiación dos Pagos a Proveedores. Así mesmo, quedan excluídas as propostas de pago que sexan obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados polos órganos xudiciais ou administrativos.

SEGUNDO. O artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, respecto da Administración Local, dispón que

«3. Os Tesoureiros ou, na súa falta, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigacións de cada Entidade local, que incluírá

necesariamente o número e contía global das obrigacións pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

4. Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, devandito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes».

TERCEIRO. Os datos, obtidos do aplicativo da contabilidade municipal a 30 de setembro de 2021, e rendidos na Oficina Virtual de Coordinación coas Entidades Locais do Ministerio de Hacienda y Función Pública son os seguintes:

1. Obrigas pagadas en prazo.

No terceiro trimestre do ano 2021 realizouse o pagamento de 1.111 facturas, ascendendo o importe global das mesmas a 12.602.021,84 euros. De ditas facturas, 794 foron pagadas dentro do prazo establecido. O importe total das facturas pagadas en prazo ascendeu a 10.345.131,75 euros.

O número de facturas pagadas en prazo supón o 71,47% do total de facturas, e o importe pagado en prazo supón o 82,09% do total pagado.

2. Obrigas pagadas fora prazo.

No terceiro trimestre do ano 2021 realizouse o pagamento de 1.111 facturas, ascendendo o importe global das mesmas a 12.602.021,84 euros. De ditas facturas, 317 foron pagadas fora do prazo anteriormente reflectido. O importe total das facturas pagadas fora de prazo ascendeu a 2.256.890,09 euros.

O número de facturas pagadas fóra de prazo supón o 28,53% do total de facturas, e o importe pagado fóra prazo supón o 17,91% do total pagado.

3. Período medio de pago.

*O período medio de pago (PMPE) é de **46,55 días**.*

4. Facturas pendentes de pagamento ao final do trimestre.

Do total de facturas quedaron pendentes de pagamento a 30 de setembro de 2021 1.048, que representan un importe global total de 10.469.908,56 euros.

Das anteditas facturas, 568, 7.094.008,61 euros estarían pendentes de pagamento pero aínda dentro do prazo legalmente previsto para poder efectualo. As 480 restantes, 3.375.899,95 euros, incumprirían o prazo legal de pagamento.

5. Período medio de pago pendente.

*O período medio de pago pendente (PMPP) é de **128,74 días**.*

6. Xuros de demora.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3655669572924672944.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-11-2021

Durante o terceiro trimestre de 2021 aboáronse xuros de demora por importe total de 0,00 euros.

7. Períodos medios de pago mensuais:

Os períodos de PMP incluídos son os seguintes:

Periodos de PMP incluídos	PMP (días)
Xullo 2021	7,24
Agosto 2021	12,09
Setembro 2021	7,75

CUARTO. De conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 4º da Lei 15/2010, sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, o presente informe remitiuse aos órganos competentes do Ministerio de Hacienda.

QUINTO. Os datos do terceiro trimestre 2021 reflicten o mantemento da mellora xa detectada no trimestres anteriores na reiterada situación de paralización na tramitación de facturas por parte dalgúns servizos que está a producir incumprimentos nos prazos de morosidade trimestrais.

Neste terceiro trimestre constátase un incremento do importe pagado dentro de prazo, así como unha diminución no importe e no número das facturas pagadas fóra de prazo.

O importe de facturas das compañías eléctricas historicamente **supón a maior parte do importe de facturas pendentes de pago**, tendo cando se lles presta conformidade nalgúns casos máis de 365 días de espera, e que de ser conformadas, deben aprobarse no Pleno Municipal mediante un recoñecemento extraxudicial de crédito **o que alonga todavía máis os seus prazos de pagamento**. Este importe tan alto destas facturas e por ese longo prazo de espera, está alterando a media do cálculo do período de pago da normativa de morosidade. En calquera caso, incluso as que non teñen un período tan longo de espera, téñeno da suficiente entidade como para alteralos datos de pago do resto das facturas municipais que conforman os distintos Servizos e que se están a tramitar con normalidade e dentro dos prazos legais salvo excepcións. A sinatura do novo contrato de subministración de enerxía eléctrica as instalacións municipais do Concello de Lugo permitiu acadar un lixeiro mellor control das facturas, así como unha melloría na xestión do procedemento de conformidade e tramitación das mesmas.

Tal e como se ven informando de forma reiterada desde o exercicio 2016, dos datos que constan na Contabilidade Municipal pódese apreciar que desde que as facturas son aprobadas polo órgano municipal competente e se realiza a toma de razón na contabilidade municipal (fase «P» contable) ata que a Tesourería realiza o seu pagamento **transcorren escasos días**, o que pon de manifesto **que NON EXISTE un problema de liquidez nin imposibilidade financeira ningunha para poder afrontar os pagamentos municipais. De feito, desde o cambio no cálculo do**

PMP pola entrada en vigor do Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, que pasa a medir os días que transcorren desde a aprobación das facturas ata o seu pago efectivo, o PMP do Concello de Lugo atópase por debaixo dos 30 días legalmente establecidos. Igualmente, os reducidos períodos medios de pago do Concello coaduxeron á mellora dos datos de morosidade, xa que apenas suman días aos de tramitación das facturas.

Así pois, os incumprimentos que se teñen producido en materia da normativa de morosidade están a reflectir unha deficiente e lenta xestión interna na tramitación administrativa das facturas pero en ningún caso un problema financeiro ou de liquidez para atender en prazo os pagamentos.

SEXTO. Tal e como xa se dixo en informes anteriores, o calendario fiscal fixado por esta Tesourería Municipal desde o ano 2012 reparte ao longo do exercicio económico tódolos padróns fiscais máis importantes en cuantía para garantir que durante todo o ano se produzan ingresos e evitar desequilibrios de liquidez na tesourería, ademais de repartir no tempo a carga tributaria para o contribuínte.

Finalmente, o Calendario e Orzamento de Tesourería realizado para a subministración de datos na Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais no terceiro trimestre de 2021 segue estimando que se garantiza a cobertura financeira e de liquidez das obrigas que se puideran aprobar e que se atopan pendentes.

Reitérase por tanto a necesidade de tramitar nos prazos establecidos na normativa de morosidade as facturas que están pendentes así como as que entren por rexistro de entrada para evitar incumprimentos e, sobre todo, o abono de xuros de demora aos contratistas, o que xera un prexuízo económico a esta entidade».

De todo o cal, a Excma. Corporación Municipal quedou informada para os oportunos efectos.

INTERVENCIÓN

14/154 DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN ECONÓMICA DO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2021.- En conformidade co previsto na Base 31 de Execución do Orzamento Xeral do exercicio 2021, remítese información ao Excmo. Concello Pleno, da situación económica do estado de execución orzamentaria correspondente ao terceiro trimestre do exercicio 2021, en base á información rendida ao Ministerio de Facenda e Función Pública mediante os formularios remitidos a través da plataforma OVEL, según anexo que obra no expediente.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3655669572924672944.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-11-2021

De todo o cal a Excma. Corporación municipal quedou informada para os oportunos efectos.

C) DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

A) PÉSAME POLO FALECEMENTO DE DON DARÍO XOÁN CABANAS YARES.-

O pasado 17 de novembro de 2021 faleceu don Darío Xohán Cabana Yares, escritor, académico da RAG e funcionario xubilado deste Concello dende o ano 1983.

En virtude do cal, o Excelentísimo Concello en Pleno ACORDA expresar a condolencia da Excma. Corporación Municipal polo falecemento de don DARÍO XOHÁN CABANA YARES e dar traslado deste acordo a súa familia.

INTERVENCÍONS

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Se ben xa mantivemos ou trasladamos as condolencias e o pesar desta Corporación por distintas vías e pola súa condición de persoeiro ilustre deste concello, queremos facelo tamén a través da sesión plenaria e que fora a Corporación Municipal a que lle traslade de forma unánime o pésame á familia e amigos, e coñecidos, que foi unha gran perda para a literatura, unha gran perda para a cidade e gran perda tamén para este Concello. Polo tanto, vai o noso pesar polo falecemento de don Darío Xohán Cabana.

B) DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CO MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA MULLER (Exp. 2021/G004/000978).-

No día de hoxe, 25 de novembro, no que conmemoramos o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, o Concello de Lugo quere manifestar a súa máis enérxica repulsa ante a violencia de xénero en todas as formas nas que se manifesta, ben se trate de agresións físicas e psicolóxicas ou de condutas que atentan contra a dignidade da muller provocando a súa discriminación. Constatamos con pesar a persistencia dunha lacra que é estrutural e que afecta á sociedade de forma xeneralizada.

A desigualdade entre homes e mulleres nas relacións de poder segue viva a pesar dos esforzos realizados no marco dos pactos institucionais e das mobilizacións sociais feitas dende movemento feminista ao longo das últimas décadas, polo que debemos manternos nun estado de alerta permanente ante os riscos, reais, de que se limiten dereitos á cidadanía, afectando especialmente ás mulleres. Necesítase unidade e firmeza contra os que negan unha realidade como é a existencia dunha

violencia contra as mulleres só por ser mulleres.

A violencia machista, que non respecta barreiras de idade, raza, cultura nin situación económica, supón unha violación cotiá dos dereitos humanos. As cifras de mortes en España resultan sen dúbida intolerables: 1.117 mulleres e 44 nenas e nenos asasinados desde o 2003, 66 en Galicia, comunidade na que só no primeiro trimestre deste ano contabilizou 1.434 denuncias. Tras cada cifra, hai una vítima, como Mónica, a última muller galega asasinada o pasado mes de setembro. Para todas elas, a nosa lembranza.

Estas cifras fannos cuestionar a nosa capacidade de funcionamento como sociedade desenvolvida e civilizada.

A pandemia da Covid-19 trouxo ao noso contexto actual unha importante crise sanitaria, social e económica que atravesa de forma moi intensa á realidade das mulleres, un dos sectores máis afectados da nosa sociedade. É evidente que neste contexto, aínda que invisibilizada, a violencia machista continuou connosco. Segundo a memoria anual do ano 2020 da Fiscalía Superior de Galicia, o nivel de convivencia que a situación xerou, sen nengunha dúbida, supuxo un aumento que as cifras derivadas que a fría estadística non reflicten e que aparecerá seguramente nun futuro non moi afastado ao atoparse actualmente soterrada.

Tamén temos que lembrar ás mulleres que sofren calquera tipo de maltrato, especialmente ás máis vulnerables, como as vítimas das guerras, as vítimas da trata e da explotación sexual, as menores de idade, as de idade avanzada ou as que sofren discapacidade. Vítimas de calquera violencia: física, sexual, económica, psicolóxica, vicaria ou dixital.

Ao lado do horror explícito destas realidades, queremos subliñar a gravidade do feito de que existen outras moitas formas de violencia machista invisibilizadas e mesmo normalizadas. Somos conscientes das dificultades dos instrumentos legislativos para acabar co que non se detecta ou co que se ten asimilado coma un feito natural.

Coas novas canles de comunicación e socialización, por outra banda, xurden tamén novas formas de violencia, en concreto a ciberviolencia, que tanto dano está a facer con especial dureza na nosa mocidade. Non podemos baixar a garda e cómpre afondar neste eido para evitar retrocesos nos logros adquiridos ata agora na igualdade entre homes e mulleres.

Por iso, cómpre que a abordaxe ao problema que se faga desde as institucións pase tamén pola educación nos valores de respecto e igualdade nas familias, como sociedade e dentro das aulas, pero tamén pola atenta vixilancia do ocio que consumen as e os máis novos.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refª: ispac3655669572924672944.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-11-2021

Porén, no día de hoxe recoñecemos que, debido a que o camiño que queda por percorrer en materia de igualdade de xénero é aínda longo, é clave acadar o consenso das forzas políticas nas distintas institucións na loita pola igualdade, co compromiso de traballar xuntos para conseguila deixando aparte diferenzas ideolóxicas e matices nas percepcións particulares. Somos as institucións as que, a título colectivo pero tamén individual de cada unha das persoas que as integramos, as que primeiro debemos dar exemplo nesta loita contra todas as violencias machistas.

É imprescindible, así mesmo, a coordinación entre institucións e colectivos, co fin de lograr unha resposta máis rápida e eficaz a todos os niveis, afondando en piares básicos como a concienciación, a formación, a información e a repreensión social.

Por todo isto, xunto coa expresión da nosa máis fonda dor pola situación que sofren tantas mulleres vítimas e as súas familias, manifestamos o compromiso de traballar no fomento da igualdade e por un Lugo libre de violencias machistas.

INTERVENCIÓNS

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois o destino quixo que hoxe se celebrara a sesión plenaria ordinaria no 25N, xa tivemos de inicio ese recordo ás vítimas e familiares, e trasladar tamén nesa declaración institucional o noso rexeitamento a todo tipo de violencia a tolerancia cero deste Concello, como temos xa manifestado, e hoxe facémolo de forma expresa como 25 de novembro, pero facémolo e trasladámolo aos 365 días do ano.

ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 383/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA AMPLIACIÓN DO VIAL DE SANTOÍÑO (PIUGOS).- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

Dª. Herminia Vilar Abel, titular do inmovible situado na parcela de ref. catastral 27900A127012450001DT no lugar de Santoíño, pon a disposición do Concello de Lugo dita edificación para que se proceda ao seu derribo co obxectivo de ampliar o vial contiguo e favorecer o tránsito de vehículos.

Por todo elo, o Grupo Municipal do Partido Popular, a petición desta veciña, roga:

Que o equipo de goberno adopte as medidas oportunas para que se faga efectiva a cesión gratuíta do inmovible indicado para os fins manifestados, e posteriormente acometa os traballos e obras necesarias para a eliminación deste tapón urbanístico e o ensanche da calzada.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Quere facer uso, si?

- **MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ:** Moi brevemente. Isto é un rogo en positivo, é un rogo que sae a raíz de representantes deste grupo municipal reunirmos cos veciños de Santoiño e eles ofrecéronnos solucionar un problema que hai aquí nesta parroquia, que hai unha curva moi cerrada e que impide ou limita o tránsito de camións grandes e incluso de maquinaria agrícola; recordemos que hoxe as máquinas cada día son máis grandes teñen maior volume. Con isto melloraríamos tremendamente os accesos para esa parroquia porque quedaría un espazo diáfano e amplo por onde pasaría calquera tipo de vehículo, e á parte sería a custo cero, el cédenolo e así o manifesta nun escrito que presentou neste Concello se mal non recordo o día 19 facendo unha cesión gratuíta para que se ampliara esa pista. Xa digo é unha cesión gratuíta que nos custaría en diñeiro 0 €. E esperemos que isto non caia en saco roto e non pase igual que no Miño Rato que no último Pleno votaron vostedes que non...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** ... Para motivar o rogo non para abrir novo debate.

- **MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ:** Non, non, non, non é novo debate. Digo que votaron en contra no último..., pero bueno aquí non hai que votar, a ver se así se leva a cabo, porque sei que a vostedes votar co Partido Popular lles causa sarpullido...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Está motivado xa ese rogo e por parte do Goberno, señor Fernández.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Si, moitas grazas, alcaldesa. O señor López levado, quero crer, que polo seu afán de ser útil e propositivo e non de gañarse un tanto "quita p'allá", esquecéuselle un pequeno detalle, e é preguntar primeiro se é posible iso que piden, vale? Ou polo menos tratar de informarse, porque aquí o que solicita é que o equipo de Goberno adopte as medidas oportunas para que se faga efectiva a cesión gratuíta de inmovible e acometa os traballos. Home, primeiro haberá que ver se é factible tecnicamente, orzamentariamente, urbanisticamente, etcétera. A redacción correcta sería algo así como que o equipo de goberno estude a viabilidade do proxecto porque, despois, e por favor déixeme continuar, atopámonos con dificultades.

En primeiro lugar, de tipo legal porque, mire, a Lei do patrimonio de entidades locais no artigo 12 apartado 1 e 2 di: "La adquisición de bienes a título gratuito no estará

sujeta a restricción alguna. No obstante, si la adquisición llevare aneja alguna condición o modalidade onerosa, solo podrán aceptarse los bienes previo expediente en el que se acredite que el valor del gravamen impuesto no excede del valor de lo que se adquiere". E remata: "En resumen, las adquisiciones a título gratuito se pueden aceptar sin límite alguno, pero cuando lleva aparejada condición o modo debe acreditarse que estas no convierten en realidad la adquisición en onerosa para la Corporación a fin de evitar que a cuenta 'del regalo' se adquieran mayores obligaciones que beneficios". E aquí o que se trata é, se me permiten, de que nos ceden unha edificación de 37 m e nós deberíamos elaborar o estudo, facer o proxecto, executar a demolición, ampliar a estrada, etcétera. Oneroso? Non o sei, desde logo a custo cero como vostede dixo non é.

Segundo lugar, e ademais importante: temos problemas de tipo urbanístico, porque esta é unha edificación do ano 40 e, polo tanto, é unha vivenda tradicional, con tipoloxía tradicional protexida, etcétera, e a Lei do solo de Galicia impide a demolición deste tipo de edificacións. E os técnicos din nunha primeira aproximación, a falta de posteriores estudos, que é practicamente imposible a demolición, precisamente porque a lei prima a rehabilitación fronte á demolición.

Terceiro lugar, tamén importante: temos unha aliñación marcada polo plan xeral que debemos respectar. Polo tanto, aínda no caso de que fora viable, resulta que o que iamos gañar ao viario público era practicamente insignificante.

Aínda así, estudarémolo, non lle dicimos que non. Iso si, pídlle que lle traslade fehacientemente a quen corresponda que hai unha serie de limitacións, porque neste caso non se trata de falta de vontade política.

Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 384/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE IMPLANTEN PRAZAS DE APARCAMENTO E CARGA E DESCARGA NA RÚA MONTEVIDEO E BOLAÑO RIVADENEIRA.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

Os recentes cambios na ordenación do tráfico, a peonalización da rúa Quiroga Ballesteros e a reestructuración das liñas de transporte urbano de pasaxeiros causaron unha diminución importante no tráfico rodado das rúas Montevideo e Bolaño Rivadeneira, rúas nas que existe un carril BUS, que tamén ve moi reducidas as liñas que fan uso do mesmo.

Por todo elo, o Grupo Municipal do Partido Popular, a petición da Asociación de distribuidores da provincia de Lugo, roga:

Que o equipo de goberno adopte as medidas oportunas para que se elimine o carril BUS e no seu lugar se establezcan prazas de aparcamento e de carga e descarga, de xeito que estas podan dar servicio a zonas como Rúa Nova, Praza sa Soidade, Rúa San Marcos, Praza do Ferrol, Quiroga Ballesteros, etc.

DELIBERACIÓN



- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Gracias, alcaldesa. Voy a aprovechar esos 13 minutos que me sobraron de antes.

Vamos a ver, como todos sabemos, Lugo uno de los principales problemas que tiene en el casco histórico es, por un lado, la falta de aparcamiento para acceder a los comercios y a los negocios, y a la hostelería y demás; y, por otro, también el problema al que se enfrenta la carga y descarga en el casco histórico: solo tienen cuatro puntos para la carga y descarga, el horario es hasta las 11, en el momento en que entren en funcionamiento las cámaras además será todavía más restrictivo, y por ello se ve necesario ampliar esos puntos, como digo, tanto de aparcamiento como de carga y descarga.

Además, en la calle Montevideo los cambios de tráfico en Quiroga Ballesteros, los cambios de las venidas de autobuses y demás redujeron muchísimo la intensidad de tráfico. Es decir, apenas pasan vehículos en relación a lo que pasaba antes por esa vía, y por eso con esa intensidad de tráfico mucho más baja nos lleva a proponer una solución que hemos consensuado y que hemos hablado con hosteleros, con Asociación de Transportistas y con la Federación de Comercio para proponer la eliminación de ese carril bus que realmente ya no funciona a partir de las 6 de la tarde. Si no, simplemente sería hacerlo extensible a lo largo de todas las horas del día y poder ganar allí unas 30 plazas de carga y descarga aproximadamente y otras más o menos 30 plazas de estacionamiento manteniendo las paradas de autobús pertinentes.

Yo creo que es una propuesta de sentido común, yo creo que absolutamente constructiva y que se puede hacer mientras no haya que hacer otro tipo de intervenciones en esa calle y además a coste ínfimo para el Ayuntamiento porque simplemente se trataría de una señalización horizontal y señalización vertical. Tiene bastante facilidad.

Entonces pedimos que se tome en consideración esto, como digo, avalado por estos sectores y yo creo que podría ser un empujón y una ayuda para el sector del comercio y la hostelería del centro, que necesitan esa carga y descarga y necesitan también más plazas de aparcamiento, así que pedimos de verdad que se tome en consideración.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. En primeiro lugar, dicir que o horario das 11 da mañá de momento é unha proposta, aprobouse na Comisión inicialmente na Comisión de Tráfico a expensas de ratificalo, pero en todo caso que non entraría en vigor ata entrar xa o control de acceso ás cámaras; polo tanto segue sendo ás 12 do mediodía o mesmo horario que había con anterioridade. A pretensión é adiantalo pero que o tempo de horas sexa o mesmo.

E creo que é un rogo extemporáneo no sentido de... Bueno, non sei se o termo ao mellor é extemporáneo, pero tendo en conta que temos xa solicitados os fondos Next Generation a peatonalización de todo o casco histórico e polo tanto será toda zona peatonal, onde se establecerán novos puntos de carga e descarga, xa se están establecendo novos puntos de carga e descarga atendendo á situación de mobilidade do propio casco histórico, tanto polo tema de accesos, polos itinerarios

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refª: ispac3655669572924672944.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-11-2021

dentro do casco, e tamén os horarios de carga e descarga. E polo tanto terase todo iso en conta e, unha vez peatonalizado todo o casco histórico poñeranse novos puntos de acceso. En todo caso, teremos en conta as necesidades, como estamos a ter que nos van trasladando os distintos afectados polo tema.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excma. Sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as doce horas e corenta minutos do expresado día vinte e cinco de novembro de dous mil vinte e un, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ó Libro de Actas, autorizándoa coas sinaturas da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, e do Secretario. De todo o cal, eu, don Justo Díaz Rodríguez, o Vicesecretario da Corporación, dou fe.